**Número 11 - Ano 2025**

# ACTA

**da sesión Ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**30 de outubro de 2025**

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e seis minutos do día trinta de outubro de dous mil vinte e cinco; baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementos Migratorios; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión Ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Non asiste DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, que xustifica a súa ausencia. Incorporase á sesión, unha vez se produce a súa toma de posesión como concelleira deste Concello (punto 2/143 da orde do día) DONA MARÍA REIGOSA CASTRO

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

Firmado por: ***393*** - MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (FECHA: 2025-11-24 12:46:45.00) , ***243*** - ANA MARIA RIVAS GARCIA (FECHA: 2025-11-24 11:32:57.00)
CVD: kGWTTupGiEXMUJFvn/G8
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



MURALLA
patrimonio da humanidade

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 27 de outubro de 2025 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/142 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE ÁS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 23 DE SETEMBRO (EXTRAORDINARIA) E 29 DE SETEMBRO (ORDINARIA) DE 2025.

2/143 TOMA DE POSESIÓN DE DONA MARÍA REIGOSA CASTRO COMO CONCELLEIRA DESTA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL.

**A) <u>PARTE RESOLUTIVA</u>**

**FACENDA LOCAL**

3/144 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL POR CONCORRER CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS, CULTURAIS, HISTÓRICO ARTÍSTICAS OU DE FOMENTO DE EMPREGO PARA AS REFERENCIAS CATASTRAIS NAS QUE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO, PRESENTADA POR FAUSTINO FERNÁNDEZ CASTRO.

4/145 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE CONSERVACIÓN DA MURALLA ROMANA DE LUGO 2025/2026, PRESENTADA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA.

5/146 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO, PRESENTADA POR DON MANUEL NEIRA LÓPEZ.

6/147 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO, PRESENTADA POR DONA JOSEFA FERREIRO SEGADE.

**INTERVENCIÓN**

7/148 PROPOSTA DE APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL NÚMERO 10-2025. REPAROS 64, 65, 69 E 74.

8/149 PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE O SUPLEMENTO DE CRÉDITO - CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2/2025.

9/150 PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE 24 E) SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS XUVENTUDE.

10/151 PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA BASE 18.O) DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL

**TESOURERÍA**

11/152 PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL EXERCICIO 2024

**PROPOSICIÓNS**

12/153 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 309/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE DOTE DE PROFESIONAIS DE PEDIATRÍA FORMADOS EN DIABETES INFANTIL AO HOSPITAL LUCUS AUGUSTI DE LUGO (Exp. 2025/G004/000620).

13/154 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 311/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR UNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE O ACCIDENTE ACONTECIDO O DÍA 5 DE OUTUBRO, DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN (Exp. 2025/G004/000623).

14/155 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 312/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A SOLICITUDE DE MELLORAS NA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MILAGROSA (TRAMO ENTRE RÚA MALLORCA E RÚA XULIA MINGUILLÓN) (Exp. 2025/G004/000624).

15/156 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 313/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DAS CONDICIÓNS DA RÚA PAULO FABIO MÁXIMO (Exp. 2025/G004/000625).

16/157 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 314/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A APROBACIÓN DUN PLAN DE REEQUILIBRIO PARA O BARRIO DE RECATELO, EN ATENCIÓN ÁS ESPECIALIDADES DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN, O BOTELLÓN E O MANTEMENTO DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO (Exp. 2025/G004/000626).

**MOBILIDADE URBANA E SANCIÓNS**

17/158 ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AUTOTAXIS: CORRECCIÓN DE ERRO PRODUCIDO NO ACORDO DE DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA.

**B) <u>PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL</u>**

**TESOURERÍA**

18/159 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE SETEMBRO 2025.

**ACTAS E GOBERNO**

19/160 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000605).

**C) <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>**

**ROGOS:**

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 285/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL A ACOMETER TAREFAS DE MANTEMENTO NA ESTRADA LU-P-2906, E PARA QUE O CONCELLO DE LUGO SEXA MÁIS DILIXENTE NO RECLAMO DO MANTEMENTO DA REDE VIARIA PROVINCIAL.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 315/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ATENDAN AS DEMANDAS VECIÑAIS DO BARRIO DE BUROZOS E SE PROCEDA AO ARRANXO DA RÚA FONMIÑÁ.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 316/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ESTABLEZA UN PLAN ENCAMIÑADO Á REHABILITACIÓN, ADECENTAMENTO E MELLORA DA SEGURIDADE DA ZONA DO EDIFICIO DA ANTIGA DISCOTECA "VALENTINO", NA RÚA PINTOR CORREDOIRA.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 317/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE Á ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO AO MANTEMENTO DO SISTEMA DE DRENAXE NA ESTRADA N-540 E

AO CONCELLO DE LUGO QUE MANTEÑA LIMPAS AS CUNETAS DA VÍA MUNICIPAL QUE DESEMBOCA NESA ESTRADA, CONCRETAMENTE NO PUNTO QUILOMÉTRICO 8.800.

**PREGUNTAS:**

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 318/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ARRANXO DA PISTA DO TAGARRO, NA PARROQUIA DE SANTALLA DE LAMAS.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 319/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA CESIÓN DO ESPAZO SOLICITADO NA PRAZA DE ABASTOS A PETICIÓN DO CEIP BENIGNO QUIROGA BALLESTEROS.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 320/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DUN CONVENIO PROPIO PARA OS/AS TRABALLADORES/AS QUE PRESTAN SERVIZOS NA LIMPEZA DE CENTROS, DEPENDENCIAS E CEIPS DO CONCELLO.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 321/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ABOAMENTO DO CONVENIO DO ANO 2024 COA ASOCIACIÓN PROTECTORA DE GATOS DA RÚA MICHOS DE LUGO.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/142 **APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE ÁS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 23 DE SETEMBRO (EXTRAORDINARIA) E 29 DE SETEMBRO (ORDINARIA) DE 2025.-** Vista a proposta da secretaria xeral do Pleno, do 17 de outubro de 2025, do seguinte teor literal:

"O pasado mes de setembro, o Excmo. Concello Pleno celebrou dúas sesións, unha sesión extraordinaria, a solicitude do Grupo Municipal do Partido Popular, levada a cabo o día 23, e a sesión ordinaria correspondente ao citado mes realizada o día 29.

De ámbalas dúas sesións levantouse a correspondente acta, que unha vez incorporadas as intervencións nelas producidas foron asinadas pola secretaria xeral do Pleno e polo alcalde presidente da Corporación.

Por todo o exposto, proponse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR as actas correspondentes ás seguintes sesións do Excmo. Concello Pleno:

- Sesión extraordinaria celebrada o 23 de setembro de 2025.

- Sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2025."

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 23

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 23 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** APROBAR as actas correspondentes ás seguintes sesións do Excmo. Concello Pleno:

- Sesión extraordinaria celebrada o 23 de setembro de 2025.
- Sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2025.

2/143 **TOMA DE POSESIÓN DE DONA MARÍA REIGOSA CASTRO COMO CONCELLEIRA DESTA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL. (Exp. 2025/G004/000602).**

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Ben, efectivamente, logo do desgraciado falecemento de don Ángel Pablo Permuy Villanueva, esta Corporación procedeu a solicitude da credencial que foi expedida pola Xunta Electoral Central de concelleiro electo ou concelleira electa correspondente segundo as listas do PSdG-PSOE nas derradeiras eleccións municipais, resultando expedida dita acta en favor de dona María Reigosa Castro. Para a adquisición da condición de concelleira é necesario que a concelleira electa presente a documentación que vén establecida no artigo 75 da Lei reguladora de bases de réxime local, a lei 7/1985, de 2 de abril, e que consiste basicamente nas declaracións de causa sobre posible incompatibilidade sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración de bens, resultando que a concelleira electa, dona María, formulou a dita declaración, polo tanto, e conforme ao artigo 108 da lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, Lei orgánica de réxime electoral xeral, soamente queda a toma de posesión para que adquira a plena condición de concelleira.

Antes da toma de posesión, non obstante, debe formular xuramento ou promesa, segundo a fórmula contida no decreto 707/1979, de 5 de abril. Por iso e con esta finalidade de que preste xuramento ou promesa prego, por favor, a dona María Reigosa Castro que se achegue á Mesa da Presidencia e que responda, segundo teña por conveniente, perante a Constitución española, á pregunta que lle vou formular:
Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Excelentísimo Concello de Lugo con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

DONA MARÍA REIGOSA CASTRO: Prometo.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Moi ben, formulada esta promesa, agora, o Sr. alcalde presidente pasará a impoñerlle a medalla da Corporación e a facerlle entrega da insignia corporativa, pasando despois a ocupar o lugar que lle corresponde na bancada dos concelleiros do PSdG-PSOE.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, dámoslle a benvida á compañeira, desexámoslle toda a sorte do mundo, que será a sorte desta casa e deste Concello.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### FACENDA LOCAL

3/144 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL POR CONCORRER CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS, CULTURAIS, HISTÓRICO ARTÍSTICAS OU DE FOMENTO DE EMPREGO PARA AS REFERENCIAS CATASTRAIS NAS QUE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO, PRESENTADA POR FAUSTINO FERNÁNDEZ CASTRO.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DO ÁREA DE COHESIÓN TERRITORIAL EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DO ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE, do 22 de setembro de 2025, do seguinte teor literal:

"Visto escrito do 26/06/2025 rexistrado de entrada neste concello co número 202500000029938 presentada por FAUSTINO FERNÁNDEZ CASTRO co NIF 33334188N no que solicita a bonificación correspondente na cota do IBI dos bens inmobles de referencias catastrales 27900A346000020000UX, sito en Polígono 346 Parcela 2 AIRA RIBA. LUGO [LUGO] e 27900A348002770000UJ sito en LG

QUINTIAN [SANTA MARIA DE 277[P] Polígono 348 Parcela 277 ZARRA. 27192 LUGO [LUGO] alegando estar referidos a actividades económicas agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario.

Xunto coa súa solicitude achega o certificado de explotación agraria expedido polo Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural de data 10/09/2025, segundo cal a explotación agraria con código REAGA G2702800501 da que é titular FAUSTINO FERNÁNDEZ CASTRO co NIF 33334188N, sita no lugar de MUXA do concello de LUGO figura de alta no REAGA desde o 01/01/1995 ata a actualidade.

O Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, sinala no seu artigo 60 que "O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos nesta lei".

Pola súa banda, o artigo 77.5 do mesmo texto legal dispón que "O Imposto xestiónase a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados para os efectos pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación de inmobles de uso residencial desocupados. O dito padrón, que se formará anualmente para cada termo municipal, conterá a información relativa aos bens inmobles, separadamente para os de cada clase e será remitido ás entidades xestoras do imposto antes do 1 de marzo de cada ano".

O artigo 74 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido la lei reguladora das facendas locais en canto a bonificacións potestativas sinala no apartado 2 quáter: "Os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá esta declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros".

Neste senso a Ordenanza Fiscal 203 do Excelentísimo Concello de Lugo, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, contempla no seu artigo 5.6 a bonificación do 95% da cota íntegra do imposto durante tres anos, para "...aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa

solicitude do suxeito pasivo, sempre que se acredite que o ben inmoble figura afecto a unha explotación agrícola ou gandeira explotada directamente polo suxeito pasivo ou por un terceiro que o poda acreditar por calquera título xurdindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude. Para a súa concesión, deberá aportar a seguinte documentación:

- Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- De ser necesario, título acreditativo da explotación por un terceiro da actividade agrícola ou gandeira no ben inmoble obxecto da bonificación.
- Referencia catastral do inmoble onde se exerce a explotación agrícola ou gandeira…"

Visto o informe de Facenda Local de data 17/09/2025, segundo o cal a solicitude presentada por Faustino Fernández Castro cumpre os requisitos esixidos no disposto no artigo 5.6 da Ordenanza Fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles, e dentro das potestades que a Lei outorga aos concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Declarar de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para as referencias catastrais detalladas deseguido nas que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario en base ás argumentacións recollidas no informe de Facenda Local que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación, segundo segue:

| Referencia catastral | Localización | Titular | NIF |
|---|---|---|---|
| 27900A346000020000UX | Polígono 346 Parcela 2 AIRA RIBA. LUGO [LUGO] | FAUSTINO FERNANDEZ CASTRO | 33334188N |
| 27900A348002770000UJ | LG QUINTIAN \|SANTA MARIA DE 277[P] Polígono 348 Parcela 277 ZARRA. 27192 LUGO [LUGO] | FAUSTINO FERNANDEZ CASTRO | 33334188N" |

2.- <u>DITAME FAVORABLE da COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE XESTIÓN DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE</u>, emitido na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24
- **Votos a favor**: 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido

Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

Declarar de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para as referencias catastrais detalladas deseguido nas que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario en base ás argumentacións recollidas no informe de Facenda Local que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación, segundo segue:

| **Referencia catastral** | **Localización** | **Titular** | **NIF** |
|---|---|---|---|
| 27900A346000020000UX | Polígono 346 Parcela 2 AIRA RIBA. LUGO [LUGO] | FAUSTINO FERNÁNDEZ CASTRO | 33334188N |
| 27900A348002770000UJ | LG QUINTIAN [SANTA MARÍA DE 277[P] Polígono 348 Parcela 277 ZARRA. 27192 LUGO [LUGO] | FAUSTINO FERNÁNDEZ CASTRO | 33334188N" |

4/145 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE CONSERVACIÓN DA MURALLA ROMANA DE LUGO 2025/2026, PRESENTADA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DO ÁREA DE COHESIÓN TERRITORIAL EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DO ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE, do 20 de outubro de 2025, do seguinte teor literal:

**"ANTECEDENTES:**

Con data 20.08.2025, a XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (CIF S1511001H) presenta licenza urbanística para traballos de conservación da Muralla Romana de Lugo 2025-2026.
Na devandita solicitude, o interesado indica o seguinte:

"*Tamén, para o caso de que estea regulado na Ordenanza fiscal dese concello e proceda a súa aplicación, solicito a concesión dunha bonificación sobre a cota do*

*Imposto de Construcción, Instalacións e Obras (ICIO) ao abeiro do establecido non artigo 103.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais:*
*As ordenanzas fiscais poderán regular sobre a cota do imposto unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.*" (exp. 2025/Y001/000222).

Por acordo da Xunta de Goberno Local núm. 2/353 de data de 03.09.2025, acórdase outorgar a licenza urbanística para traballos de conservación da Muralla Romana de Lugo 2025-2026, con referencia catastral 7630501PH1673S0001JX, consistentes en control da flora vascular nas paredes, tratamento con bioherbicidas, limpeza da pedra e retirada de vexetación, control da fauna, mantemento da instalación eléctrica e de iluminación, mantemento xeral de elementos construtivos e outras instalación, restauración e estudo de costras e sales; solicitada pola XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (CIF S1511001H) (exp. 2025/G004/000498).

Como parte integrante do devandito acordo, apróbase a liquidación provisional correspondente ao concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e polo imposto sobre construcións, instalacións e obras, de acordo co seguinte detalle:

| CIF | SUXEITO PASIVO | CONCEPTO TRIBUTARIO | BASE IMPOÑIBLE | TIPO GRAVAME | COTA TRIBUTARIA | COTA AUTOLIQUIDADA | DIFERENZA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S15110*** | CONSELLERIA DE CULTURA E TURISMO | TAXA LICENZA URBANISTICA | 708.531,57 € | 1% | 7.085,32 € | 0 € | 7.085,32 € |
| S15110*** | CONSELLERIA DE CULTURA E TURISMO | ICIO | 708.531,57 € | 3% | 21.255,95 € | 0 € | 21.255,95 € |
| | | | | | **28.341,27 €** | **0 €** | **28.341,27 €** |

O acordo da Xunta de Goberno Local núm. 2/353 foi notificado á XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (CIF S1511001H), en data de 25.09.2025, non constando o seu pagamento.

Con data de 23.09.2025, a XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (CIF S1511001H), presenta escrito solicitando a declaración de interese público das obras para a bonificación do 50 % da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e polo imposto sobre construcións, instalacións e obras para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago. No devandito escrito, o interesado indica o seguinte:

*"SOLICITO dese Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou utilidade pública para as obras de referencia.*

*A zona de influencia do Camiño Primitivo de Santiago no total da muralla supón un 30,86% da súa lonxitude; do mesmo xeito a Domus de Mitreo atópase no seu 100% dentro deste ámbito (ver o plano que se achega).*
*O importe do Presuposto de Execución Material (PEM) bonificable das obras recollidas no PBE, en función das porcentaxes indicadas no parágrafo anterior, ascende á cantidade de 226.798,41 € (ver o desglose que se achega).”* (exp. 2025/T028/001433).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular “a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

Ao amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.11 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, vixente no exercicio 2025, establece:

*“Establécese unha bonificación do 50 por cento da cota do Imposto para obras de construción e rehabilitación realizadas en inmobles sitos dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.*
*Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.*
*Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude de licencia de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.*
*A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple.”*

Visto o informe de Facenda Local de data 10.10.2025 segundo o que:

1) A XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (CIF S1511001H) solicita a declaración de especial interese e a bonificación do 50 por cento para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago, consistentes en traballos de conservación da Muralla Romana de Lugo 2025-2026.

2) A solicitude cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.11 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras,

correspondendo ao Pleno por maioría simple a declaración de especial interese municipal.

E dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**ESTIMAR** a solicitude presentada pola XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (CIF S1511001H), procedendo a declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística parte da obra para traballos de conservación da Muralla Romana de Lugo 2025-2026, e a totalidade da obra na Domus de Mitreo (a valoración conxunta das obras a realizar na área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago ascende, segundo o interesado, á cantidade de 226.798,41 €), en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación."

2.- DITAME FAVORABLE da COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE XESTIÓN DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE, emitido na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

**ESTIMAR** a solicitude presentada pola XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (CIF S1511001H), procedendo a declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística parte da obra para traballos de conservación da Muralla Romana de Lugo 2025-2026, e a totalidade da obra na Domus de Mitreo (a valoración conxunta das obras a realizar na área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago ascende, segundo o interesado, á cantidade de 226.798,41 €), en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

5/146 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO, PRESENTADA POR DON MANUEL NEIRA LÓPEZ.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DO ÁREA DE COHESIÓN TERRITORIAL EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DO ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE, do 16 de outubro de 2025.

"Visto escrito do 08/10/2025 rexistrado de entrada neste concello co número 202599900022842 presentada por MANUEL NEIRA LOPEZ co NIF 33336501W no que solicita a bonificación correspondente na cota do IBI dos bens inmobles de referencias catastrais 27900A141001740000SL, 27900A141001740001DB, 27900A141001730001DA e 27900A141001730000SP legando estar referidos a actividades económicas agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario.

Xunto coa súa solicitude achega o certificado de explotación agraria expedido polo Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural de data 02/10/2025, segundo cal a explotación agraria con código REAGA G2702803505 da que é titular MANUEL NEIRA LÓPEZ co NIF 33336501W, sita no lugar de SAN XOÁN DO CAMPO do concello de LUGO figura de alta no REAGA desde o 01/01/2006 ata a actualidade.

O Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, sinala no seu artigo 60 que "O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos nesta lei".

Pola súa banda, o artigo 77.5 do mesmo texto legal dispón que "O Imposto xestiónase a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados para os efectos pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación de inmobles de uso residencial desocupados. O dito padrón, que se formará anualmente para cada termo municipal, conterá a información relativa aos bens inmobles, separadamente para os de cada clase e será remitido ás entidades xestoras do imposto antes do 1 de marzo de cada ano".

O artigo 74 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido la lei reguladora das facendas locais en canto a bonificacións potestativas sinala no apartado 2 quáter: "Os concellos mediante ordenanza

poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá esta declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros".

Neste senso a Ordenanza Fiscal 203 do Excelentísimo Concello de Lugo, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, contempla no seu artigo 5.6 a bonificación do 95% da cota íntegra do imposto durante tres anos, para "...aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, sempre que se acredite que o ben inmoble figura afecto a unha explotación agrícola ou gandeira explotada directamente polo suxeito pasivo ou por un terceiro que o poda acreditar por calquera título xurdindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude. Para a súa concesión, deberá aportar a seguinte documentación:

- Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- De ser necesario, título acreditativo da explotación por un terceiro da actividade agrícola ou gandeira no ben inmoble obxecto da bonificación.
- Referencia catastral do inmoble onde se exerce a explotación agrícola ou gandeira…"

Visto o informe de Facenda Local de data 14/10/2025, segundo o cal a solicitude presentada por Manuel Neira López cumpre os requisitos esixidos no disposto no artigo 5.6 da Ordenanza Fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles, e dentro das potestades que a Lei outorga aos concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Declarar de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para as referencias catastrais detalladas deseguido nas que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario en base ás argumentacións recollidas no informe de Facenda Local que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación, segundo segue:

| Referencia catastral | Localización | Titular | NIF |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| 27900A141001740000SL | LG PACIOS [SAN XOÁN DO CAMPO Polígono 141 Parcela 174 CORTIÑA NOVA. 27182 LUGO [LUGO] | MANUEL NEIRA LÓPEZ | 33336501W |
| 27900A141001740001DB | LG PACIOS [SAN XOÁN DO CAMPO Polígono 141 Parcela 174 CORTIÑA NOVA. 27182 LUGO [LUGO] | MANUEL NEIRA LÓPEZ | 33336501W |
| 27900A141001730001DA | LG PACIOS [SAN XOÁN DO CAMPO Polígono 141 Parcela 173 CORTIÑA ARGONDE. 27182 LUGO [LUGO] | MANUEL NEIRA LÓPEZ | 33336501W |
| 27900A141001730000SP | LG PACIOS [SAN XOÁN DO CAMPO Polígono 141 Parcela 173 CORTIÑA ARGONDE. 27182 LUGO [LUGO] | MANUEL NEIRA LÓPEZ | 33336501W |

2.- DITAME FAVORABLE da COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE XESTIÓN DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE, emitido na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24
- **Votos a favor**: 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

Declarar de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para as referencias catastrais detalladas deseguido nas que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario, en base ás argumentacións recollidas no informe de Facenda Local que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación, segundo segue:

| Referencia catastral | Localización | Titular | NIF |
|---|---|---|---|
| 27900A141001740000SL | LG PACIOS [SAN XOÁN DO CAMPO Polígono 141 Parcela 174 CORTIÑA NOVA. 27182 LUGO [LUGO] | MANUEL NEIRA LÓPEZ | 33336501W |
| 27900A141001740001DB | LG PACIOS [SAN XOÁN DO CAMPO Polígono 141 Parcela 174 CORTIÑA NOVA. 27182 LUGO [LUGO] | MANUEL NEIRA LÓPEZ | 33336501W |
| 27900A141001730001DA | LG PACIOS [SAN XOÁN DO CAMPO Polígono 141 Parcela 173 CORTIÑA ARGONDE. 27182 LUGO [LUGO] | MANUEL NEIRA LÓPEZ | 33336501W |
| 27900A141001730000SP | LG PACIOS [SAN XOÁN DO CAMPO Polígono 141 Parcela 173 CORTIÑA ARGONDE. 27182 LUGO [LUGO] | MANUEL NEIRA LÓPEZ | 33336501W |

6/147 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO, PRESENTADA POR DONA JOSEFA FERREIRO SEGADE.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DO ÁREA DE COHESIÓN TERRITORIAL EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DO ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE, do 20 de outubro de 2025.

"Visto escrito do 10/10/2025 rexistrado de entrada neste concello co número 202599900023012 presentado por JOSEFA FERREIRO SEGADE co NIF 33824062D no que solicita a bonificación correspondente na cota do IBI dos ben sinmobles de referencias catastrales 27900A346000020000UX, sito en Polígono 346 Parcela 2 AIRA RIBA. LUGO [LUGO] e 27900A348002770000UJ sito en LG QUINTIAN ¦SANTA MARIA DE 277[P] Polígono 348 Parcela 277 ZARRA. 27192 LUGO [LUGO] alegando estar referidos a actividades económicas agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario

Xunto coa súa solicitude achega o certificado de explotación agraria expedido polo Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural de data 09/10/2025, segundo cal a explotación agraria con código REAGA G2702800676 da que é titular JOSEFA FERREIRO SEGADE co NIF 33824062D, sita no lugar de PEDRADA do concello de LUGO figura de alta no REAGA desde o 01/01/1995 ata a actualidade.

O Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, sinala no seu artigo 60 que "O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos nesta lei".

Pola súa banda, o artigo 77.5 do mesmo texto legal dispón que "O Imposto xestiónase a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados para os efectos pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación de inmobles de uso residencial desocupados. O dito padrón, que se formará anualmente para cada termo municipal, conterá a información relativa aos bens inmobles, separadamente para os de cada clase e será remitido ás entidades xestoras do imposto antes do 1 de marzo de cada ano".

O artigo 74 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido la lei reguladora das facendas locais en canto a bonificacións potestativas sinala no apartado 2 quáter: “Os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá esta declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

Neste senso a Ordenanza Fiscal 203 do Excelentísimo Concello de Lugo, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, contempla no seu artigo 5.6 a bonificación do 95% da cota íntegra do imposto durante tres anos, para “...aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, sempre que se acredite que o ben inmoble figura afecto a unha explotación agrícola ou gandeira explotada directamente polo suxeito pasivo ou por un terceiro que o poda acreditar por calquera título xurdindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude. Para a súa concesión, deberá aportar a seguinte documentación:

- Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- De ser necesario, título acreditativo da explotación por un terceiro da actividade agrícola ou gandeira no ben inmoble obxecto da bonificación.
- Referencia catastral do inmoble onde se exerce a explotación agrícola ou gandeira…”

Visto o informe de Facenda Local de data 17/10/2025, segundo o cal a solicitude presentada por JOSEFA FERREIRO SEGADE co NIF 33824062D cumpre os requisitos esixidos no disposto no artigo 5.6 da Ordenanza Fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles, e dentro das potestades que a Lei outorga aos concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Declarar de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para as referencias catastrais detalladas deseguido nas que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario en base ás argumentacións recollidas no

informe de Facenda Local que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación, segundo segue:

| Referencia catastral | Localización | Titular | NIF |
|---|---|---|---|
| 27900A427000360000HY | LG CHAVIAN [PEDREDA] Polígono 427 Parcela 36 FINCA CASA. 27191 LUGO [LUGO] | FERREIRO SEGADE JOSEFA 50,00% da propiedade | 33824062D |
| 27900A427000360001JU | LG CHAVIAN [PEDREDA] Polígono 427 Parcela 36 FINCA CASA. 27191 LUGO [LUGO] | FERREIRO SEGADE JOSEFA 50,00% da propiedade | 33824062D" |

2.- DITAME FAVORABLE da COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE XESTIÓN DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE, emitido na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24
- **Votos a favor**: 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

Declarar de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para as referencias catastrais detalladas deseguido nas que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario en base ás argumentacións recollidas no informe de Facenda Local que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación, segundo segue:

| Referencia catastral | Localización | Titular | NIF |
|---|---|---|---|
| 27900A427000360000HY | LG CHAVIAN [PEDREDA] Polígono 427 Parcela 36 FINCA CASA. 27191 LUGO [LUGO] | FERREIRO SEGADE JOSEFA 50,00% da propiedade | 33824062D |
| 27900A427000360001JU | LG CHAVIAN [PEDREDA] Polígono 427 Parcela 36 FINCA CASA. 27191 LUGO [LUGO] | FERREIRO SEGADE JOSEFA 50,00% da propiedade | 33824062D |

**INTERVENCIÓN**

7/148 **PROPOSTA DE APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL NÚMERO 10-2025. REPAROS 64, 65, 69 E 74.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 20 de outubro de 2025, do seguinte teor:

**"Asunto: Tramitación de aprobación de facturas**
**Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O**
**Recoñecemento extraxudicial de crédito 10-2025_REP 64, 65, 69 e 74.**

**IMPORTE TOTAL: .........................................................................628.602,52 €**
**IMPORTE TOTAL imputado ó orzamento 2025...........................628.602,52 €**

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **628.602,52 €.**

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2025, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **628.602,52 € (contía imputable ao orzamento 2025)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref. 2025/1585 do 20.10.2025, relativo ó expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de crédito 10-2025_REP 64, 65, 69 e 74, coas consideracións nel contidas, e os Decretos de levantamento de reparo núms. 9117/2025, do 29.09.2025 (Reparo 64), 9550/2025, do 14.10.2025 (Reparo 65), 9115/2025, do 29.09.2025 (Reparo 69) e 9636/2025, do 16.10.2025 (Reparo 74), esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ó Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **628.602,52 €:**

- Reparo 64-2025

| CÓDIGO | PROVEDOR/A NIF/CIF | NUM_FACT | CONCEPTO | APLICACIÓN | NUM_OPER | TOTAL | DATA | ÁREA | MOTIVO REPARO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 106945 | CALEFACCIONES SIMON SL B15056930 | 291 | MANO DE OBRA Vella Carcere de Lugo. Trabajo realizado el dí a 26-11-2021. Revisar caldera de gas que no funcionaba a con | 93301.21200 | 202500058904 | 252,16 | 7/3/2024 | ENXEÑERIA | B |
| 108642 | EXPOSITO*PARDO, MANUEL 33837849L | 24/1/2421 | Chocolatada | 17100.22699 | 202500058095 | 2.200,00 | 30/5/2024 | PARQUES | D |
| 113191 | FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO DELEGACION DE LUGO G15103500 | 701 | XUICES XORNADA E MEDIA DA XORN ADA PROMOCION LUGO DO DIA 21 D E DECEMBRO-DIRECCIÓN TÉCNICA D IAS 4 XORNADAS-DIRECTOR DE RE | 34100.22609 | 202500040977 | 1.514,57 | 13/3/2025 | DEPORTES2 | D |
| | | | | | | **3.966,73** | | | |

- Reparo 65-2025

| CÓDIGO | PROVEDOR/A | NIF/CIF | NÚM_FACT | CONCEPTO | APLICACIÓN | NÚM_OPER | TOTAL | DATA | ÁREA | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 114259 | ALBIÑANA*PEREZ, GONZALO | 03204808B | 3 | Rectificación Factura Gonzalo Albiñana Lugomáxico 2024 Gran Gala Lugomáxico 15/09/2024 no Gustavo Freire--- | 33000.22699 | 202500038015 | 1.650,00 | 20/5/2025 | AUDITORIO | D |
| | | | | | | TOTAL | 1.650,00 | | | |

- Reparo 69-2025

| CÓDIGO | PROVEDOR/A NIF/CIF | NUM_FACT | CONCEPTO | APLICACIÓN | NUM_OPER | TOTAL | DATA | ÁREA | MOTIVO REPARO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
Polo que se informa que o nivel de débeda a 31/12/2024 así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e por debaixo do límite que estableceu a Disposicion Final 31 da LPXE 2013 do 75%, aplicable como límite para a autorización para a concertación de novas operacións de préstamo durante este exercicio.

**CONCLUSIÓNS:**

**Cumprimento do obxectivo de estabilidad orzamentaria**: Cos obxectivos aplicados desde a entrada en vigor da LO 2/2012 A CORPORACIÓN LOCAL CUMPRE CO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA: capacidade de financiamento de 3.304.696,76 euros.

**Cumprimento obxectivo de regra de gasto:** variación de gasto computable do 0,34% con relación ao ano 2023, e polo tanto CUMPRE a regra de gasto fixada no 2,6%.

**Cumprimento dos límites da débeda viva:** Sí.

**7. CONTA ANUAL DO EXERCICIO 2024 DE EVISLUSA:**

A Corporación Municipal de Lugo, en funcións de Xunta Xeral da EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO, S.A., celebrou o día 30 de xuño de 2025 Xunta Xeral UNIVERSAL, adoptando os acordos que se conteñen na acta da dita sesión que de seguido se transcribe literalmente:

*«PRIMEIRO.- Aprobar a xestión social e as Contas Anuais correspondentes ao exercicio do 2024, asinadas por todos os membros do órgano administrativo vixente asistentes á reunión.*

*SEGUNDO.- Aplicar o resultado do exercicio nos seguintes termos:*

*BASE DO REPARTO:*

*Perdas e ganancias do exercicio………… 2.593,36 €*

*TOTAL ……………………………………….. 2.593,36 €*

*APLICACIÓN:*

*Reservas Voluntarias ……………………… 2.593,36 €*

*TOTAL ……………………………………… 2.593.,36 €*

*TERCEIRO.- Tomar razón do Informe de Xestión correspondente ao exercicio 2024, previsto no artigo 262 da Lei de Sociedades de Capital, segundo informe elaborado polo Director Xerente da Empresa.»*

## 8.- ESTADOS CONSOLIDADOS 2024.

DECRETO núm. 3313/2025 de 03 de abril:

**ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS 2024 - LIQUIDACIÓN**

| | ESTADO DE GASTOS | LIQUIDACION ORZAMENTO CORPORACIÓN (ORN) | ORZAMENTO EVISLUSA | TRANSFERENCIAS A ELIMINAR | AXUSTES A REALIZAR | ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | **Gastos de Persoal.** | 31.831.023,42 | 204.883,83 | 0,00 | 0,00 | 32.035.907,25 |
| 2 | **Gastos en Bens Correntes e Servizos.** | 58.259.613,14 | 21.676,41 | 0,00 | 0,00 | 58.281.289,55 |
| 3 | **Gastos Financeiros.** | 4.288,27 | 42,46 | 0,00 | 0,00 | 4.330,73 |
| 4 | **Transferencias Correntes.** | 5.705.075,09 | 0,00 | -231.704,28 | 5.101,58 | 5.478.472,39 |
| 5 | **Fondo de continxencia e outros imprevistos** | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **95.799.999,92** | **226.602,70** | **-231.704,28** | **5.101,58** | **95.799.999,92** |
| 6 | **Investimentos Reais.** | 10.026.503,70 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 10.026.503,70 |
| 7 | **Transferencias de Capital.** | 1.152.604,39 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 1.152.604,39 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **11.179.108,09** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **11.179.108,09** |
| | **TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS** | **106.979.108,01** | **226.602,70** | **-231.704,28** | **5.101,58** | **106.979.108,01** |
| **8** | **Activos Financeiros.** | 1.640.697,32 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 1.640.697,32 |
| **9** | **Pasivos Financeiros.** | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | **TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS** | **1.640.697,32** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **1.640.697,32** |
| | **Total** | **108.619.805,33** | **226.602,70** | **-231.704,28** | **5.101,58** | **108.619.805,33** |

**ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS 2024 - LIQUIDACIÓN**

| | **ESTADO DE INGRESOS** | **LIQUIDACIÓN ORZAMENTO CORPORACIÓN (DRN)** | **ORZAMENTO EVISLUSA** | **TRANSFERENCIAS A ELIMINAR** | **AXUSTES A REALIZAR** | **ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1** | **Impostos Directos.** | 40.852.557,76 | 0,00 | 0,00 | | 40.852.557,76 |
| **2** | **Impostos Indirectos.** | 5.647.547,65 | 0,00 | 0,00 | | 5.647.547,65 |
| **3** | **Taxas e Outros Ingresos.** | 23.966.307,61 | 0,00 | 0,00 | | 23.966.307,61 |
| **4** | **Transferencias Correntes.** | 37.560.823,81 | 231.704,28 | -231.704,28 | | 37.560.823,81 |
| **5** | **Ingresos Patrimoniais.** | 591.759,66 | 0,00 | 0,00 | | 591.759,66 |
| | **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **108.618.996,49** | **231.704,28** | **-231.704,28** | | **108.618.996,49** |
| **6** | **Alleamento de Investimentos Reais.** | -21,63 | | 0,00 | | -21,63 |
| **7** | **Transferencias de Capital.** | 10.170.811,62 | 0,00 | 0,00 | | 10.170.811,62 |
| | **TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **10.170.789,99** | **0,00** | **0,00** | | **10.170.789,99** |
| | **TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS** | **118.789.786,48** | **231.704,28** | **-231.704,28** | | **118.789.786,48** |
| **8** | **Activos Financeiros.** | 40.697,32 | 0,00 | 0,00 | | 40.697,32 |
| **9** | **Pasivos Financeiros.** | 4.423.823,61 | 0,00 | 0,00 | | 4.423.823,61 |
| | **TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS** | **4.464.520,93** | **0,00** | **0,00** | | **4.464.520,93** |
| | **TOTAL** | **123.254.307,41** | **231.704,28** | **-231.704,28** | | **123.254.307,41** |

## DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Si, pois ten a palabra novamente a voceira municipal. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Grazas Sr. Alcalde. Hose sometemos a aprobación a conta xeral do exercicio 2024. Un documento que non soamente é técnico, senón que ademais bota por terra todos os argumentos que levan transmitindo desde a oposición dende que iniciamos o Pleno, porque detrás dos balances e dos informes contables está a realidade da xestión pública, a capacidade de transformar os servizos e de facer da transparencia un principio activo da democracia local, e éllo o que vén a dicir a nosa conta xeral de 2024.
Presenta que cumpre cos requisitos legais e contables e permite a súa remisión ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, pero, máis alá de todas esas formalidades, esta conta reflicte unha realidade que debemos poñer en valor: O Concello de Lugo está hoxe nunha posición económica sensiblemente mellor que hai apenas dous anos. Os datos falan por si sós: O aforro neto ascende a 20 millóns de euros, cuadriplicando a do exercicio anterior. O remanente de tesouraría para gastos xerais supera os 19,7 millóns, fronte aos 5,3 de 2023. Cumprimos coa regra de gasto cun incremento do 0, 34, moi por debaixo do límite legal. A débeda viva mantense en niveis prudentes, representando só o 13,68% dos dereitos correntes liquidados.
Estes indicadores non lles son froito da casualidade, son resultado dunha xestión responsable, dunha contención de gasto discrecional, a que vostede criticaba, e dunha mellora na eficiencia recadatoria. E tamén son consecuencia da capacidade de planificación e da vontade política de corrixir desviacións e anticiparse aos retos e aos feitos que nos obriga ao contexto político.
Agora ben, non imos ser só autocomplacientes, debemos seguir aplicando medidas de racionalización e reforzar a contabilidade analítica e a supervisión das entidades dependentes, e tamén asumir retos pendentes, como consolidar a estabilidade con medidas estruturais; garantir a cobertura legal e contractual dos servizos públicos; reforzar os mecanismos de supervisión e rendemento das entidades dependentes.
Pero, volvo a repetir, esta conta xeral amosa unha xestión responsable orientada á contención do gasto discrecional e á mellora na recadación, tal como xa indicaba, e deixa claro que o Concello de Lugo é solvente cunha liquidez do 293%, unha solvencia do 212% e un endebedamento por habitante moi baixo. Os servizos esenciais funcionan con eficacia: a recollida de residuos, cun 99,9% de execución; o bus urbano, cun 98% de execución; os sumidoiros, un 92%; as escolas infantís por riba do 94. E mentres a oposición nos acusa continuamente de parálise, os datos oficial, o dato mata relato, como di o conto, os datos oficiais demostran que somos responsables na xestión, na estabilidade financeira e a nosa prioridade segue sendo o benestar da cidadanía. Lugo non só cumpre, avanza con paso firme grazas a un Goberno que transforma os recursos en servizos reais e visibles para toda a cidadanía.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, pois segunda quenda ... Non sei quen vai intervir... Como non teñen a ben comunicarnos previamente quen vai intervir de vostedes en cada unha das mocións, cousa que nunca ocorreu neste Concello, e que non ocorre noutras institucións, pois teño que referirme xenericamente aos responsables do Partido Popular. Neste caso parece que é a señora Candia, así que ten vostede a palabra. Cando queira:

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Bos días señor Alcalde. Paréceme que non lle gusta que faga uso da palabra, pero aquí, só aquí, vai estar obrigado a contestarme e, por suposto, con todo respecto está obrigado a escoitarme. Agradezo moitísimo a presenza de veciños neste salón de Pleno no resumo da conta xeral, porque os veciños da Milagrosa daranse conta que despois desta explicación chea de optimismo, que nos alegra, onde se explica que teñen máis de 19 millóns de euros de remanentes de tesourería, poderiamos case rematar o Pleno mandándolles a mensaxe de tranquilidade que terán eses 100.000 euros para o saneamento que lles falta. É dicir, moitas das necesidades que neste momento están negando aos veciños e aos barrios de Lugo non é un problema económico, é, como dicía a voceira do Partido Socialista, dun cambio de prioridades. Pero ben é certo que o informe de intervención a señora Abelleira non o leu todo ou dunha maneira, probablemente interesada, omitiu certos datos que eu vou compartir con vostedes que reflicten unha realidade menos optimista, sen prexuízo de que confirmo de que efectivamente con 19 millóns de euros se pode aprobar un plan de reequilibrio para Recatelo, se poden mellorar as beirarrúas de Paulo Fabio Máximo, e por suposto se pode mellorar o saneamento da rúa Milagrosa.
O propio informe explícalle que eses brotes verdes que vostede identificaba, que con números, non fai falta moita interpretación, porque o que se mide non lle fai falta interpretar, que foron debido aos ingresos de contías moi importantes correspondentes a proxectos financiados con recursos alleos, cuxas as obrigas se imputaron nos orzamentos anteriores. Entón, quitelle unha marcha a ese triunfalismo que son vostedes, a verdade, na xestión bastante penosos.
Esqueceu tamén dicir un dato moi importante que recollía o informe anterior, ben, todos, a verdade é que teñen esa mala praxis de facerse trampas ao solitario e de deixar de imputar obrigas pendentes no orzamento, que, neste caso, na conta xeral do 2024 supera os cinco millóns e medio, case 5,6, 5.591.665,45 que están no caixón sen imputar. E ten o atrevemento de dicir que pagan ben e que pagan rápido, as que aproban, e as que deixan no caixón? Que pensará calquera provedor que forme parte dese caixón de xastre das facturas sen imputar no exercicio, dos 5,6 millóns de euros? Que pensará se fose un autónomo, se fose o seu pai, se fose o seu irmán, cando lle escoitei dicir: vamos, vento en popa a toda vela, pagamos en seis días? Pero que broma é esta? E di que está moito mellor que hai dous anos, tamén esqueceu unha cousa: hai uns anos non tiñan débeda, este ano teñen unha débeda de 14 millóns de euros. Agora cos datos que vostede usou, sen meterlle outra variable, porque como nos tratan de que non nos enteramos de nada, de que non entendemos nada e que non atendemos, pois

como dicía o señor alcalde uso os seus e póñolle o crédito que debe..., imaxínese que é unha casa, unha economía familiar, cos números que vostede puxo en brote verde, teña en conta os 5,6 que lle di o informe, que non recolle a conta xeral e que non están imputados nin pagados, veremos a ver se tan consignación orzamentaria, que iso direino na segunda parte, e súmelle vostede a operación de endebedamento que fixo, onde lle van os brotes verdes?
Mire, a realidade de todo isto, non lla di o Partido Popular, hai dous documentos que lle recomendo a súa lectura imparcial, detallada e rigorosa. Unha é o informe xeral municipal do Concello de Lugo, non o di nin o firma o Partido Popular, e, por suposto, a documentación que tamén se nos entregou, que evidentemente está obrigado a iso, do informe do resumo anual dos resultados do control interno realizado durante o exercicio 2024. Eu lamento dar un reflexo absolutamente obxectivo no día que procedería darlle a benvida á nova concelleira que toma posesión, que efectivamente lla dou, pero tamén lle fago unha advertencia, evidentemente ten seguramente coñecemento do lugar onde entra, pero por moito que normalicen os reparos de legalidade, son advertencias onde os servizos de Intervención lle din claramente que están facendo mal as cousas. Cando se lle obriga a adoptar medidas para corrixir as súas prácticas absolutamente incorrectas e que incumpren a lei, e repara e levante o reparo o Pleno, automaticamente convértense en responsable desa mala praxis e desas fórmulas absolutamente ilegais. Iso son os números, estas son as contas, o que nos contan outros son contos.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas señora Candia. Segunda quenda para a voceira municipal. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, empezamos como é habitual: críticas que falan de mala xestión, de improvisación, falta de eficacia, pois ben, os datos sonlle os que son, señora Candia.
Imos ver. Evidentemente, xa lle dixen na primeira intervención, que non somos autocomplacientes e evidentemente os recursos de control para iso están, para darnos recomendacións de mellora, pero non din que o fagamos tan mal. É dicir, vostede fala de recursos alleos, si, é que somos capaces de optar ás subvencións, de optar a fondos europeos e de optar a moitas axudas que ademais executamos. Poden todas as administracións dicir o mesmo? Cousas no caixón, home, eu desde logo, creo, non recoñezo a ningún compañeiro ou compañeira do Goberno que teña cousas no caixón, non sei se vostedes traballan nos caixóns, dende logo este Goberno non.
Lugo hoxe, vólvolle repetir, aínda que lle pese, onn moitas cousas que mellorar, evidentemente, como todo na vida, é un Concello solvente. En canto a a execución orzamentaria, acadamos o 78% do global. Pregunte a outras administracións a ver en canto están? Servizos básicos, e o dicimos con orgullo ademais porque é a nosa competencia, independentemente de que asumamos moitas outras que non nos corresponden, están totalmente garantidos, con execucións por riba do 95%, e isto significa que son bos e de calidade.

E non só servizos básicos. Voulle dar outros datos en políticas sociais e educativas nas que os datos tamén son contundentes: promoción educativa, o 97,9% de execución; centros de convivencia e programas sociais, por riba do 80%; Cultura, Deportes, con execucións todas superiores a 90%. E mentres a oposición, que é o mantra que quere dicir que non valemos para nada, de que sempre fala de abandono todo o mundo que nos vén falando de que lles dixo o PP é que estamos totalmente abandonados en todos os lados, en todos os sectores e en todos os sitios, pois nós demostramos, con feitos e con datos, como vostede leu ademais, foi moi cauta na súa explicación porque non ten moito por onde onde criticar, seguimos sendo un Concello solvente que loita polo benestar, que loita pola igualdade de oportunidades, en cohesión social e tamén territorial.
É certo, como lle dicía, que non todo é compracencia, pero, onde fallamos, seguramente que imos aprender grazas ás recomendacións técnicas que nós remiten dos servizos a mellorar, e para o ano que vén aínda imos ser un Concello moito mellor.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas señora Abelleira e segunda quenda para a señora Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Eu non dixen que non valera para nada; non llo dixen nin a vostede, nin llo dixen nunca a ninguén no meu exercicio nin profesional, nin político, porque o primeiro que intento é falarlles a vostedes sempre con respecto.
Sobre que as facturas quedaron nun caixón, non o di o grupo Municipal do Partido Popular, a páxina 8 do informe de Intervención, con data 31 de decembro, *o importe dos acreedores que quedaron pendentes de aplicar o orzamento do 24 ascende a 5,5 millóns de euros*, páxina oito do informe de Intervención. En segundo lugar, as recomendacións, efectivamente, empréganse para mellorar e, en todo caso, hai que diferencialas do que son advertencias de ilegalidade. E aquí, xa para que non haxa ningunha dúbida na interpretación, no informe dos resultados do control interno, voulle dicir o que detectan na súa xestión: *Detectouse reiteradamente a contratación de obrigas económicas que deriva de gastos sen consignación orzamentaria*; vímolo esta mañá, a incorporación de crédito vaise destinar a 146.000 euros para o San Froilán, que parece ser que se contrataron ou que se contraeron obrigas que non tiñan consignación orzamentaria, que non tiñan con que pagalasj. E aquí di que se fai de maneira reiterada. *Advírtese a existencia de contratos de tracto sucesivo que poderían incorrer nun fraccionamento do obxecto do contrato*. ¿Sabe o que supón isto? Non é unha recomendación, non é unha suxerencia, é unha advertencia dunha absoluta ilegalidade, e non o di o Partido Popular, di que *por outra banda, non foi aprobado o Plan de contratación pública do Concello para o ano 2024*. Pero hai outro tema importante. *Continuamos con prestación de servizos sen soporte contractual que os ampare*. ¿Sabe o que supón iso tamén? Non é unha recomendación, non é unha advertencia, é unha ilegalidade. E aquí é onde me vou parar un pouquiño máis, especialmente. *Hai que adoptar medidas para evitar a utilización excesiva da figura do contrato menor sen*

*tramitación de procedementos de contratación que garantirían un maior fomento dos principios de concorrencia competitiva, igualdade e non discriminación.* Non é tampouco unha recomendación, é a advertencia de que non se está cumprindo a lei. En materia de persoal, que efectivamente o señor interventor na comisión explicou cando lle preguntei por qué esa cantidade, dixo literalmente: *púxose 20 como se puido poñer 100. O obxectivo era que quedasen indemnes os gastos e non quedan*, pero a cobertura da relación de postos de traballo, que os servizos do Concello estean ben dimensionados, parece incrible que llo diga a vostede que pertence ao Partido Socialista Obreiro Español, xa hai moito tempo que perderon a E, que perderon a S e que perderon a O, quedalle o de partido. Coiden aos traballadores.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas Sr. Candia. Rematou o seu tempo. Ultima quenda para a voceira municipal. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Si. Moitas grazas. Primeiro, por aclarar o da comisión, porque como parece que minto e non é verdade ou non lle trasladan ben a información e, segundo, señora Candia, buscar no buscador as palabras que lle interesaban sacar a debater neste tal. Mire, léase tamén a da Xunta de Galicia, a Conta xeral da Xunta de Galicia, e a nós fainos recomendacións, pero á Xunta de Galicia fanlle ... exixir que presente a documentación, porque, por exemplo, para a promoción da lingua, porque se contrata a Duendeneta, por poñerlle un exemplo, é aquí ofrecían paraugas promocionando a lingua con un acto público a través de promoción de normalización lingüística. Señora Candia, non veña darnos exemplos e o Partido Socialista está máis sano ca nunca.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Sí, rematado o debate, pasamos á votación.

## PROPOSICIÓNS

12/153 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 309/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE DOTE DE PROFESIONAIS DE PEDIATRÍA FORMADOS EN DIABETES INFANTIL AO HOSPITAL LUCUS AUGUSTI DE LUGO (Exp. 2025/G004/000620). -** Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A diabetes mellitus tipo 1 é a forma máis frecuente de diabetes na idade pediátrica. Un mal control glucémico aumenta o risco de complicacións crónicas tanto a nivel

renal, como retiniano como cardiovascular. Cando a DM1 se inicia na idade pediátrica ou no adulto novo, a evolución da enfermidade é longa, e o control metabólico é fundamental para previr a aparición das devanditas complicacións.

Os avances no tratamento da DM1 levaron a diminuír o risco de complicacións, atrasar o seu momento de aparición e enlentecer a súa evolución, aumentando de forma global a calidade de vida dos pacientes. A educación nutricional, coa valoración sistemática dos hidratos de carbono e a utilización da cociente insulina-carbohidratos, permitiu optimizar a dosaxe de insulina. A utilización actual do réxime de tratamento basal-birlo con múltiples doses de insulina ou a infusión subcutánea continua de insulina, xunto á monitorización continua ou a demanda de glicosa e a conexión de ambas as dúas cun algoritmo para a liberación automática de insulina (páncreas artificial) facilita a obtención dun mellor control. Pero é a educación diabetolóxica continuada, impartida por profesionais cualificados, aos pacientes e ás familias, a que permitirá conseguir os obxectivos dun excelente control cunha boa calidade de vida. É a educación diabetolóxica o principal instrumento terapéutico para conseguir a implicación da contorna familiar no coidado dos pacientes pediátricos con diabetes.

O control da diabetes pediátrica implica a vixilancia regular da glicosa en sangue (ata 6-10 veces ao día), a administración de insulina (mediante inxeccións múltiples ou un sistema de infusión continua), unha alimentación saudable e exercicio regular.

A vixilancia da hemoglobina glicosilada debe ser trimestral. Recoméndase o tratamento con múltiples inxeccións diarias de insulina ou unha bomba de insulina para a diabetes tipo 1, e débese prestar atención a síntomas como a poliuria, polidipsia, polifagia e perda de peso. Desde outubro de 2024 non hai pediatra que se ocupe da diabetes tipo I en idade pediátrica no HULA; en primeiro lugar sucedeu unha baixa laboral non cuberta e en segundo lugar un traslado que tampouco se cubriu por parte do SERGAS.
O SERGAS tardou 6 meses en darlles unha solución provisional aos afectados; unha pediatra desprazaríase de Monforte a Lugo cada tres meses para o seguimento destes nenos. Resultou que en realidade non se cumpriron as visitas trimestrais en detrimento da saúde destes nenos; a maiores, os novos diagnósticos non tiveron a educación sanitaria adecuada, tal e como demanda ANEBIA.

Por se todo o anterior fose pouco, as familias lucenses quedan fóra dos avances tecnolóxicos como novas bombas de insulina ou realizar probas de cribado familiar.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE proponlle ao Pleno da Corporación o seguinte punto de **ACORDO:**

- Instar á Consellería de Sanidade e ao SERGAS que dote de profesionais de pediatría formados en Diabetes infantil ao Hospital Lucus Augusti de



MURALLA
patrimonio da humanidade

Lugo, a fin de que se poida garantir o seguimento adecuado dos nenos diabéticos do noso municipio.

Visto, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número de Rexistro de Pleno 325/2025, que non foi aceptada polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

Instar á Consellería de Sanidade e ao SERGAS que dote de profesionais de pediatría formados en Diabetes infantil ao Hospital Lucus Augusti de Lugo, a fin de que se poida garantir o seguimento adecuado dos nenos diabéticos do noso municipio.

## DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra en primeiro lugar Olga López Racamonde, en representación do Grupo Socialista. Cando queira.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Moi bo día todas a todos. Moitas gracias alcalde. Paso a describir unha situación, unha vez máis, que atenta contra o sistema nacional de saúde, contra o servizo público de saúde, a cal nos ten moi acostumados e que hoxe se debate en distintas, comunidades autónomas da nosa nación, á cal Galicia non é allea. Neste caso, e concretamente igual que trouxemos a de xeriatría, e que virán outros, facémolo facendo un alegato polos nenos, polos nenos, ademais, con enfermidades; nenos que neste caso padecen unha enfermidade crónica como é a diabetes, unha enfermidade complexa que afecta ou unha das enfermidades que máis afecta, desde o punto de vista necrolóxico, na idade pediatrica e que un mal control da glucemia nestas idades ten repercusións non só na infancia, senón no futuro, no momento de chegar á vida adulta, e moito máis en idades máis avanzadas. Temos avances moi importantes no tratamento e na regulación do control e a través de guías ben dotadas con evidencia científica, para mellorar a calidade de vida dos nenos diabéticos, necesítase unha atención

integral liderada, e que así o din as guías, ademais a propia guía, o propio logaritmos da asistencia do sistema galego de saúde, así o di. O control da diabetes pediátrica implica a vixilancia regular da glucemia e doutros factores, como son a alimentación, o exercicio, e aínda existen 40 factores máis, que non procede expoñer aquí, que son factores que poden alterar a glucemia destes nenos e que as familias, os nenos, deben coñecer ben.
Aquel profesional da saúde indicado para o control son os pediatras especialistas en endocrinoloxía. E a nosa área sanitaria, que engloba todo: Lugo, Cervo, Monforte, porque agora puxéronse distritos, e isto tamén habería que dicilo, que os distritos permítenlles mobilizar aos profesionais, e aí lles vou contar de onde vén esta parte, porque aquí en Lugo había unha pediatra, unha pediatra moi comprometida e moi traballadora, que levaba aos nenos, unha pediatra especialista en diabetes pediátrica e que por motivos laborais, ela é de Lugo, tivo que marchar da área sanitaria. Claro, é que con isto evidénciase como se trata aos profesionais nesta nosa comunidade autónoma. A Xunta, condenada por vulnerar os dereitos laborais de médicos e pediatras. Din ás familias: a miña filla ou o meu fillo non ten pediatra, non ten quen quen lle controle a diabetes nin ten un seguimento axeitado. Intentaron palialo trasladando a pediatra de Monforte a Lugo unha vez cada trimestre. Era xa tamén unha forma de paliar moi, moi, moi, xustiña, de mínimos, porque non había un seguimento do equipo, non había un seguimento continuado por parte de profesionais que xa coñecía o contorno, a idiosincrasia deses nenos. E isto redunda na calidade da saúde dos nenos, pero é que o problema é porque en moitas ocasións e en noticias, e ademais hai unha unha noticia do conselleiro onde di: é que non podemos cubrir porque non temos profesionais. Mire, non é verdade, vanse da comunidade autónoma, de feito hai unha noticia de prensa de fai nada que di: *Os pediatras formados en Galicia vanse a outras comunidades autónomas por mellores condicións laborais, e as pediatras especialistas en endocrinoloxía onde levaban a diabetes fóronse da área sanitaria de Lugo para mellorar as condicións laborais*.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas señora López Racamonde. Común. Ten a palabra o responsable do BNG, Rubén Arroxo. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Moi bo día. Grazas alcalde. Benvida aos veciños e veciñas que están hoxe aquí véndonos, tamén benvida María rigorosa pola súa incorporación ao pleno municipal.
Dende o BNG cremos que esta iniciativa é acaida e vai ter todo o noso apoio, como así debe ser todo o que se refira á defensa dos servizos da sanidade pública e onde aí imos estar, porque a verdade é que, tal e como comentaba a miña compañeira Olga López Racamonde, a sanidade galega está a vivir un problema tremendo. Podémolo ver estes días, o que está a pasar coas listas de espera. Viamos recentemente simplemente esa noticia dunha muller de 85 anos que lles daban unha cita para o outono de 2027, cando non podía agardar e estamos vendo como a tantas persoas lles está a pasar isto na sanidade. A sanidade si que é

importante, o resto de cousas que poidamos debater terán a súa importancia relativa, pero no momento en que entramos nun hospital, sexa polo que sexa, o resto das cousas desaparecen e, polo tanto, de aí a importancia absoluta de que se debe reforzar porque existen moitas enfermidades ou moitas patoloxías como esta que se menciona referida a diabetes, que supón un custo enorme para as familias, para as persoas que a padecen, ter que asumir porque non hai cobertura necesaria por parte dos servizos públicos, moitas veces tendo que ir ou acceder á sanidade privada, a clínicas privadas, a tratamentos privados para intentar ter un servizo máis acorde. Iso, dende logo, non é xusto, non é xusto, e nós como sociedade que queremos aspirar a ser unha sociedade avanzada debemos aspirar tamén a que todas estas cuestións queden incluídas no que son os dereitos dentro da sanidade pública.
Por iso o imos apoiar e por iso imos defender e por iso tamén nos solidarizamos coas persoas, coas familias, que están a padecer esta situación e, dende logo, agardemos que neste caso a Consellería, a Xunta de Galicia, tome conciencia e que dea os recursos necesarios para que non se tiñan que vivir estas situacións. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra a señora Goas. Cando queira.

DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO: Bos días. En primeiro lugar quería facer chegar, se fosen tan amables, aos portavoces do Grupo Socialista e do BNG unha emenda de engádega que quero engadir a esta proposición... Xa a tedes, si... Pois moitas grazas.
Quería saudar á dona María Reigosa e darlle a benvida a esta Corporación municipal esperando que teña nela moitos éxitos que repercutiran en todos os lucenses.
En segundo lugar, con respecto á proposición, o grupo Municipal do Partido Popular quere expresar o seu apoio, o seu afecto e a súa solidariedade cos nenos diabéticos e coas súas familias. Pasando aos datos, ofrecéronse 530 plazas de pediatría no MIR realizado no ano 2025, desas 530 prazas, saben que se reparten por comunidades autónomas, a Galicia déronnos ou correspóndennos, ou como queiran dicilo, 27 pediatras este ano, e entón, se facemos as contas como xa saben que as fago sempre, se temos 530 prazas de pediatra e temos 17 comunidades autónomas e dúas cidades autónomas vainos tocar a 27,89 pediatras por comunidade e cidade, Ben, se o poñemos peor, porque é peor, porque é sangrante a situación, por iso o digo e por iso o fago e por iso sempre traio os números, España ten 52 provincias máis dúas cidades autónomas, 530 pediatras entre 54, 9,8 pediatras por provincia. Vostedes cren que tal e como está a situación sanitaria chegan eses pediatras en España? Chegan eses pediatras por provincia? Non, o sabemos todos. Ben, segundo o Instituto Galego de Estatística, con fecha 1 de xullo de 2025, os habitantes de Galicia eran 2.715.606 habitantes, e entre 27 pediatras que nos corresponden polas prazas adxudicadas vía MIR, tócanos un pediatra por cada 100.578 habitantes. Ben, os habitantes de España, segundo o INE son

40.615.000, entre 530 pediatras que dan para toda España, toca un pediatra cada 93.000 habitantes. ¿Por que Galicia ten menos e por que o ratio en Galicia está peor?
Despois gustaríame argumentar que todos os pediatras están formados en diabetes infantil. Non existen especialidades en pediatría. Señora Olga, vostede o sabe, é profesora da Escola de Enfermería. Non hai especialidades en pediatría. A especialidade de pediatría titúlase pediatría e outras formacións. Non hai. A única especialidade que hai de pediatría, ademais de pediatría, é a especialidade de cirurxía pediátrica, que son cinco anos, é unha especialidade independente, o resto non ten. Non peche os ollos. É a realidade, pois o que queira e desfrúteo se pode, pero é a realidade: Non hai especialistas. O que sucede nos servizos de pediatría é que cada pediatra pode dedicarse ou acollerse a determinadas áreas polas necesidades do servizo e hai algúns pediatras que saben máis de neuroloxía, outros que saben máis de endócrino, outros que saben máis de traumatoloxía, etcétera, etcétera, pero non hai especialidades en pediatría. Repase o regulamento que queira, non o hai, o establecen as necesidades do servizo.
A praza de pediatría á que vostede se refería está cuberta e lévanse os casos de diabetes infantil de forma conxunta entre o servizo de pediatría e o servizo de endócrino, porque sabemos que é moi importante garantir a continuidade dos tratamentos e a continuidade cos mesmos profesionais, dese xeito os nenos cando cumpren os 14 e 15 anos e pasan xa a deixar de ser atendidos polo servizo de pediatría e pasan a ser atendidos polo médico xeral, os endócrinos que os controlan son os que xa os veñen controlando durante a infancia, e así garantimos que non haxa unha desconexión.
O PSOE de Lugo está cansado de buscar causas por falta de profesionais en algún servizo. Dá igual o que sexa, antes tocou a xeriatría, agora toca pediatría, dá o mesmo. Sabemos que isto se vai a repetir, decide inventar esas novas especialidades de pediatría para achacarlle a Xunta de Galicia unha aparente deficiencia do servizo, que non, que non hai especialidades de verdade. A consulta monográfica sobre diabetes exixía existía debido ás preferencias do persoal de pediatría do HULA.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda de réplica para a voceira municipal. Cando queira.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Ben, isto o primeiro non é unha ocorrencia do PSdG, é unha resposta á ANEDIA, Asociación de pais e nais de diabéticos de Galicia que reclaman unha asistencia xustas. Isto non é unha ocorrencia. Mire, eu estou falando de pediatras capacitados en determinadas áreas de coñecemento. Hai pediatras capacitados especificamente en endócrino dixestivo, neuroloxía, etcétera, etcétera, etcétera. E a vía MIR voulles a dicir as prazas solicítanas ás comunidades autónomas, teñen que pagalas, financialas e solicitalas a comunidade autónoma, que non só non as incrementa, senón que acaba de quitar unha, que lle acaba de quitar unha a Lugo de cardioloxía, o que pasa é que Lugo non se atende, e ten que solicitalas ao Ministerio. De feito, con respecto á súa emenda, eu

acéptolla se engade: *Solicitar á Consellería de Sanidade e ao Sergas que inste e que dote presupuestariamente de prazas MIR de pediatría para que así o Ministerio de Educación, Formación e Profesional e e Deportes aumente o número de prazas MIR de pediatría na nosa comunidade autónoma.* Se aceptan a engadido, aceptámoslle á súa engádega, senón, loxicamente, rexeitámola porque non é o procedemento *ad hoc*.
Voulles a dicir, é unha vergoña porque non é que non haxa pediatras, que pódese mellorar a ratio, por suposto, é que se van, un de cada tres pediatras que se forman no Sergas, vanse fóra. A ver, a min explíqueme por qué se van fóra; ¿unha pediatra de Lugo por que se vai a Ourense? ¿pediatras de Lugo por que se van a Madrid? ¿por que se van a Asturias? Porque teñen mellores ofertas de estabilidade laboral, esa é a cuestión, vale? Entón os que temos non os coidamos e deixámolos marchar, que iso é moi grave, moi grave, e é grave laboralmente, pero é peor a asistencia que se xera, insisto, ás persoas enfermas, porque eu direilles, o que está facendo o Partido Popular alí onde goberna á sanidade, rolda o delitivo, rolda a esa actitude, a vostedes non lles importan as mortes, non lles importa o déficit de atención, non lles importa manter a sanidade pública. Home non... **(Ruído e balbordo de fondo)** ...O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... por favor, por favor... Una última frase e termine, por favor... DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: ... Mire, voulles a dicir unha cousa: Hai que fortalecer a sanidade pública para atender as demandas dos usuarios. E despois direilles porque digo isto.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Quenda agora para o voceiro do BNG... (**Persiste o balbordo de fondo)** ... DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... O que acaba de dicir é unha barbaridade... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Logo ten unha terceira intervención. Agora tócalle ao responsable do BNG, señor Rubén Arroxo. Cando queira. Tres minutos.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Nada, considero que está aclarado. Amosamos xa o noso apoio á moción, así que retirou a palabra.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Última quenda para a señora Goás. Cando queira. Tres minutos.

DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO: ... Quería saludar ... a la Asociación de Pacientes de Niños Diabéticos.
Con respecto a lo que me está diciendo, señora Olga, me gustaría que leyese la segunda propuesta, porque es copiada de la que ponen ustedes, es exactamente la misma, entonces que la lea. Después, por otro lado, en mi cabeza no entra como usted puede defender de semejante manera a Sánchez, tal y como está tratando a Galicia, tal y como nos está tratando. No entiendo esa defensa férrea que hace usted, no lo puedo entender.

Vuelvo a insistir sobre el tema del que estábamos hablando. La consulta monográfica que existía sobre diabetes era debido a las preferencias del personal de pediatría, ya se lo dije, y no hay capacitación por el momento en pediatría. Se lo digo porque yo, personalmente, estoy a la espera de que me capaciten en otras funciones, y en pediatría no hay esas capacitaciones. Entonces las pediatras, los pediatras deciden que hay áreas que les gusta, que tienen gran interés por estudiarlas y por trabajar en ellas y, según el servicio, cada uno puede ir cogiendo unas secciones, pero no hay esas especialidades. Es una manera de organizar el trabajo, de poder racionalizar mejor las consultas y, desde luego, que una consulta monográfica de diabetes puede ser correcta y necesario e fundamental para el tratamiento de la enfermedad. De todas maneras, quiero recordar que la atención a los pacientes pediátricos diabéticos sigue estando plenamente garantizada. Cualquier pediatra está formado en este ámbito, insinuar lo contrario es una falta de respecto del Partido Socialista de cara a los profesionales de pediatría del HULA y de toda Galicia. Además, usted lo sabe, que una parte fundamental de la educación diabetológica, tanto en pediatría como en adultos, corresponde a su profesión, a usted y a sus compañeros, porque los enfermeros hacen una educación diabetológica excepcional y trabajan en los campamentos con niños diabéticos que se forman en los veranos en los distintos hospitales, en las distintas comunidades autónomas. Entonces, la atención diabetológica pediátrica no está desatendida. No quieran vender eso, no quieran vender eso, por el amor de Dios, estamos hablando de salud; estamos hablando de niños enfermos; de niños que tienen, igual, bombas; que tienen que acudir los padres al colegio para suministrar la insulina; que tienen unos problemas que complican la vida y la salud, tanto de ellos como de todo el entorno que los rodea: padres, abuelos, tíos, hermanos. La diabetes es un mundo porque hay que vivir con ella y no para ella, pero a veces es muy difícil no vivir para ella

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas Sra. Goás. Última quenda para a ponente. Non sei se quedou claro o tema da emenda, se se aceptaba ou non...

**(Voces de fondo inintelixibles da Sra. López Racamonde e da Sra. Goás Castro sobre a aceptación da emenda e do engadido efectuada á mesma)**

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: ... Aceptan o engadido que se lle fixemos a súa emenda? (voces de fondo da Sra. Goás inintelixibles)... Entón rexeitamos a emenda do Partido Popular. Mire, non o digo eu, dino as guías clínicas, transición do paciente con diabetes tipo un desde a unidade de diabetes pediátrica á unidade de diabetes de adulto, e que se ten que facer de forma consensuada. É dicir, os nenos, temos a obriga, polas guías clínicas e a evidencia científica, de que os leven especialistas pediatras formados, se quere a palabra, en diabetes, e non endocrinólogos. Os endocrinólogos levan os adultos, e transfírense na idade da adolescencia, porque a conxuntura, á clínica, dos nenos na diabetes é moi diferente

dos adultos. De feito, é máis, a transición faise nun ano para que poidan pasar, necesítanse enfermeiros con coñecemento en endócrino.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Pasamos a votación.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Quería solicitar a palabra por alusiones, si es posible..., como me permite el reglamento... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... No sé a que se refire....DON GUSTAVO DÍAZ REY: ... En el debate se pueden decir cosas, pero creo que tiene que rectificar la Concejala porque dice que no nos importa la muerte y eso me ofende y me parece un insulto y un agravio muy grave. Yo, como concejal de este grupo, me siento ofendido totalmente con esas afirmaciones... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Ben, xa non é necesario concederlle a palabra porque explicou o que quería dicir, así que... tomase nota. Seguro que moitas veces no ardor do debate non se pode entrar nas cousas na súa literalidade, estou seguro que non se dixo nese sentido.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMOMENDE: Por alusións. Mire, voulles a dicir, cando non se fai unha correcta atención das persoas enfermas e iso termina no falecemento das persoas por unha mala xestión, póñanlle vostedes o obxectivo, póñanllo vostedes, vale?

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Decir que no nos importa la muerte está usted afectando a lo personal... DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: ... Voulle dicir, cando non... DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY:... A mi me importa la muerte y mucho... Es tan fácil como rectificar...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:... Pediu unha aclaración, a concelleira deulle unha aclaración que lle gustará ou non. As dúas intervencións quedan recollidas na acta e, por tanto, é de coñecemento público o que pensa cada un, así que procede non seguir debatendo este tema. Pasamos a votación.

13/154 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 311/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR UNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE O ACCIDENTE ACONTECIDO O DÍA 5 DE OUTUBRO, DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN (Exp. 2025/G004/000623)**.- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"O pasado día 5 de outubro, durante a celebración das festas de San Froilán, tivo lugar un tráxico accidente no marco do desfile de gando.

O Grupo Municipal do Partido Popular é plenamente consciente de que os accidentes, por desgraza, poden ocorrer mesmo cando se toman medidas preventivas. Porén, precisamente por iso, é responsabilidade das administracións públicas e dos seus representantes actuar con transparencia, asumir responsabilidades e aprender do sucedido para evitar que se repita no futuro.

Tras o accidente, o goberno local limitouse a indicar que o desfile contaba cun seguro específico, ademais do seguro xeral das festas, sen facilitar información pública nin acceso ao expediente completo do evento, solicitado por este grupo municipal o día 7 de outubro, o mesmo día no que solicitou unha xunta de voceiros para tratar este tema e na que non se facilitou a documentación pertinente.

Tal como recolle o artigo 18 do ROMP, “a solicitude de acceso entenderase estimada por silencio administrativo no caso de que non se dite e notifique resolución expresa denegatoria no prazo de cinco naturais contados dende o día seguinte ao da data da súa presentación no Rexistro do Pleno”, a documentación debería estar dispoñible para este grupo o pasado día 13 de outubro pero seguimos sen ter acceso a esta.

Todos estes feitos merecen, por si sós, que o goberno municipal de explicacións e asuma responsabilidades, neste sentido, e guiados por un espírito construtivo e de mellora continua, presentamos ao Pleno da corporación municipal esta proposición coa que solicitamos a creación dunha comisión de investigación.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a Pleno esta proposición para que o goberno municipal adopte o seguinte ACORDO:

Crear unha comisión de investigación no seo da corporación municipal de Lugo, coa participación proporcional dos distintos grupos políticos, co obxecto de analizar o tráxico accidente acontecido durante as festas de San Froilán deste ano.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24
- **Votos a favor**: 12 do Grupos Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade do Excmo. Sr. alcalde presidente, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, en funcións de presidente da sesión: Ben, pois cinco minutos para o Partido Popular, para a persoa que vai intervir.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Dende o Grupo Municipal do Partido Popular cremos que nesta quenda as primeiras palabras sexan para familiares e amigos da persoa tristemente falecida a principios de outubro, coincidindo coas festas do San Froilán. É unha moción que nunca nos gustaría ter presentado, pero que tamén dicimos, dunha maneira indubidada, que o facemos absolutamente obrigados, primeiro, despois do desprezo absoluto que tivo este grupo do acceso á información, que é un dereito protexido constitucionalmente, no seu artigo. 23, porque que dúbida cabe que desgraciadamente será información, incluso decisións, que como grupo probablemente teremos que pronunciarnos, ben sexa no salón de plenos como membros da Corporación, ben sexa, incluso, no Padroado do Pazo de Feiras. Tamén nos vemos obrigados polas distintas incoherencias e contradicións manifestadas publicamente que pasarei a relatar durante todo o proceso de estancia da muller falecida no hospital, con expectativas da súa curación, pero sobre todo, e aquí non o digo como concelleira do Partido Popular, dígoo como lucense, pero moi especialmente como persoa, polo desprezo absoluto e a falta de empatía co que se enfocou este proceso desde os primeiros momentos.
Non se trata de buscar responsabilidades civís, non se trata de buscar responsabilidades penais, farao un tribunal e aí acataremos, como non pode ser doutro xeito, pero si se trata de dar explicacións políticas. A transparencia é un valor na xestión, tamén o é cando ocorre un desgraciado accidente; ser transparentes neses momentos transmite seguridade, que non foi o caso, pero tamén é un exercicio de responsabilidade. Nun contexto deste Concello que, a verdade, é que se produce de xeito un pouco máis intenso dende a asunción da Alcaldía por parte do señor Fernández. Nesta casa hai asesores e asesoras, persoal de confianza que a veces nos parece que ata son os que toman as decisións, que mandan máis que algún funcionario do grupo A e que despois, evidentemente, pola relación laboral que teñen con este Concello, pois as responsabilidades non son as mesmas.
Por que digo que houbo falta de empatía? A frase que máis se repitiu durante estes días ata o seu falecemento, demostrando unha grave grave falta de empatía é repetir: hai seguro. Só pechando os ollos e pensando que a persoa que hai ingresada sexa miña mai, meu irmán, miña sobriña, que tranquilidade pode dar unha mensaxe de que hai seguro. Dicía un escritor estes días, asumindo a vida como unha eventualidade que pode está respaldada por una póliza de seguro. O falecemento dunha persoa ou a lesión no plano emocional nunca será susceptible de indemnización.
Pero tamén houbo moitas incoherencias e contradicións. O 6 de outubro explicaban en medios de comunicación que o organizador era a Área de Cultura do Concello de Lugo e Vicepresidencia da Deputación; o 7 de outubro dicían que era a

Fundación do Pazo de Feiras en colaboración coa Deputación e co Concello. Todo isto está documentado. Unhas horiñas máis tarde dicían que a decisión era do Comité técnico, que estaba formado polo propio Pazo, pola Deputación e a Asociación de criadores; iso si, o 22 de outubro, o señor alcalde xa dicía claramente que só eran áreas que levaba o BNG e que iso non tiña nada que ver con el.
A maiores das incoherencias na organización tamén están na seguridade. Primeiro dixeron que o programa de festas estaba autorizado pola Xunta local; despois dixeron que o Concello revisará o protocolo de seguridade, dando a entender que había máis documentos co propio plan de seguridade, e despois dixeron que había un plan específico, pero o mesmo día recordáronlle ao PP que ese plan de autoprotección das festas estaba recollido, pero que non tiña que ter un plan específico. E sabe por que pasou todo isto? Porque non houbo un só comunicado oficial que recollese e informase a todos os lucenses e especialmente aos portavoces e aos concelleiros do grupo da oposición, informando das circunstancias, como se non pasara nada, pero desgraciadamente pasou.
Eu non sei se vai haber responsabilidades civiles, non sei se vai haber responsabilidades penais, oxalá non as haxa, pero o que si creo é que neste tema hai responsables políticos que actuaron con absoluta falta de transparencia e sen ningún tipo de información e ningún tipo de empatía.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra Maite Ferreiro. Cinco minutos. Cando queira.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Bo día, benvida, María e un saúdo a todas as persoas que nos acompañan hoxe no Pleno.
Efectivamente, o 5 de outubro, día de San Froilán, ocorreu un accidente terrible. Despois a noticia do falecemento da persoa accidentada, María, deixounos desoladas e cheas de tristura, e volvo de aquí a trasladar o noso máis sentido pésame á familia e as súas amizades e enviarlles todo o noso cariño.
O desfile de gando leva 18 anos incluído no programa de festas do San Froilán, unha actividade organizada pola Fundación Pazo de Feiras e Congresos, complementaria á Feira exposición de gando que se facía abaixo no Pazo de Feiras en colaboración coa Asociación de Razas Autóctonas e que desde hai dous anos se ubica nunha carpa ao lado do Vello Cárcere.
Como actividade incluída no programa de festas avaliouse na Xunta de Seguridade Local, que se celebra días antes do inicio das festas. Esta actividade foi incluída no plan de autoprotección que o Concello realiza cada ano para as festas de San Froilán, tal e como está establecido na lexislación vixente. A organización desta actividade mantivo no seu momento unha xuntanza coa Policía Local, dentro do protocolo habitual. Esta actividade cumpre e cumpriu a normativa galega para a celebración deste tipo de eventos, con presenza da Policía Local, Policía Nacional, Seguridade privada e veterinarios. E, a pesares de todo isto, efectivamente, ocorreu un terrible accidente coas consecuencias xa mencionadas.
Entendemos que este é o momento de deixar traballar ás persoas que teñen que investigar e concluír o expediente aberto, tanto por parte da Policía, como polo

xulgado de instrución encargado da investigación do suceso. E, polo tanto, a nosa colaboración absoluta, pero tamén o noso respecto absoluto. Cremos que é o que se precisa neste momento, evitando entorpecer a investigación aberta.
En definitiva, cremos que non é o momento dunha comisión de investigación creada por políticos e, polo tanto, deixemos traballar aos que teñen os datos e a formación técnica para chegar a unha conclusión final.
En canto á información, iso non é certo. Desde a Área de Cultura entregouse toda a documentación que dispoñiamos, a petición do Partido Popular, como outras veces que se pide documentación que non temos. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Ferreiro. Segunda quenda para a señora Elena Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Tal como expliquei e reitero porque creo que é necesario, nesta comisión o que queremos é que os políticos que programan as festas, indubidablemente, que elaboran con coidado as súas actividades, podía ensinarlle repetidas roldas de prensa en onde anunciaron a programación e en onde tomaron as decisións, entendo que de maneira clara, aínda que nalgún caso, como quedou demostrado esta mañá, sen a dotación correspondente orzamentaria, pero, mire, agora que vostede sacou o plan de autoprotección, e me ensinou unha foto, teño que dicirlle que, efectivamente, na páxina seis, recolle en datas e horarios de maior afluencia na zona centro, nin sequera co itinerario das rúas, o desfile de gando, a hora ás 13:30 e con afluencia alta. Cando todo o mundo veu isto, preguntabámonos se efectivamente isto tiña un protocolo específico, porque dende logo hai un risco individualizado distinto, evidentemente leva animais soltos ou desfilando e entendemos que ten un risco particular, por iso incluso os medios de comunicación en varias noticias daban a entender que tiña un plan específico, pero despois nas 127 páxinas dese plan de protección non volven a referirse ao desfile de gando nin en unna soa línea. Si me chamou a atención que nos centros de saúde que identificaba o propio plan na páxina 73, enumeraba o centro de saúde da Milagrosa, na rúa Río Ser, que, como sabe vostede, neste San Froilán non estaba en funcionamento porque estaba en obras. Probablemente isto tamén pase porque este plan, que é un documento importantísimo, se aproba menos dunha semana antes da celebración do San Froilán, incluso nunha Xunta de Goberno fóra da orde do día. Algo que como pretenden normalizar esas improvisacións nestes temas tan importantes, pois ao mellor tamén quere que o normalicemos agora. Dende logo, en todo este proceso vostedes non tiveron unha xestión proactiva, tivérona reactiva, en contestar e intentar tranquilizar aos familiares e a lucenses que estaban preocupados, que tiñan seguro, a palabra que máis repetiron en todos os medios de comunicación, chegaron incluso a dicir, non un dous ou tres. A iso me refiro que deste proceso doloroso e traumático, que lle pode pasar a calquera goberno, aínda que poña todo o mellor da súa parte, hai que corrixir cousas e hai que facelas doutro xeito, e os que formamos parte desta Corporación temos dereito a ter esa información, que aínda non temos hoxe, de feito fomos persoalmente a súa Área e

explicáronnos que non a tiñan dispoñible porque vostede estaba de vacacións. Iso é a realidade.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Rematou o seu tempo. Segunda quenda para a señora Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Mente, mente. Eu non dixen nunca nada do que se me está acusando, e voulle insistir, e voulle insistir no tema. Esa actividade planificouse desde a Fundación Pazo de Feiras e Congresos e, insisto, é unha actividade complementaria da exposición de gando que se fai en colaboración coa Asociación de Razas Autóctonas. Esa actividade efectivamente leva 18 anos incluída no programa de festas; na Xunta de Seguridade Local, efectivamente, trátase iso así como á hora de planificar a ubicación dos servizos sanitarios que chegaron efectivamente de xeito inmediato e rapidamente ao lugar onde aconteceu o accidente. Podería dicir que efectivamente a ambulancia da Xunta non chegou a tempo nin viña medicalizada, pero non vou dicir, porque ademais vostede estaba alí igual ca min.
Insisto, a actividade foi incluída no plan de autoprotección que o Concello realiza e que non o fan os políticos, non facemos os políticos ese plan de autoprotección, polo tanto, se vostede ten algo que dicir pola falta ou pola carencia dese plan, efectivamente diríxase aos técnicos que son os encargados de realizar ese plan. Nin esta concelleira nin o equipo de Cultura realizou nin creou ese plan porque non somos técnicos.
A organización, insisto, mantivo unha xuntanza coa Policía Local, onde, supoño, porque eu non estiven presente, que se faría esa valoración dos riscos que vostede está mencionando, porque eu creo que con experiencia suficiente de planificalo avaliaríanse todas as posibilidades de risco e tomaranse as medidas de seguridade que eles consideraron. Digo eu, que non estiven nesa reunión.
Insisto, esta actividade cumpre a normativa galega para a celebración deste tipo de eventos, coa presenza da Policía Local, Policía Nacional, Seguridade privada e o equipo de veterinarios. Ben, se a vostede non lle non lle convence, que lle imos facer, e insisto, mente, porque nós non temos ningún expediente para trasladarlle, e o único que temos xa llelo pasamos. De feito, acaba vostede de facer mención del, que é o plan de autoprotección, que é público e pódese acceder todo o mundo él. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Última quenda para a señora Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Se nos entregou o único que ten, entendo entón que non ten a póliza de seguro, e fágolle unha matización, iso non no lo entregou, como se aprobou na Xunta de Goberno, temos acceso a el, non era iso que llo solicitábamos. Pediámoslle o un plan específico e as pólizas de seguro. Mire, pedir unha comisión para indagar sobre una situación e recabar información é un

exercicio de responsabilidade, é un interese público. No se trata de acusar a ninguén. Opoñerse non é so a perdida dunha posibilidade de alcanzar a verdade, é tamén a derrota da transparencia, un concepto que empregaron tanto neste debate. Eu non quero dicirlle que quen algo oculta algo teme, pero se deste aprendizaxe aprenden polo menos a ser un pouco máis empáticos e cando hai un accidente, a garantía dunha posible indemnización é todo o que se espera dun responsable político. Se aprenderon iso, aínda que un non entende que voten en contra, dou por conqueridos os obxectivos de esta iniciativa.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Pasamos á votación.

14/155 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 312/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A SOLICITUDE DE MELLORAS NA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MILAGROSA (TRAMO ENTRE RÚA MALLORCA E RÚA XULIA MINGUILLÓN) (Exp. 2025/G004/000624).-** Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"O barrio da Milagrosa está sendo obxecto dunha nova intervención dentro do chamado plan de humanización de barrios que está a executar o goberno local. En concreto, estanse a realizar obras no tramo da rúa Milagrosa comprendido entre a rúa Mallorca e a rúa Xulia Minguillón.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular queremos poñer de manifesto que esta obra forma parte dunha serie de actuacións inconexas e sen unha planificación integral para o barrio. Estas intervencións non responden a unha visión global dun proxecto de cidade nin teñen en conta as dinámicas e necesidades reais do conxunto do barrio da Milagrosa, o que se traduce en actuacións parciais, repetitivas e pouco eficaces.

Neste caso concreto, consideramos fundamental ampliar o alcance da obra actualmente en execución para incorporar as achegas dos veciños, como a mobilidade ou o correcto funcionamento da rede de saneamento, que xa teñen experiencia directa co resultado doutros proxectos de humanización no barrio. Os residentes son quen mellor coñecen as carencias e necesidades reais da contorna, polo que a súa participación é clave para garantir que o investimento público sexa útil, duradeiro e responda ao interese xeral.

É habitual nesta cidade que se leven a cabo obras sen escoitar previamente aos afectados, o que deriva en modificacións posteriores ou incluso na repetición de actuacións en rúas recentemente reformadas, cun custo económico e social innecesario. Este modelo de xestión é ineficiente e carece de respecto polos recursos públicos e pola veciñanza.

Por todo isto, propoñemos ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Instarlle ao goberno local a ampliar o proxecto de humanización da rúa Milagrosa (tramo entre rúa Mallorca e rúa Xulia Minguillón), incorporando actuacións complementarias que respondan ás necesidades reais do barrio, garantindo a mobilidade e accesibilidade da contorna e o correcto funcionamento da rede de saneamento."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade do Excmo. Sr. alcalde presidente, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

## DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra en primeiro lugar o representante do Partido Popular, señor Cabarcos. Cando queira.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Bo día. Vou comezar dicindo que foi o 10 de abril pasado deste mesmo ano, o día no que o tenente de alcalde anunciou a adxudicación da obra de peonalización da rúa Milagrosa, no tramo que corresponde dende a rúa Mallorca ata a rúa Xulia Minguillón. Fago unha paréntese, que non debería de ser necesario xa, para dicir que falar de obras de peonalización non é unha forma moi axeitada de falar, porque unha peonalización é unha xestión do tráfico e non ten porqué ter aparellada ningunha obra, xa o dixemos moitas veces, é unha forma incorrecta de falar deste tipo de intervención. En calquera caso, en palabras do tenente de alcalde, esta obra permitiría un percorrido seguro e accesible para a veciñanza. Os veciños, aos que saúdo e que están aquí presentes, algúns deles, residentes da zona, non amosan disconformidade. Non a amosaron no seu momento porque loxicamente ninguén está en contra de ter percorridos seguros e accesibles. Os veciños, estou seguro, pensaron naquel intre, como pensaría calquera, que vostedes tiñan traballado e tiñan solución para os problemas engadidos, por exemplo, para o aparcadoiro que desaparece por culpa dalgunhas das intervencións que se están a facer e tamén crían, seguro, que vostedes tiñan solución aos recorrentes atascos desta rede de saneamento que se

producían nese punto ou nese tramo dende hai anos, concretamente dende que os propios veciños costearon o conduto de formigón, que agora está aberto, para o desaugue das augas das súas vivendas no ano 1985, hai 40 anos que aquela obra está feita. Sería lóxico pensar, quén pensaría outra cousa, que se se vai intervir é para mellorar o que temos agora, facilitarlles un percorrido seguro e accesible, que parece ser que ata agora non tiñan, pero sobre todo solucionar problemas que realmente existen. Estes problemas existían porque, cunha periodicidade aproximadamente dun mes ou mes e medio, os servizos municipais tiñan que vir desatascar atrancos e refluxos que se producían pois posiblemente da deficiencia instalación que existía e da súa antigüidade. A realidade é que neste sitio nun constaban queixas do pavimento existente, non constaban ou non coñecemos queixas do abastecemento, da electricidade nin do alumeado, pero si sabemos que había queixas e graves co saneamento e incluso co aparcamento. Que reflicte o proxecto que se ten redactado para esta obra? Pois, basicamente e simplificando, a colocación dun pavimento de formigón por riba do pavimento de formigón existente e a renovación da rede de abastecemento e electricidade e outras menores. Esta obra ten un presuposto base de licitación de practicamente medio millón de euros. Que pasa co saneamento? Pois loxicamente consultamos convencidos de que habería unha partida importante para solucionar este problema, porque realmente existía, pero resulta que a partida son de 10.228 euros. Ou sexa, non hai partida, non hai partida.
Creo que os veciños que están a sufrir o problema xa dende hai anos e que o sofren agora, poden aprender algo que nós vimos vendo dende hai tempo: que unha teima continua do Goberno municipal é resolver problemas que non existen para ignorar os problemas que si existen e, incluso, ás veces, xerar problemas que non existían. Co cal imaxino que o que me poden dicir é que non tiña nin idea de que o tubo colocado levaba 40 anos alí, pode ser, tamén pode ser que non tiveran falado con ningún veciño da Milagrosa dende hai 40 anos. Pode ser, non digo que non, pero resulta que o mesmo proxecto que vostedes se encargaron di literalmente: *Durante a realización do levantamento topográfico detectáronse pozos colmatadados e obstruídos, polo que se avisou aos servizos técnicos municipais para a súa subsanación.* Ou sexa, van comezar as obras, todo está colmatado e obstruído e seguimos como se non pasase nada, como se non pasara nada. Ou sexa que, sabendo do problema, hai 10.228 euros para solucionalo, e 131.363 para colocar un pavimento de formigón encima do pavimento de formigón que xa existe. A cousa non ten moito sentido. Gustaríanos saber cál é o obxectivo real de esta obra, que recordo, lembro, non é necesaria para xestionar a mobilidade, a mobilidade xestiónase cunha sinal de tráfico. Entón preténdese mellorar a vida dos residentes, pretenden engrosar o pavimento, pretenden facelo tan groso que non rompa, á vista do que está sucedendo noutros sitios de Lugo, a experiencia de Quiroga Ballesteros meteu medo e precisamos pavimentos de 40 centímetros, que por certo foi o que se quitou de Bolaños Rivadeneira, alí non rompía. Quedo á espera da resposta e continúo na segunda quenda con alguna aportación en positivo para solucionalo.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Cabarcos. Ten agora a palabra o señor Alex Penas. Cando queira.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Moitas grazas, señor alcalde. Agradecerase tamén algunha intervención en positivo neste Pleno, porque tamén hai que dicir que neste mandato é moi raro que as intervencións sexan en positivo dende a bancada que vostedes ocupan.
Esta proposición, pois eu vexo que hai dúas dúas premisas dende o punto de vista que defenden, para min que as dúas son falsas, e, ben, vouno intentar explicar.
En primeiro lugar una premisa xeral na que din que as obras de humanización e peonalización deste Goberno non responden a un modelo de cidade e non están planificadas, e unha segunda premisa, que vai a obra en concreto, neste caso da Milagrosa, noutro plano, e que fai incidencia sobre a primeira premisa porque os criterios profesionais, segundo vostede, dos diferentes arquitectos, enxeñeiros aplicados na elaboración do proxecto, como no seguimento e control diario que se fai practicamente, non é fiable, que iso pasa, en moitas profesións pode pasar, e neste caso coido que están equivocados, creo que hai moi bo equipo encima desa obra.
En referencia, primeiro, á planificación das obras deste Goberno, pois eu creo que é público e notorio de hai moitos anos: estase traballando en crear diferentes espazos públicos, que isto arrastre tamén dinámicas de mellora das estruturas privadas e que mellore, digamos, o que é a convivencia veciñal e a socialización dos barrios. A pata, digamos, da mellora da vivenda privada, temos unha eiva que, neste caso, pois é que quen xestiona as competencias de vivenda é a Xunta de Galiza, porque está sempre desaparecida e perdemos moitísimas oportunidades a ese nivel porque se fixeran plans adecuados aos barrios para mellorar, digamos, as vivendas privadas, pois sería una pata moi necesaria e Lugo avanzaría, pero aí dende logo que coa Xunta de Galiza en Lugo non se pode contar. Ese é a grandes rasgos o proxecto que nos desenvolvemos en Lugo, chamámoslle a ciudade de cinco minutos, que toda persoa Lugo teña un espazo peonil, de convivencia segura e a cinco minutos da súa casa, e isto vertebrado en dous eixos principais, como temos dito moitísimas veces, Un eixo leste-oeste, e un eixo norte-sur. No leste-oeste ubicaríanse obras xa feitas, como pode ser a vía entre San Eufrasio coa entrada do Camiño Primitivo e Fontiñas, quedou moi ben cunha escaleira de aceiro corten, e a mesma praza da Mosqueira que aí, permítanme, dicía vostede que a mobilidade se arranxa con unha sinal, iso é o que queren vostedes: volver a meter os coches como fan na praza en en Mondoñedo, con unha sinal, quitalos cando hai as San Lucas e logo na praza da Mosqueira volverían meter os coches e os prohibirían de vez en cando, o día da bicicleta. Ben, nós temos outro modelo. As mesmas obras de Recatelo, Vila de Sarria, Isaac Díaz Pardo, Pousa Antelo, Loureiros, agora a conexión entre os dous parques, o Muro de Frei Plácido, Cidade de Viveiro e as obras de Carril das Flores, que agora van a seguir. E hai que lembrar que a mobilidade do Partido Popular para o barrio de Recatelo era ata hai tres-catro anos poñer bolardos e para que os coches no se subiran as beirarrúas, que o é o que

soen facer onde vostedes gobernan. (**Balbordo de fondo)** ... Está solicitado por un concelleiro do Partido Popular, se quere imos a hemerotecas...
No eixo e norte sur estaría esta obra da que vamos a falar agora, que é a da rúa da Milagrosa... por favor non interrompa... Mira, eu quería facer un inciso, aproveitando que tamén os veciños, que dende hai dous anos neste Concello é moi difícil traballar porque vostedes enfocan a políticas, xa o dicía Esquilo, como a guerra, como a guerra, ou conmigo, ou contra min, e é o que fan, e na política, é certo, a guerra... **(voces de fondo)** ... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Perdón, perdón... Señora Candia, pídolle por favor que escoite, xa lle tocaran, xa terá quenda de réplica, que cando lle toque xa vostede fala... Cando fala vostede escoitámola, eu persoalmente con moito interese. Pídolles exactamente o mesmo... Continúe, por favor... DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: ... Ben, a falta de elegancia desta señora, para min, é increíble. E isto para min no é o Partido Popular de Lugo, que entendía que era ...O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Céntrese por favor... DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: .... Pero si que digo que nas guerras, porque me acordo, a primeira vítima sempre é a verdade, e aquí nunca se mentiu tanto por parte do Partido Popular. E iso que quede claro, e, por favor, non me volva a interromper, manteña a educación se pode... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Céntrese por favor... DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: ... Falabamos da rúa Milagrosa e falamos de que este sería o seguinte eixo, que sería a rúa Luís Seoane, que quedou moi ben, eu creo, quen a viu e quen a ve, a mesma rúa Milagrosa, o tramo de Camiño Real, que creo que é unha zona moi dinámica, incluso comercialmente, temos agora o centro peatonalizado, poderiamos chegar ata a praza Bretaña. Entón si que hai unha planificación xeral da cidade, cuns obxectivos para mellorar a calidade dos nosos veciños.
A segunda idea, rúa Milagrosa, acabo na segunda quenda.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Rematou o seu turno. Segunda quenda para o señor Cabarcos. O que pido é que todos escoitemos con silencio, se é posible. Cando queira señor Cabarcos.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Ben, señor Penas deume ou deunos, explicounos profusamente toda intervención na cidade, trouxo exemplos doutras cidades, falou da política de vivenda da Xunta de Galicia, menos falar dos tubos de saneamento que temos que cambiar, falamos de todo, pero a aqueles señores que están alí impórtalles ben pouco moitas das cousas que dixo vostede, Pero de todas formas, como dixen antes, vou tratar de centrarme en positivo.
Non se pode explicar porque, aínda que nunha obra de rehabilitación e reconstrución aparecen problemas que non se tiñan previsto, loxicamente, é frecuente que ocorra, neste caso xa sabemos que estaban, e se non estaban... quero dicir que xa se sabía que estaban e, se non o sabían, podíano prever perfectamente. E tamén quero dicir que non deberían de agocharse detrás dos técnicos que están levando a cabo a obra, por suposto que non, o director de obra

é un compañeiro meu, co que teño moi boa relación e moi boa consideración profesional, pero a decisión súa de facer esa obra é facela así, non é do técnico, non é do técnico, é unha decisión política. Nesta rúa o saneamento actual é unitario, eso significa que conflúen tanto as augas pluviais como as augas negras. É unha magnífica oportunidade para facer algo de verdade, algo importante e renovar o saneamento e modernizar a cidade. Pero non se fai iso, o que se fai é que renóvase o pavimento, un pavimento que xa estaba perfectamente, que servía perfectamente, e, á parte do problema do envellecido destes tubos de formigón, que deberían de coñecer, é por culpa da existencia de irregularidades na súa superficie interior, son moi antigos e non son perfectos, pero sobre todo da moi escasa pendente que ten o tramo desa rúa para que circulen os vertidos, co cal temos unha tormenta perfecta para que, atopando calquera imperfección no tubo, se forme un atasco, se obture a circulación e incluso os veciños teñan refluxos dentro das súas vivendas. Pero aínda lle digo máis, non é o único problema. Resulta que, probablemente xa me dirá que non o sabían tampouco, amosámolo nun pequeno vídeo antes de entrar no Pleno, resulta que as conexións cos edificacións están tan mal estado que nas zanxas hoxe abertas vese correr auga por fóra dos tubos. Temos sorte de que alí non haxa moitos sotos porque é unha situación realmente insalubre. En todo caso, sabendo como saben agora que os condutos de formigón de saneamento non funcionan, que teñen irregularidades interiores e, sobre todo, moi escasa pendente, que realmente é o problema, imaxino que entendera que teñen a obriga de solucionar iso. O sexa, deixamos o das cores para máis adiante, as propostas maximalistas que di, e imos solucionar un problema real, non dos que non existen, imos a solucionar un dos que existen.
Ben, pois entón sabemos que os técnicos e a empresa están a dar o mellor do seu saber, pero precisan a súa conformidade para xestionar economicamente iso agora co cal, nós lles pedimos que non lles obriguen a traballar ou adoptar solucións que non serán de futuro e que no proxecto existen partidas, concretamente a número 10, ou 10, 9 e 11, que van destinadas ao mobiliario urbano... continuo na última quenda.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas. Ten a apalabra en segunda quenda o señor Alex Penas. Cando queira.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Desculpe señor Cabarcos, e resto de compañeiros, por non centrarme no tema como me debía centrar. Imos a centrarnos logo na rúa da Milagrosa... A ver, nós non nos escondemos nos técnicos en ningún momento. A decisión política, e xa o expliquei na primeira intervención, mentres puiden, de facer esa obra dentro dun plan xeral máis amplo é nosa, é política e nós imos facer o que nos digan os técnicos para que quede o mellor posible. Que nos din os técnicos -di que son moi bos e que precisan a nosa a conformidade- toda, toda a nosa conformidade. Estes días incluso dentro do Plan de calidade da obra estanse metendo cámaras para comprobar se se escapa algo. Se é así, evidentemente ante calquera dúbida vaise cambiar. Si que hai unha parte de abastecemento que se vai a cambiar, e logo, como vostede sabe, e tamén o

dixo, só que o dixo no medio de moitas palabras técnicas, é un problema de cota, é un problema que ti podes cambiar ese colector, pero en Xulia Minguillón e na rúa Milagrosa a cota e moito máis arriba, e incluso, se profundizamos máis, teriamos moito máis problema nesa rúa porque verterían esas augas aí, ou chegamos ao Miño ou non é posible. Entón hai unha parte de saneamento que se vai mudar e outra que se dentro do plan de calidade se ve que necesario, sí, pero profundizar sería un error técnico, que é o que nos din, por iso lles facemos caso, senón nós, socialmente, que se cambie todo, todo novo. Non é un problema económico, que quede claro, non é un problema económico, é unha partida que podemos dispoñer dela incluso sen ningún problema se fose necesario, pero tecnicamente nos din que é un erro, pola cota á que está, pola orografía da rúa, non podemos inventar, é pura física. E iso si que me gustaría que o tiveran claro os veciños, porque é verdade. Nós non teriamos ningún problema, se se atopa e se é necesario tecnicamente, nos asinámolo porque creemos nese proxecto, creemos que é o mellor, pero é o que nos di, a mellor solución é o que se está facendo.
Dito isto, temos exemplos que ás veces investindo moito diñeiro, e agora voume desviar só para poñer un exemplo en *sensu contrario*, investindo moito diñeiro faise o contrario, co aparcamento da avenida de Breogán, gastaron dende a Xunta de Galiza un millón e pico de euros en facer un aparcamento que ninguén pedía, agás unha asociación de veciños desas novas que crearon vostedes para saír nas súas pulpadas dicindo estamos aquí os veciños libres, que son todos do PP, ou xa saen na pulpada dicíndoo, que ninguén pedía ese aparcadoiro, custou desatascalo, inundaron un barrio, quitaron a saída dun barrio, gastaron un 1.200.000 euros, e crearon un problema cando toda a cidade, e nos mandatos anteriores tamén co Partido Popular, o consenso de aparcadoiros, evidentemente, era Fontiñas e logo podía vir outro, pero, ben, é o nivel. Entón investiron moitísimo diñeiro, crearon un problema, xa o dicía, creo, Marx, Groucho Marx, a política, do Partido Popular neste caso, é a de buscar problemas, atopalos, facer un diagnóstico falso, como neste caso da Milagrosa, ao final recoñecíao pero medio de tapado, e aplicar despois os remedios equivocados. Fixérono coa avenida de Breogán, nós, creo, que somos o suficientemente serios para planificar e executar con seriedade, e dígoo modestamente, pero dun xeito moi rigoroso e co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos nosos veciños. Ese é o noso compromiso.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Rematou o seu tempo. Última quenda, quenda de peche para o señor Cabarcos. Cando queira.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Eu creo que nos temos que quedar, tanto nós como os veciños, veno os veciños agora mesmo directamente. Non teñen de que preocuparse: Non é un problema económico, é un problema técnico. No resto das cidades de España, o saneamento funciona, en Lugo tamén vai funcionar, non teñen ningunha dificultade de que, poñendo os cartos que fagan falta, vaise solucionar. Non fai falta que lle aporte solucións técnicas, senón as teñen xa, vano solucionar, os técnicos son bos, os diñeiros non van faltar, e van

votar positivamente a esta proposición porque vano solucionar. Entendino ben, verdade, señor Penas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, Rematou o debate, así que pasamos á votación.

(Voces do público)

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Por favor, por favor... Perdoe, perdoe, mire, perdoe, non está permitido intervir neste Pleno.... Descúlpeme. Houbo un debate, cada un expuxo os seus argumentos, votouse. Moitas moitas grazas. Permítanos continuar, por favor, co pleno.

15/156 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 313/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DAS CONDICIÓNS DA RÚA PAULO FABIO MÁXIMO (Exp. 2025/G004/000625).-** Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"As veciñas e veciños da rúa Paulo Fabio Máximo trasladáronlle ao Grupo Municipal do Partido Popular diversas inquedanzas relacionadas coa mobilidade, a limpeza, a accesibilidade e a seguridade viaria. Estas cuestións afectan de maneira directa á súa calidade de vida, e requiren dunha resposta áxil e eficaz por parte do Concello.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a Pleno esta proposición para que o goberno municipal adopte os seguintes ACORDOS:

1. Mobilidade e estacionamento
- Procurar unha localización consensuada para as caravanas dos feirantes, habilitando ademais máis prazas de aparcadoiro para residentes e aplicando criterios sancionadores uniformes.

2. Limpeza, mantemento e accesibilidade
- Reforzar a limpeza de beirarrúas, parques, xardíns e sumidoiros.
- Renovar as beirarrúas deterioradas, corrixir os problemas de altura nos accesos a garaxes e dotar a zona de ramplas que melloren a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida.

3. Seguridade peonil e viaria
- Rematar a beirarrúa pendente e dotar a zona de pasos de peóns seguros.
- Adoptar medidas urxentes no cruzamento da rúa Paulo Fabio Máximo coa avenida Infanta Elena, corrixindo a deficiente localización da rotonda e garantindo a seguridade do tráfico.

4. Servizos públicos
- Recolocar de maneira consensuada os colectores do lixo, garantindo a instalación dun paso de peóns próximo.
- Reforzar as liñas de autobús L3 e L4 nos días de maior afluencia ao Banco de Alimentos.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade do Excmo. Sr. alcalde presidente, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

## DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra en primeiro lugar o voceiro do Partido Popular, señor Vázquez, Cando queira.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Bos días, grazas señor alcalde... Ben, en primeiro lugar tamén dar a benvida e a en hora boa á señora Reigosa, esperemos que os seus acertos sexan os máximos posibles, porque serán tamén os acertos da cidade de Lugo.
Esta moción que traemos hoxe aquí nace dunha reunión coa veciñanza de Paulo Fabio Máximo, o cal tamén aproveitou para darlle as grazas por estar aquí. O que pedimos é moi simple, que actuar con sentido común, marcar prazos e, en definitiva, a render contas.
E vou empezar polo que o máis visible. Comezo ensinándolles una foto duns sumidoiros que están completamente ateigados de follas e, simplemente, nun daqueles sumidoiros, como vostedes poden imaxinar, o que ocorre alí cando chove e que se encharca completamente a rúa e ademais hai malos cheiros. Nós o que propoñemos aquí é un plan de choque con baldeo e limpeza por zonas. Un calendario que se publique de forma pública para saber como, cando e onde se está a actuar.
Miren, por outra banda, se mostramos esta fotografía, como poden ver, atopamos herbas entre as xuntas e lousas completamente levantadas. Os veciños, ademais, o día que estivemos alí contabilizaban ata máis de 140 baldosas nun tramo de 100

metros, o cal o que repercute é na mobilidade dos veciños, ademais de persoas maiores, que teñen auténticos problemas para pasear pola rúa. O que propoñemos é un inventario de reposición íntegra de ese tramo para garantir un itinerario que sexa seguro e que ademais sexa continuo.
Por outra banda, a mobilidade non pode ser, ou a accesibilidade, non pode ser simplemente un titular. Este é o estado no que se atopan os pododáctil desa mesma rúa de Paulo Fabio Máximo, o cal supón unha auténtica barreira sobre todo para persoas que teñen discapacidade visual, pero ademáis quero facerlles referencia a unha veciña que pasea, ben, neste caso móvese por alí cunha cadeira de rodas e para ela convertese nun auténtico obstáculo, non soamente para ela, transitar por esa rúa, senón tamén para a persoa que a acompaña.
Miren, o bordo da calzada, aquí teñen o bordo da calzada, está completamente invadido pola maleza e degrada o espazo público. Aquí a solución é rutina, porque se trata simplemente de facer un desbroce que sexa estacional, un desbroce que sexa estacional, onde simplemente se faga unha recuperación paisaxística e limpeza para mellorar tanto a visibilidade como a drenaxe.
Outro dos aspectos dos que se queixan os veciños da rúa Paulo Fabio Máximo son os problemas de continuidade peonil. Como vostedes saben, a rúa Paulo Fabio Máximo non está rematada, na metade da rúa aí remata beirarrúa, o que ocorre é que non hai pasos peonís e non hai pasos peonís, entre outras cousas, porque non hai beirarrúa, unha beirarrúa que fora xa, neste caso, comprometida pola entón alcaldesa dona Lara Méndez. Os veciños, e este grupo municipal, o que piden é que se remate esa beirarrúa ata o final, ata chegar ata a avenida Infanta Elena e que haxa eses pasos peonís que xa foran comprometidos e que ademais teñan unha boa iluminación.
Tamén falan os veciños de seguridade viaria, ademais poñen o acento nunha rotonda, que probablemente vostedes coñecen, na intersección que está baixando por Paulo Fabio Máximo e que fai a intercesión coa avenida Infanta Elena. Alí provocase de forma permanente invasións de carrís por parte dos coches, o cal provoca incidentes, algo que os veciños denuncian con moitísima frecuencia. Nós aquí o que pedimos é un estudo de detalle cun axuste de xeometrías e, dende logo, unha mellor iluminación.
Tamén fan os veciños referencia aos servicios públicos e centran as súas peticións en dúas cousas fundamentalmente. Por unha banda, a reubicación dos contedores de lixo, porque hai moitas persoas maiores que non poden chegar a eses contedores de lixo pola súa avanzada idade, polo tanto, proponse unha reubicación consensuada de todos eses contedores e ademais pasos de peóns para que as persoas de avanzada idade poidan facer esa actividades sie perigo.
E por outra parte, o reforzo das liñas 3 e 4 de autobuses, porque nos días que hay servizo no Banco de Alimentos eses autobuses veñen completamente ateigados.
Tamén se queixan os veciños, xa ven que a lista de desexos non é menor, dos accesos aos garaxes, os bordos son altos e fan que moitos coches choquen na parte de abaixo cos bordos. Incluso algúns veciños relataban que chegaron a pagar 421,08 euros por eses rebaixes, que non solucionaron o problema, tiveron que

acabar poñendo unas plaquetas metálicas que posteriormente o Concello lles fixo retirar. O que pedimos, neste caso, e rebaixes normativos ....

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Señor Vázquez, rematou o seu tempo, continúa na segunda intervención. Ten agora a palabra o voceiro do BNG, Rubén Arroxo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Bo día. Primeiramente, saudar aos veciños de Paulo Fabio Máximo que se atopan aquí e agradecerlle ao señor Vázquez Prado o ton, ademais das propostas que trae, porque eu creo que esta é a liña que se debe seguir nun pleno. Esta liña así positiva e construtiva.
Vou desgranando as diversas propostas, nas que hai algunhas que teñen viabilidade, pero hai outras que xa non teñen tanta, e vou ir explicando tamén razoadamente ou porque non?, Podemos comenzar falando do que se fala da ubicación consensuada das caravanas dos feirantes. Efectivamente, este ano houbo un fallo cando se organizou, as persoas que organizaron a planificación da estancia das caravanas cortaron unha rúa que non era necesaria, que en canto nos chegou a problemática, demos o aviso para que se solucionase o antes posible, todo aquí tarda, pero despois, ao final, abriuse a rúa que nunca se debeu ter cortado. Foi un erro humano á hora de deseñar ese plan.
Despois, no que atinxe a temas de limpeza, trasladarémosllo tamén á Concellaría de Medio Ambiente para que se teña en conta a posibilidade de atender estas cuestións.
Despois falan aquí de temas de beirarrúas deterioradas que, en todo caso, analizaremos despois. Eu, para este tipo de cuestións e algunha máis que veñen aquí, ofrézome despois a saída a quedar cos veciños, collémonos o teléfono, achegámonos alí un día e miramos concretamente os puntos para saber exactamente onde están, onde están localizados os que se poidan atender, e agora, ao rematar, xuntámonos aí un segundo.
Despois temos efectivamente o tema da beirarrúa que dea continuidade ata a Infanta Elena. Esa valorouse hai uns anos. Houbo un grupo de veciños que viñeron falar comigo para buscar a posibilidade de poñer un paso de peóns elevado, como se puxo hai un tempo para mellorar a seguridade e, cando se fixo, tamén comentaban a posibilidade de continuar a beirarrúa ata Infanta Elena. Hai un problema urbanístico esa beirarrúa, en principio tería, que facela e tería que asumir a carga urbanística desa beirarrúa o titular desas parcelas, porque é unha unidade a desenvolver e polo tanto, ten esa problemática. En todo caso, buscaremos saber, dentro das medidas legais, que posibilidades hai, aínda que sexa de poder facer un paso provisional que permita mellorar a seguridade e a conexión con Infanta Elena, porque ten esa esa dificultade que acabo de comentar.
Despois, unha das cousas que aparecen. Hay un tema aquí, que isto si que me preocupa máis, que aparece reflectido, supoño que foi un erro, o do reforzo das liñas. Un erro por parte do Grupo Popular, porque, a ver, eu creo que levamos dous anos e medio de mandato, esta proposición está asinada por 12 concelleiros e concelleiras, entendo que alguén saberá como é o contrato dos buses, porque en

todo caso habería que poñer que liña se retira para reforzar esta. Non aparece. Supoño que foi un erro, que queriades propoñer retirar outra liña para reforzar esta, senón sabedes que non se pode, dígoo porque sodes 12, levamos dous anos e medio, sabedes que para incrementar unha hai que retirar outra, Entón iso, non se pode modificar.
Por lo tanto, simplemente dicir que estamos en disposición de atender estas cuestións. E, nada, eu en canto remate a proposición, se queredes os veciños, saímos aí un momento, collo un teléfono e nos achegamos despois ata alí.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas señor Arroxo. Segunda quenda para o señor Vázquez. Cando queira.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Grazas señor alcalde. Adiantábase ademais agora o señor Arroxo a outra problemática da que, efectivamente, eu quería tamén dar conta, que é a mobilidade e o estacionamento por parte dos veciños, aqueles veciños que sofren, neste caso, a falta de aparcamento, como todos sabemos, tanto en San Froilán como tamén nas propias festas da Milagrosa, os feirantes aparcan alí as súas caravanas e, loxicamente, quedan os veciños sen bolsas de aparcamento, o cal ao final acaba repercutindo en sancións que neste caso poderían ser evitadas, pois no caso de que haxa esas prazas de aparcadoiros. Por tanto, nós o que pedimos, una ubicación consensuada desas caravanas, fóra das bolsas de residentes, e máis máis prazas de aparcamento onde sexa tecnicamente viable.
Miren, falaban vostedes agora, dando a razón, sobre estas peticións que teñen os veciños da rúa de Paulo Fabio Máximo. Eu quero lembrar que alá polo mes de abril eu mesmo defendía aquí mesmo neste pleno unha proposición, unha moción, onde se trataba de resolver tamén problemáticas dos veciños de Casás, e esa moción foi votada en contra. Por lo tanto, o que se pretende aquí con esta moción é non repetir os erros que se cometeron xa no tema de Casás. Habería que preguntar, vou a interpretar que o voto vaia ser favorable para resolver todas estas deficiencias, gustaríame saber tamén cal é a opinión probablemente do barrio de Casás cando vexan que as peticións por parte dos veciños da rúa de Paulo Fabio Máximo son coherentemente votadas a favor e non así as do barrio de Casás, porque ao final aquí o que estamos pedindo non son obras faraónicas, nin moitísimo menos, o que estamos aquí a solicitar son desbroces e limpeza, e, en definitiva, isto non se trata de épica, tratase de xestión e de vontade política.
Por lo tanto, diciamos que o importante é resolver estas problemáticas que traen aquí estes veciños. Ao final, señor Arroxo, ao final, señor alcalde, do que se trata é de convivencia e tratase de orde. Isto arránxase con vontade política, non soamente con respecto aos veciños de Paulo Fabio Máximo, senón tamén co resto dos barrios da cidade.
Por lo tanto, non tomen en consideración, esa frase que tanto lles gusta a vostedes: tomámolo en consideración, pois non tomemos en consideración as distintas demandas da veciñanza, votemos a favor e aprobemos hoxe un método con prazos, informes claros e control público. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Segunda queda para o señor Arroxo. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Non, eu xa aclarei que esta proposición ten dúas cousas que non poden ser aprobadas porque están mal. Entón non podemos votar a favor, que non quere dicir que agora vaiamos falar cos veciños e ver todo o que se pode facer, o que se pode recoller. Acabo de mencionar dúas: unha é o que respecta ás liñas, que está mal plantexada, así non se pode executar, ou sexa, podémonos facer trampas ao solitario, votar e que non se faga. Eu creo que non é serio. E logo está o tema de que, tal e como expliquei, o da continuación da beirarrúa, que tería que ter outro tipo de solución, non a que aquí se expón, e, polo tanto, non podemos votar a favor porque está mal plantexado. Xa llo expliquei, pero que o que si imos a tratar de darlle solución a todas estas cuestións, por iso nos imos agora a poñer en contacto para todos estes temas: tema do rebaixe, situación das baldosas mal colocadas, o das ramplas, etcétera, etcétera, para que todo eso se poida levar a cabo. Claro, a ver, o que non podemos é saltarnos as normas, non podemos saltarnos un contrato, non podemos saltarnos as normas urbanísticas, etcétera, etcétera, pero todo o que é viable ímolo facer, pero non podemos aprobar esta moción que ten estas cuestións que non son válidas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Mentres. Gracias, Pois quenda de peche para o señor Vázquez.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Grazas alcalde. Ben, levan vostedes no Goberno seis años e durante seis anos vostedes foron incapaces de arranxar unha problemática que os veciños de Paulo Fabio Máximo levan reclamando moitísimo tempo. Esa é a gran realidade. Vou rematar a miña quenda referíndome aos veciños de Paulo Fabio Máximo. Miren, vostedes tiveron unha reunión con nós, nós comprometémonos nesa reunión a traer esas reivindicacións aquí. Agora acaban de escoitar o que vostedes acaban de escoitar. A pelota está no tellado neste caso do Goberno. Señores do Goberno, aquí teñen vostedes aos seus veciños, señores veciños, aquí teñen vostedes o noso Goberno. Isto é así. Vou rematar cunha frase de Xulio César que di: *Alea, iacta est* “la suerte está echada”. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Antes de votar tamén quería facer un pequeno comentario. Primeiro tamén saudar aos veciños, benvidos. Segundo, dicirlles que a resposta positiva ou negativa que se vaia dar, positiva en moitos temas e outra máis dubidosa polas razóns que se lles explicou, ía a ser exactamente a mesma se nola trasladarán vostedes directamente por moitos medios, que se nola trae o Partido Popular. Por tanto, cada un que interprete o que considere que ten que interpretar.
Desde o punto de vista de medio ambiente, simplemente tres pequenos comentarios: Existe un plan de choque integral de sumidoiros e de taxeas por toda

a cidade, existe en toda a cidade. Que pasa? Que hai zonas que, pola súa orografía, porque están máis baixos, hai más presión, etcétera, etcétera, pois incrementa esa atención máis veces, e tamén, é verdade, que na época de caída de follas, por exemplo, pois ao mellor ese limpeza vai un pouco máis lenta. En todo caso, se nesa zona é necesario incrementar a limpeza de sumidoiros, pois trasladarémolo aos servizos correspondentes para que así o fagan.
En relación aos desbroces, tamén saben que hai establecido un programa permanente por toda a cidade que vai rotando barrio tras barrio e que ás veces tarda un pouquiño máis porque é unha superficie verde importante na cidade. Vale? Tamén comunicareille, porque eu descoñecía, efectivamente, dicía o señor Vázquez, que levan moitos anos esixindo ..., eu descoñecía este extremo, como descoñecía absolutamente o tema dos contedores de lixo. Saben que o Concello fixo un esforzo moi grande de cambio de contedores, etcétera, etcétera, e non hai ningunha petición dos veciños, ningunha, e dígoo a boca chea, nin na cidade nin en todo o rural, que non se atenderá o cambio, salvo que tecnicamente non fose posible porque, como saben, os contedores... os camións teñen carga lateral dun lado. Entón, eu non teño coñecemento desta demanda dos contedores, inmediatamente a trasladarei ao servizo correspondente, e, se efectivamente é posible atender esa demanda, nun prazo inmediato se van a cambiar, sempre e cando, repito, que os informes técnicos dos que saben diso, dos que asesoran e tendo en conta os camións que temos de recollida, etcétera. Se é así, de forma inmediata vanse a cambiar. E, dito isto, pasamos á votación. No.

**(Voces de fondo dunha persoa o público preguntando se pode dicir algo)**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Non, síntoo, pero non..., non. Estamos no Pleno municipal, hai unha institución que respectar, hai unhas normas que respectar, e non está permitido. Eu ofrézolle que cando termine o Pleno vos recibo aquí, aí ou onde queirades e falamos o tempo que vostedes queiran. No Pleno, hai un respecto institucional que é que é a miña obrigación facelo respectar. Moitas grazas e pídolles silencio por favor.

16/157 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 314/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A APROBACIÓN DUN PLAN DE REEQUILIBRIO PARA O BARRIO DE RECATELO, EN ATENCIÓN ÁS ESPECIALIDADES DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN, O BOTELLÓN E O MANTEMENTO DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO (Exp. 2025/G004/000626).-** Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

O barrio de Recatelo, situado no corazón da cidade de Lugo, representa un espazo de gran valor histórico, social e ambiental para toda a cidadanía. No seu ámbito atópase o emblemático Parque Rosalía de Castro, un auténtico pulmón

verde da cidade, con importantes valores arquitectónicos e botánicos, que leva máis dun século sendo lugar de encontro e ocio para xeracións de lucenses.

O Grupo Municipal do Partido Popular xa presentou no mes de xaneiro deste ano unha proposición co obxectivo de adoptar diversas medidas urxentes e necesarias para mellorar a situación do barrio de Recatelo e do Parque Rosalía de Castro, proposición que foi rexeitada co argumento de que xa se estaba a traballar nas cuestións que solicitabamos. Porén, as actuacións propostas naquela iniciativa seguen sen executarse, a pesar dos reiterados compromisos adquiridos por parte do goberno municipal, o que alimenta o sentimento de abandono que expresa a veciñanza.

Cómpre sinalar, ademais, que actualmente están pendentes os trámites administrativos para a declaración do Parque Rosalía de Castro como Ben de Interese Cultural (BIC), recoñecemento que contribuiría á súa protección, conservación e posta en valor, pero cuxa tramitación continúa sen avances significativos, segundo tivemos ocasión de comprobar na Comisión de Transición Ecolóxica do mes de setembro.

A esta situación de falta de atención estrutural súmase á problemática derivada da celebración das festas patronais de San Froilán. Cada ano, durante este período, o barrio de Recatelo sofre un impacto considerable derivado do aumento masivo de visitantes, o que ocasiona problemas de convivencia veciñal, ruídos excesivos, sucidade, inseguridade e deterioro das infraestruturas públicas. O fenómeno do botellón, especialmente na contorna do parque, agrava esta realidade, xerando constantes queixas da veciñanza que reclaman unha resposta decidida e eficaz, ao que se suma un sistema de limpeza que non soamente amosa deficiencias no resultado, senón que tamén implica contaminación acústica dende primeira hora da mañá.

O Grupo Municipal do Partido Popular mantén unha canle de diálogo constante coa Asociación Veciñal de Recatelo, cuxas achegas e demandas fundamentan esta proposición, co obxectivo de garantir un equilibrio entre a celebración das festas, a convivencia cidadá e a calidade de vida no barrio durante todo o ano.

Por todo isto, considérase necesaria a posta en marcha dun plan específico para Recatelo, que permita mitigar os impactos negativos e promover un barrio vivo, seguro e sostible.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a Pleno esta proposición para que o goberno municipal adopte os seguintes ACORDOS:

1. Aprobar un plan de reequilibrio para o barrio de Recatelo, que inclúa, como medidas prioritarias:

a) Incremento da limpeza e mantemento periódico dos espazos públicos, especialmente do Parque Rosalía de Castro e das zonas máis afectadas polo botellón, buscando fórmulas para que a dita actividade non empeore as condicións de contaminación acústica da contorna.

b) Reforzo do control policial, tanto da Policía Local como da Policía Autonómica, para evitar o consumo de alcohol na vía pública, en especial durante o horario nocturno e nas festas patronais.

c) Desenvolvemento de programas culturais, sociais e turísticos ao longo de todo o ano, coa finalidade de fomentar a participación veciñal e dinamizar o barrio máis alá das datas festivas.

d) Estudo e, se é o caso, se procede, aplicación de medidas urbanísticas que melloren a accesibilidade, iluminación e seguridade do barrio.

e) Promoción da rehabilitación e conservación dos inmobles singulares do barrio para garantir a súa integración urbana e a preservación do patrimonio.

f) Estudo e, se é o caso, implantación, se procede, de mecanismos de compensación económica ou fiscal para veciños e comercios afectados pola excepcionalidade das festas patronais.

g) Estudo e, se é o caso, implantación de medidas que lles garantan aos veciños do barrio a posibilidade de aparcar no seu barrio.

h) Fomento da colaboración institucional entre o Concello de Lugo, a Xunta de Galicia e as asociacións veciñais para garantir a correcta execución e seguimento do Plan.

2. Instarlle ao goberno municipal a designar unha comisión de seguimento do plan de reequilibrio, con representantes do Concello, das asociacións veciñais e outros axentes sociais implicados no barrio.

3. Remitirlle esta proposición á Xunta de Galicia para solicitar a súa colaboración, tanto a nivel económico como cultural e social, na execución do Plan de reequilibrio para Recatelo.

4. Instarlle ao goberno municipal a poñer en marcha un plan específico de conservación e posta en valor do Parque Rosalía de Castro, como parte fundamental do patrimonio natural, cultural e social da cidade de Lugo e de rematar os traballos precisos para acadar a consideración de BIC para o noso gran parque central.

Tendo en conta, así mesmo, a emenda presentada polo mesmo Grupo Municipal Popular, autor da proposición, na que propón engadir un novo punto de acordo do seguinte teor:
“1. Que o goberno municipal informe de xeito puntual e transparente sobre o proceso de obras iniciado no edificio da “Caseta de Telefónica” así como sobre o futuro uso da mesma”.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, co engadido contido na emenda aprobada, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade do Excmo. Sr. alcalde presidente, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, ten a palabra a voceira do Partido Popular. Cando queira Cristina.

DONA CRISTINA SANZ ARIAS: Grazas señor alcalde, e bo día a concelleiras e concelleiros Benvida María, deséxoche moita sorte nesta etapa que comezas.
Bien, en primer lugar, quiero saludar de nuevo en este pleno municipal a los vecinos del barrio de Recatelo y del parque de Rosalía que aquí nos acompañáis porque vuestra voz y vuestro trabajo incansable han logrado que el debate político se mantenga presente la importancia de conservar, de recuperar y de favorecer la convivencia en esta zona, objetivo para el que siempre contaréis con el apoyo del Grupo Municipal Popular. Decía Enrique Tierno Galván que gobernar una ciudad no es mandar sobre sus calles sino cuidar de sus vecinos. Y eso es precisamente lo que venimos a pedir, que el Ayuntamiento de Lugo cuide de los vecinos del barrio de Recatelo, un barrio que lleva demasiado tiempo soportando problemas que no le corresponden y que merece la atención, respecto y soluciones. Recatelo es un barrio con vida, con historia, con identidad, situado en el corazón de Lugo y en el que se encuentra el emblemático parque de Rosalía de Castro, auténtico pulmón verde de nuestra ciudad. Es un barrio que nos preocupa y nos ocupa. Hemos traído en numerosas ocasiones proposiciones, preguntas y ruegos sobre temas de la zona y así lo seguiremos haciendo mientras non se resuelvan las necesidades y los problemas de los vecinos. Este mismo año defendimos una moción que fue rechazada por este Gobierno con el argumento de que ya estaban trabajando en ello. Sin embargo, transcurridos hoy precisamente nueve meses desde aquella moción, los residentes nos seguís trasladando que la situación no ha mejorado, sino que incluso está empeorando, motivo por lo que presentamos una nueva propuesta con el objetivo de garantizar un equilibrio entre la celebración de las fiestas patronales y el fenómeno del botellón con la convivencia ciudadana y la calidad de vida en el barrio durante todo el año. Y ya aviso que lo seguiremos haciendo. Seguiremos defendiendo y cuidando a los vecinos de Recatelo hasta que se les haga caso o hasta que gobernemos dentro de poco más de un ano,

momento en el que implementaremos las medidas que ahora pedimos para que implante este Gobierno.
Bien, a efectos de organizar mi tiempo en el debate, en este primer turno hablaré del contenido de la iniciativa y en el segundo de la autoenmienda presentada relativa a las obras que se están llevando en la caseta de Telefónica. Aunque mas adelante entraré en tema quiero decirles alto y claro que lo único que pretendemos es que se actúe con transparencia en la información sobre las obras que se están llevando en ese local y sobre su adecuación al destino que prevén. Nada más. No hagan ninguna otra lectura porque sería falsa.
Bien, señores concejales, esta moción va esencialmente de tres cosas: va de convivencia, va de seguridad y va de compensación y para ello quiero centrarme en dos situaciones que padecen con carácter crónico estos vecinos, que son el botellón y las fiestas de San Froilán. Es una realidad que la instalación durante case un mes de las fiestas patronales supone una alteración completa del día a día del barrio. Durante este período los vecinos padecen ruido constante que se vuelve en algunos momentos insoportable; tienen dificultades para acceder a sus viviendas; conviven con la acumulación de residuos; soporta cambios de tráfico y se agravan las restricciones ya habituales en las plazas de aparcamiento; hay dos calles peatonales y dos en las que se prohíbe aparcar durante estas fiestas, que son Pascual Veiga y Ribadeo, lo que convierte en misión imposible encontrar una plaza de aparcamiento durante todo un mes. Por otra parte y aún más preocupante a lo largo de todo el año, el parque de Rosalía de Castro se convierte en el epicentro del botellón de Lugo. Cientos de jóvenes se concentran en la zona generando ruido, suciedad, destrozo de mobiliario, desperfectos en la vegetación, sensación de inseguridad y un deterioro generalizado de la zona. Y la convivencia. Como una imagen vale más que mil palabras, creo que no hai mucho más que decir después de ver esta foto, una de tantas de las que continuamente nos pasáis los vecinos, que supongo que también se las pasáis al Concello.
Non se trata en modo alguno de criminalizar a los jóvenes ni de cuestionar las festas, que quede claro, lo que queremos es proteger la seguridad, el derecho al descanso de los vecinos y proteger los bienes públicos.
Bien, respecto al descanso tengo ya otra foto que no voy a enseñar y que era en una conferencia en la que estaba el alcalde acompañado de una concejala atendiendo la charla que se llamaba *El sueño es vida*, y eses vecinos lo comparten, que el sueño es vida y se preguntan por qué ellos no tienen ese privilegio durante los fines de semana o durante el San Froilán.
Bien, ya para acabar, mencionar otro de los problemas de convivencia generados en la zona, y creo que hay aquí algún vecino que le afecta directamente. Hay un local, ya ha sido visitado por la Policía que funciona como after en la calle Villalba, local que, segundo leemos en prensa, fue denunciado por una presunta infracción muy grave a la ordenanza de contaminación acústica y por sacar bebidas a la calle. Esperemos que el Concello esté vigilante e y que exija el cumplimiento de la normativa y que exija que en este local se ejerza la actividad para la que tiene concedida la licencia, porque nosotros sí que estaremos vigilantes.

Bien, ante esta situación proponemos una serie de medidas que no me va a dar tiempo a describir pero que, bueno, que vienen en la moción que hemos registrado: limpeza, policía, iluminación, limpeza de graffitis, que ….

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda agora para o voceiro municipal.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moi benvidos de novo aos veciños e veciñas de Recatelo. Coma sempre, o Goberno de Lugo está comprometido coas demandas veciñais e sempre á súa disposición. E mostra diso é o diálogo e o contacto que se mantén non soamente co barrio de Recatelo, senón con todos os barrios da cidade. Pero, ben, acaba de mostrarse o exemplo das proposicións do Partido Popular, que fai súas as propostas dos veciños, porque estas demandas tamén nos chegan e o Concello non está xordo e sempre intenta atendelas dentro do posible, do cumprimento da normativa ou da capacidade orzamentaria ou doutros requisitos que poida ter cada situación, pero sempre estamos vixiantes. Pero, como dicía, o exemplo acaba de suceder con Milagrosa, con Paulo Fabio e, agora, supoño que tamén ocorrerá cos veciños e veciñas de Recatelo que, mentres a súa proposta, ademais mencionou vostede, señora Cristina, fan súas ás demandas veciñais, tamén, as intencións, se me permiten, cun grao de mala intención, que van xerar controversia seguramente, porque son coñecedores de que todas aquelas propostas, porque levan, non sei quen dixo seis anos, pero algún ou algunha leva máis de seis anos neste Concello, e saben perfectamente que en todo aquilo que se está levando a cabo, votamos en contra, que non significa que non se estea atendendo, dígoo por que hai que recalcalo de novo, pleno tras pleno e pleno tras pleno, por iso falo da mala intención, ou da posible mala intención, porque son sabedores disto e indícano na súa proposta e manifestaron verbalmente e dende a oposición vendendo fume, que é o que mellor saben facer, porque realmente, acaba de dicilo agora tamén aos veciños e veciñas, estou segura que nin sequera valoraron o custe ou a viabilidade de todas e cada unha das opcións que levan aí. Seguramente non se preocuparon e despois non queren modificar orzamentos, non queren aprobar. É bo que os veciños e veciñas estiveran en todo o Pleno para que vexan a incoherencia: Non permiten modificacións de créditos, pero fan promesas vagas e fóra de contexto, E ademais autoeméndanse, porque agora xa o avisan, que meten unha autoemenda porque tamén teñen unha preocupación, que non mal interpretemos, dun dun espazo que posiblemente se vaia a utilizar por menores, noutro momento que non nos corresponde a nós esa competencia, xa lle adianto que é do ministerio que é quen está tomando as decisións e as asociacións, que, por certo, volvo recordar, é que eu estou detectando ou paréceme ou percibo, que a voceira que acode a reunións onde se lles traslada a información de determinados supostos, como era antes o caso das indemnizacións, agora o caso do espazo que pode ser utilizado polo ministerio pois tamén se trasladou a información pertinente. Non sei se é que non teñen comunicación ou se pretenden crear controversia por falalo con palabras menos doentes que algunhas que se utilizaron.

E, como sempre, volvo repetir, dende a oposición deberían ser responsables politicamente, porque a veciñanza ten criterio e sabe cando lle están vendendo a moto e cando non, e o Partido Popular ultimamente dedícase a vender motos e a dicir que vai facer, que vai facer, que vai facer, pero non ten en conta a planificación que supón, é o que ten de verdade, porque claro que dende a oposición pedir é sinxelo, xera beneficios, porque o Partido Popular que fai, promete, promete, promete e se estas... **(voces do público)** ... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:. Favor, silencio, por favor silencio.... Continúa a SRA. GONZÁLEZ ABELLEIRA: ... se estas... O que dicía ao principio, e non é que teña unha bóla máxica, pero é a intención do Partido Popular: enfrontamento. Como dixo o señor Javier, miren, aí están os veciños e aquí esta o ....

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señora Abelleira. Rematou o seu tempo. Segunda queda para a señora Sanz. Cando queira.

DONA CRISTINA SANZ ARIAS: En la línea de varias de hoy, se trata de una propuesta absolutamente construtiva. Es nuestro trabajo escuchar a los vecinos de Lugo, atender sus demandas e traerlas aquí. Si ustedes creen que lo están haciendo, yo creo que ellos -parece que queda claro- que no lo perciben dese modo y creo que queda claro. En cualquier caso, como dicía, en el segundo turno iba a hablar de ese sistema, que vimos la información en los medios de las obras que se está realizando en la caseta de telefónica y sobre a que uso se va a destinar esta caseta. Como dicía, se trata de un tema muy delicado y, como dije, quiero que quede muy claro nuestra posición, porque desde o Grupo Municipal Popular non estamos, en modo alguno, en contra de que el Gobierno de Sánchez decida trasladar a un grupo de menores a esta cidade en cumplimento de la sentencia del Tribunal Supremo que obliga a recoger y a trasladar 1000 menores, 1000 solicitantes de asilo que estaban en Canarias. Galicia es una tierra solidaria, acogedora y además es una sentencia y las sentencias se acatan.
Lo que no vemos normal, ni nosotros ni los vecinos, es la ausencia de información. La realidad es que en esa caseta están haciendo obras, supuestamente para cumplir el mandato del Gobierno de Sánchez y el alcalde, del mismo color político, igual que parte de la Corporación, dice que no sabía nada de modo oficial y que se enteró por la presentación de una comunicación previa en el Concello. Yo le creo, señor alcalde, le creo que no tenía ninguna comunicación oficial, pero lo que queremos es que haya transparencia, queremos que tanto la Subdelegación del Gobierno como el Concello de Lugo informen sobre qué tipo de obras se están haciendo en ese inmueble, qué permisos cuenta y a que se van destinar las instalaciones. Queremos saber si se trata de un edificio con las condiciones adecuadas para albergar a eses menores. Disponemos de muy pocos datos. Leíamos en la prensa das declaraciones del alcalde en las que decía que el pasado 22 de octubre… y que ahí es cuando tiene noticia de las obras. Bien, en base a estas declaraciones, se nos genera alguna duda, si la comunicación previa es del 22 de octubre, ¿como llevaban haciendo obras allí durante dos semanas, ya antes?

Porque era algo que a nosotros nos había llegado, pero seguro que a ustedes también les llegó porque están en la calle, conocen la ciudad, supongo que igual o debería ser mejor que nosotros, las obras no se pueden iniciar antes de presentar la comunicación previa, es más hay que esperar 15 días, aquí ya llevaban dos semanas iniciándose. Y otra pregunta también: si la comunicación previa es el trámite que este tipo de obra requiere. Y lo digo por dos motivos: lo digo porque existe la posibilidad de que estas obras que se están realizando estén sujetas a un informe sectorial, caldas, protección del parque Rosalía, la protección al Hospital Garcia Portela, etcétera. O lo digo también porque si el uso es residencial, hablamos todo con teorías porque no sabemos nada, si el uso es residencial, tampoco sería suficiente tal comunicación previa, sino que requeriría de licencia acompañada de un proyecto técnico y del resto de documentos.
Entonces, lo que queremos, señor alcalde, nosotros, pero los vecinos y la ciudad en general, es que den información veraz, que sean transparentes en todo este proceso, que hasta ahora no lo han sido, y que garanticen que, si vienen eses menores, se alojen en lugares con las condiciones más adecuadas para ello.
Por otra parte, ya para acabar, se me olvidaba un tema que ya pedimos varias veces, que es que el parque sexa declarado BIC. De hecho, el Concello de Lugo durante el mes de enero anunció que pediría elevar su protección y que sea declarado BIC. Nosotros lo pedimos también en una moción ese mismo mes, pero ante a falta de avances, ante una pregunta en comisión que dijeron que estaban preparando los documentos, anímense e apúrense un poquito y preocúpense, por favor, de este tema, soliciten cuanto antes da declaración de BIC...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Sanz, rematou o seu tempo. Quenda agora para a señora Abelleira. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, como vostede tampouco se centra nas peticións exactas e tal, voulle dicir os actos que se levaron a cabo dende o goberno municipal e as actuación que se executaron neste barrio, ás últimas, que podemos falar de moitos anos atrás, pero nos últimos anos: a peonalización do Carril dos Loureiros; actuacións no parque de Rosalía, con plans específicos de tráfico operativos para as festas e non soamente do San Froilán, senón as do propio barrio; o alumeado ornamental, cousas que podemos documentar e presupostar e dicir o que supuxeron de investimento. Loureiros foron 367.000 euros; o alumeado ornamental, 203.000 euros; a rehabilitación que no seu día se fixeron que, segundo a información que consta para toda a veciñanza, un plan que superou os dous millóns de euros. E entón eu creo que é importante cuantificar as demandas e a atención.
En canto ao botellón, que están tan interesados, saben que hai contactos, e que a Policía, tanto nacional, como a autonómica, como a local participa, convoca e traslada ao persoal e fai o que lle permiten as normas. De todas as maneiras feitos que se poden contrastar e que son reais. Volvo ao facer a mesma pregunta: Non cambiou o barrio, o barrio de Recatelo nos últimos anos? Polo tanto require novas

actuacións, e esas actuacións, como dixen na primeira intervención, estamos sempre a disposición de que a veciñanza nos las traslade e que, por suposto, se teñen viabilidade, porque moitas veces as promesas convértense en criterios que, ao mellor, son pretendidos trasladar para que haxa estes enfrontamentos. Pero, dende logo, o Goberno de Lugo non pode votar a favor desta proposición precisamente porque non se cumpren os preceptos necesarios para saber se a podemos levar a cabo ou non, e encima un *tutom revolutum* de todo o contido, metendo agora a caseta de tal, que tamén lles vou dicir nestes 30 segundos que me quedan: o Concello non ten que dar esas explicacións, é un tema que é levado dende o Ministerio, e, en todo caso, tamén pasará por un informe sectorial da Xunta de Galicia, e non sabemos a finalidade, nin se vai ser utilizada, tal é como se lle trasladou a súa voceira, non sabemos se pode ser utilizada para aloxamentos, se pode ser un almacén se pode... é capacidade do Ministerio decidir para que vai ser ese uso. E do que entrou no Concello de Lugo, darase conta...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Moitas grazas. Rematou o seu tempo. Última quenda para a señora Sanz. Cando queira.

DONA CRISTINA SANZ ARIAS: Consideramos que la celebración de unas persoas no puede supoñer el sacrificio de otras. Y, señora Abelleira, hemos pedido en la moción, si lee bien, medidas al Concello, a medidas y a la Xunta de Galicia.
Dice que está haciendo cosas, pues parece que a los vecinos no les resulta suficiente. De todos modos, que sepan los vecinos que el Gobierno local de Lugo hoy va a votar en contra de lo que pedimos: que haya un reforzo de la policía, tanto local como autonómica, especialmente durante las noches botellón para ver si se puede intentar impedir que se celebren; que se mejore la iluminación de todo el barrio, que me consta que ya están empezando, lo que pedimos es que se amplíe a todo el barrio esa mejora de la iluminación, que es muy escasa; que se refuerce la limpieza derivada de estas situaciones y que se atiendan las llamadas de los vecinos derivadas de los grafitis, que nos trasladan que no se les atiende porque hay muchísimo trabajo, y además, cando se detectan los infractores de este daño al patrimonio público o patrimonio privado no se les está sancionando; que se replanten los árboles talados, como obliga el plan director del parque. Están votando en contra de que se compense a los negocios afectados tanto por las fiestas como por el botellón y también en contra de que se desarrolle un plan de dinamización. De todo eso va votar en contra el Gobierno municipal.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Moi ben, pois antes de votar tamén quería facer uns pequenos comentarios. Estou encantado de que estean aquí os veciños do parque do Recatelo. É unha pena que non tiveron anteriormente, porque eu creo que é o momento, e aquí quedou claro, de mostrar o *modus operandi* e a mecánica que segue o Partido Popular dun tempo a esta parte, que non é outro que o de acudir a un barrio ou a dous ou a tres, a cantos máis mellor, reunirse cos veciños e veciñas, pedirlles que

trasladen todos e cada un das necesidades que teñen, que é lícito, e despois o que xa non é tan lóxico, que é darlles a entender que todos eses problemas, todos e cada un deses problemas, se poden solucionar de inmediato e ademais de forma paralela, sen ter en conta... **(Voces de fondo do público)** ... Perdón, perdón, perdón, non se pode falar, xa llo dixen, faga o favor de non interromper, vale?,
Digo, que dándolles entender que eses problemas se van solucionar de forma inmediata sen ter en conta nin os orzamentos, nin as prioridades, nin ás cuestións técnicas. Por tanto, iso é, primeiro, non é responsable, porque o fan en todos e cada un dos barrios da cidade e evidentemente todos sabemos que os recursos son limitados e que non se pode solucionar todo de forma paralela e, por tanto, é unha forma de enganar aos veciños e o que busca é que haxa precisamente ese enfrontamento que intentaron conseguir hoxe aquí.
Os recursos son as que son. nós temos un proxecto de cidade, un modelo de cidade, no que estamos traballando, estamos executando moitas cousas e pídennos un plan de reequilibrio para o barrio de Recatelo e o parque. Home! o plan de reequilibrio témolo en todos e cada un dos barrios da cidade e chámase modelo de cidade, e niso estamos traballando e nós sabemos perfectamente as necesidades dos veciños, porque os escoitamos e falamos con eles. Por tanto, non é necesario que o trasladen vostedes porque xa falamos cos veciños.
E voulles falar de dous temas en concreto: de Recatelo e das cámaras.
Recatelo. creo que no fondo todos estarán comigo, que foi un dos barrios, senón o barrio, que máis transformacións en positivo sufriu na cidade de Lugo nos últimos anos. Seguro. E non vou repetir moitas actuacións que dixo moi ben a voceira Abelleira, pero son así e outras, como incluso recoñeceron o da iluminación, que se están facendo. É dicir, que grazas á intervención deste Concello trasladouse unha zona con risco de degradación en certas fases..., nunha zona puxante, como é hoxe. Que hai moitos problemas, de convivencia, locais...? Claro que si. Que hai que abordalos e solucionalos? Claro que si, pero ten que ser priorizando os máis urxentes e os veciños saben perfectamente que, en canto a temas de seguridade, teñen á súa disposición porque se reunión con eles varias veces e ademais colaboraron eficazmente para solucionar algún tema puntual, á nosa Policía Local que utilizaron varias veces. Por tanto, nese aspecto eu creo que, entendendo que hai moi das cousas que mellorar, creo que é tamén razoable, e é leal, e é sensato e honesto pensar que toda a cidade necesita atención e moitas cousas, que o estamos facendo, pero os recursos e os orzamentos son limitados, vale?
E despois falarlles das cámaras. Miren, das cámaras xa lles trasladei á nosa información ou non información á Xunta de Portavoces, onde estamos un representante de cada grupo. Trasladeillo persoalmente á señora Candia e comentabámolo varias veces nos medios de comunicación, o que pasa é que o que eu traslado, que é a verdade e honestamente é a información que temos, por máis que estiven e estou en contacto con distintos departamentos e ministerios e responsables deste tema, parece que non lle gusta á señora Candia. Pois eu laméntoo moito, eu non lle podo dicir o que vostede quere, eu voulle dicir o que é real, o que é verdade, e a verdade e a realidade é que non hai información sobre iso, non hai información, nos distintos ministerios, na subdelegación, na delegación,

non hai información neste momento, hai rumoroloxía e comentarios, non hai información. Que é posible que veñan eses rapaces? Si. Que temos esa certeza ou datos para pensar que ocorre? Non, ningún, non temos, non temos, nin nós, nin vostedes, nin ninguén, non a temos, vale? Non sabemos se veñen, cantos veñen, nin en que cando... Non o sabemos oficialmente, e extraoficialmente hai rumores e comentarios. Só iso, só iso, como hai noutras cidades de Galicia, que non é exclusivo da cidade de Lugo, hai outras cidades de Galicia que están adaptando locales e edificios con esas miras se puidese ocorrer que viñesen, pero neste momento oficialmente non hai ningún tema.
En referencia ao edificio ese, a ver, nós actuamos con todos os edificios, todos locais, exactamente igual. Hai unha norma que te obriga, se obra menor, a presentar unha comunicación previa, e se é unha obra maior, una licencia. No momento en que temos coñecemento de que se incumpre algunha desas normativas, unha destas obrigacións, actuamos, como foi neste caso, actuamos no momento en que soubemos, nos presentaron unha comunicación previa que non se correspondía coas obras que se ían facer alí, que realmente é precisa unha licenza maior, actuamos como en calquera outro sitio da cidade, que é a nosa obrigación, e por iso temos un Servizo de Urbanismo que funciona perfectisimamente, e non lles caiba ningunha dúbida, non lles caiba ningunha dúbida, que se o local ese ao final se destina para albergar eses rapaces e non cumpre, actuaremos ata as últimas consecuencias, porque cumprimos a lei, en primeiro lugar, e, en segundo, somos solidarios e estamos encantados, se é que veñen, de atenderlos. Lugo é solidaria, a cidade de Lugo é solidaria e os veciños somos solidarios... **(voces de fondo)** ... Por favor, por favor, por favor, por favor, non me obrigue a ter que desaloxar porque non teño ningún problema, non teño ningún problema. Eu pídolle o mesmo que a todo o mundo, as normas desta casa son así, de acordo. Entón, barrio de Recatelo, fíxose un un esforzo moi grande dende este Concello durante anos e mellorouse, quedan moitas outras cousas a mellorar, entre elas o BIC, que, efectivamente, estamos traballando no BIC, pero iso ten unha tramitación, uns informes, uns expedientes, uns estudos. Non é solicitalo é xa está, e se lles trasladan esa opinión é mentira, créanme a min, é mentira. Estamos traballando no BIC do parque Rosalía, estamos traballando pedíndo informes, os estudos, etcétera, etcétera. E o edificio, en caso, xa se está actuando dende Urbanismo e, se ao final se concreta ou se produce que veñan eses rapaces e rapazas, non teñan ningunha dúbida de que este Concello por supostísimo que vai actuar. E, dito isto, pasamos á votación.

**(Voces de fondo da Sra. Candia López solicitando a palabra por alusións)**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Xa tivo tempo de debater, como os demais, non ten a palabra porque, por cada cousa que falamos, séntense ofendidos, séntense afectados e piden a palabra. Votamos.

**(Persisten as voces de fondo da Sra. Candia López)**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ...Por favor, por favor. Eu presido este Pleno e dígo que imos a votar.

**(Voces e balbordo de fondo)**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Se hai un artigo, recorran vostedes o que teñan que recorrer. Procedemos a votar.

## MOBILIDADE URBANA E SANCIÓNS

**Abandona a sesión dona Maria Reigosa Castro.**

17/158 **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AUTOTAXIS: CORRECCIÓN DE ERRO PRODUCIDO NO ACORDO DE DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA.-** Exmaminado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIÓNS, asinada pola xefa de sección e polo tenente delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas o 16 de outubro de 2025, do seguinte teor:

"O Pleno do Concello de Lugo, en sesión celebrada o día 29 de outubro de 2025 deu conta da aprobación definitiva da ordenanza municipal reguladora do servizo de autotaxis.
Advírtese no acordo plenario 19/137 un erro de transcripción por canto se omite o contido dos artigos 34 ó 44 (inclusives) que se corresponden ós Títulos 6º e 7º de dita ordenanza.
*É de aplicación o Artigo 109.2 da Lei 39/2025, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas: "As Administracións Públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos."*
Tendo en conta o anterior, propónse:
Primeiro: Se adopte o acordo de dación de conta da aprobación definitiva da ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi conforme ó texto que se achega como anexo I.

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS,emitido na sesión celebrada o día 23 de outubro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 23

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 23 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

CORRIXIR o erro producido no acordo número 19/137, adoptado no Pleno ordinario celebrado o 29 de setembro de dación de conta da aprobación definitiva da ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi.

O texto correcto é o que se achega como **ANEXO 1**

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AUTOTAXIS**

ÍNDICE

PREÁMBULO........................................................................................................5
TÍTULO PRIMEIRO. OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL............................6
Artigo 1. Obxecto..................................................................................................6
Artigo 2. Competencia municipal..........................................................................6
TÍTULO SEGUNDO. TÍÍTULOS HABILITANTES PARA PRESTAR SERVIZOS DE TAXI.......................................................................................................................8
Artigo 3. Os títulos habilitantes...............................................................................8
Artigo 4. Requisitos para ser titular da licenza.......................................................9
Artigo 5. Limitación na titularidade de licenzas.......................................................9
Artigo 6. Creación de novas licenzas de taxi..........................................................9
Artigo 7. Transmisión das licenzas de taxi............................................................10
Artigo 8. Extinción das licenzas............................................................................11
Artigo 9. Rexistro municipal de licenzas...............................................................12
TÍTULO TERCEIRO. OS VEHÍCULOS DE TAXI.....................................................13
Artigo 10. Normas xerais.......................................................................................13
Artigo 11. Requisitos.............................................................................................13
Artigo 12. Taxímetro..............................................................................................15

Artigo 13. Número de prazas....15
Artigo 14. Substitución....15
Artigo 15. Vehículos adaptados....16
Artigo 16. Pintura, distintos e adhesivos....16
Artigo 17. Publicidade....17
TÍTULO CUARTO. AS PERSOAS CONDUTORAS DO VEHÍCULO DE TAXI....17
Artigo 18. Normas xerais....17
Artigo 19. Condutor asalariado....17
Artigo 20. Tarxeta de identificación de condutor de taxi....17
Artigo 21. Requisitos para a expedición....17
TÍTULO QUINTO. AS CONDICIÓNS XERAIS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI....17
Artigo 22. Normas xerais....17
Artigo 23. Iniciación da actividade....17
Artigo 24. Actividade mínima semanal....17
Artigo 25. Potestades do Concello....17
Artigo 26. Desenvolvemento do servizo....17
Artigo 27. Contratación do servizo de taxi....17
Artigo 28. Documentación obrigatoria....17
Artigo 29. Dereitos das persoas usuarias....17
Artigo 30. Deberes das persoas usuarias....17
Artigo 31. Obrigas dos condutores....17
Artigo 32. Cambio de moeda....17
Artigo 33. Tarifas....17
TÍTULO SEXTO. MODALIDADE DE SERVIZO "TRANSPORTE Á DEMANDA"....17
Artigo 34. Transporte á demanda....17
Artigo 35. Réxime de prestación do servizo do transporte á demanda....17
TÍTULO SÉPTIMO. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS. PROCEDEMENTO SANCIONADOR....17
Artigo 36. Inspección....17
Artigo 37. Regras sobre a responsabilidade....17
Artigo 38. Infraccións....17
Artigo 39. Infraccións moi graves....17
Artigo 40. Infraccións graves....17
Artigo 41. Infraccións leves....17
Artigo 42. Sancións....17
Artigo 43. Procedemento sancionador....17
Artigo 44. Prescrición das infraccións e sancións....17
DISPOSICIÓNS....17
Disposicións adicionais....17
Disposición adicional primeira - Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais....17
Disposición adicional segunda. Relacións electrónicas....17
Disposición adicional terceira. Modificacións normativas....17
Disposición transitoria....17

Disposición derrogatoria....................17
Disposición final....................17
ANEXO:  Deseño e rotulación dos vehículos afectos ás licenzas de taxi....................17

PREÁMBULO

O Concello de Lugo, en sesión plenaria do 7 de outubro de 2002, aprobou definitivamente a Ordenanza reguladora do servizo de autotaxis, que foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A aprobación da *Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*, e posteriormente do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado mediante *Decreto 103/2018, do 13 de setembro*, supuxo importantes novidades que afectan a regulación deste ámbito. De tal xeito, resulta necesaria a aprobación dunha nova norma reguladora do réxime xurídico aplicábel ao servizo de taxi dentro do termo municipal de Lugo, que se atope adaptada ao marco normativo vixente. A propia *Lei 4/2013*, na súa disposición final terceira contemplou a obriga dos concellos de adaptar as súas ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ao previsto nese texto lexislativo.

Unha das novidades máis relevantes que se incorporan nesta nova ordenanza é a habilitación especial do cobro individual por praza para cubrir servizos de transporte público na zona rural. Trátase de transporte discrecional a demanda en vehículos de turismo, consonte á habilitación contida no artigo 39.3 do *Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*.

## TÍTULO PRIMEIRO. OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL

### Artigo 1. Obxecto

A presente ordenanza, ten por obxecto a regulación do réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi dentro do termo municipal de Lugo.

Enténdese por servizo de taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

### Artigo 2. Competencia municipal

O Concello intervirá no servizo de taxis a través dos seguintes medios:

a. Sometemento a licenza municipal previa.
b. Fiscalización da prestación do servizo.
c. Estabelecemento das tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi.
d. Ordenanza fiscal reguladora das taxas.
e. Expedientes sancionadores respecto da prestación dos servizos urbanos de taxi.
f. Autorización para prestar servizos de taxi a varias persoas usuarias con cobramento individual por praza en zonas rurais.
g. Disposicións complementarias para a prestación do servizo.
h. Calquera outra atribución na materia estabelecida nas normas legais ou regulamentarias.

TÍTULO SEGUNDO.  TíÍTULOS HABILITANTES PARA PRESTAR SERVIZOS DE TAXI

Artigo 3.  Os títulos habilitantes

A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa da correspondente Licenza municipal de taxi, que habilita para a prestación dos servizos urbanos de taxi.

Constitúen títulos habilitantes para a prestación do servizo de taxi os seguintes:

—Licenzas de taxi: habilitan para a prestación dos servizos urbanos de taxi e son outorgadas polo Concello.

—Autorizacións interurbanas de taxi: permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo órgano competente da Consellería que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.

As licencias de taxi e autorizacións interurbanas de taxi estarán vencelladas. Outorgaranse sen prazo de duración prefixado, se ben a súa validez quedará condicionada ao seu visado periódico por parte do órgano competente en cada caso de acordo coa lexislación vixente.

Para a prestación do servizo de taxi requírese a obtención da licenza de taxi e autorización interurbana de taxi.

Corresponde ao Concello de Lugo o outorgamento da licenza de taxi e ao órgano competente da Xunta de Galicia en materia de transporte a concesión da autorización interurbana, de forma coordinada e de confomidade co disposto no Artigo 16 da *Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*.

Artigo 4.  Requisitos para ser titular da licenza

Só poderán ser titulares de licenzas de taxis as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos requisitos estabelecidos no artigo 5 da *Lei 4/2013*, e na normativa de desenvolvemento, así como estar en posesión do permiso municipal para conducir un taxi, estabelecido por esta ordenanza.

O titular dunha licenza municipal de taxi deberá ter plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi, coa excepción prevista na disposición transitoria terceira da *Lei 4/2013*.

Artigo 5. Limitación na titularidade de licenzas

Unicamente se poderá ser titular dun máximo de dúas licenzas municipais de taxi.

Non se poderá ser titular de licenzas de taxis en distintos concellos.

Cada licenza de taxi non poderá ter adscritos á esta máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular.

Artigo 6. Creación de novas licenzas de taxi

Unicamente poderán outorgarse novas licenzas de taxi en caso de dispoñer do continxente necesario para isto, de conformidade co estabelecido no artigo 6 da *Lei 4/2013*, e na súa normativa de desenvolvemento.

O outorgamento de novas licenzas de taxi corresponde ao Concello de Lugo, previo informe vinculante do órgano autonómico competente en materia de transportes, e realizarase mediante concurso público, de conformidade co establecido na normativa vixente.

Artigo 7. Transmisión das licenzas de taxi

1. As licenzas de taxi serán transmisíbeis a calquera persoa física que o solicite e que acredite que reúne os requisitos estabelecidos na *Lei 4/2013*, previo informe do órgano autonómico competente en materia de transportes da Xunta de Galicia respecto á procedencia de transmisión da autorización autonómica e autorización do Concello de Lugo.

2. A transmisión de licenzas, inter vivos ou inter mortis causa, realizarase seguindo o procedemento previsto nos artigos 11 a 13 do *Decreto 103/2018*.

3. Non obstante, non poderá autorizarse a transmisión da licenza de taxi nas seguintes circunstancias:

a. Se non transcorreron polo menos dous anos dende a adquisición pola persoa transmisora da condición de titular da licenza de taxi. A limitación temporal indicada non será de aplicación en caso de xubilación, falecemento ou declaración de incapacidade para prestar o servizo de taxi.
b. Se a persoa transmisora e a adquirente non estivesen ao corrente das súas obrigas tributarias e deseguridade social e as relacionadas coa actividade propia do servizo de taxi.
c. Se non estivesen satisfeitas as sancións pecuniarias que puidesen ser impostas, por resoluciónadministrativa firme, a persoa transmisora ou a adquirente, derivadas do exercicio da actividade como taxista.
d. Se a persoa adquirente, como consecuencia da transmisión, superase o límite máximo deconcentración de licenzas de taxi nun mesmo titular ou se é a persoa titular dunha ou máis licenzas de taxi noutro concello.
e. En caso de que o informe previsto do órgano competente en materia de transportes da Xunta deGalicia tivese carácter desfavorable ou transcorrese o prazo fixado neste informe para materializar a transmisión da licenza de taxi.
f. E cando non se acredite que se reúnen os requisitos fixados pola normativa vixente en materia de taxis para a transmisión da licenza de taxi.

Artigo 8. Extinción das licenzas

As licenzas de taxi extinguiranse por algunhas das seguintes causas:

a. Renuncia da persoa titular ou falecemento desta sen persoas herdeiras.
b. Caducidade. Procederá declarar caducadas as licenzas de taxi nos casos de:
    - Incumprimento pola persoa titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento.
    - A non reanudación do servizo de taxi no prazo dun mes dende a finalización da suspensión.

- Pola falta de dedicación á actividade da persoa titular cando esta fose esixible.
- Pola obtención, xestión ou explotación da licenza de taxi por calquera forma non prevista na normativa de aplicación.

c. Revogación. As licenzas de taxi poderán revogarse por motivos de oportunidade de interese público que aconsellen ao Concello reducir o número de licenzas. Neste suposto, a persoa titular da licenza terá dereito á correspondente indemnización económica, que se calculará de conformidade con aqueles parámetros obxectivos que determinen o seu valor real de mercado.

Artigo 9. Rexistro municipal de licenzas

O Concello de Lugo disporá dun Rexistro municipal de licenzas de taxi, no cal se anotarán de xeito individualizado:

- As persoas titulares das licenzas e os seus datos identificadores, incluido o domicilio a efectos de notificacións administrativas
- As persoas condutoras dos vehículos afectos ás licenzas e os seus datos identificadores.
- As persoas titulares de permisos municipais para conducir un taxi e os seus datos identificadores.
- Os vehículos afectos ás licenzas.
- As infraccións cometidas e as sancións impostas ás persoas titulares das licenzas ou ás persoas asalariadas, cando adquiran firmeza.
- Calquera outra incidencia que afecte á licencia municipal.

As persoas titulares das licenzas de taxi están obrigadas a comunicar os cambios de domicilio e demais datos e circunstancias que deban figurar no rexistro no prazo dun mes.

O coñecemento dos datos que figuren no rexistro será público, se ben para a consulta destes polos particulares se esixirá a acreditación dun interese lexítimo de acordo co disposto no artigo 13.d da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

## TÍTULO TERCEIRO. OS VEHÍCULOS DE TAXI

### Artigo 10. Normas xerais

Cada licenza de taxi terá afecto un vehículo clasificado como turismo de acordo coas disposicións deste título e normativa de aplicación.

A persoa titular da licenza ten que ser titular do vehiculo que se propoña para prestar o servizo en calquera rexime de utilizacion xuridicamente valido. Nos supostos de transmision de licenza o vehiculo adscrito a licenza podera ser o mesmo, cando o novo titular adquirise a disposicion dese vehiculo.

Deberá concertar de maneira obrigatoria a correspondente poliza de seguros que cubrira danos a viaxeiros e a terceiros, segundo o disposto na normativa vixente.

### Artigo 11. Requisitos

Os vehículos destinados a prestar servizos de taxi deberan estar clasificados na sua tarxeta de inspeccion tecnica no grupo axeitado para tal fin e reuniran as caracteristicas minimas esixidas pola normativa que resulte de aplicacion.

Contarán coas seguintes características:

- Os vehículos contarán cun espazo dedicado a maleteiro totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado á pasaxe, suficiente para transportar a equipaxe deste.
- Carrocería pechada con portas de doado acceso e funcionamento que facilite a manobra con suavidade.
- As dimensións mínimas e as características do habitáculo interior do vehículo e dos asentos serán as precisas para proporcionar ao usuario e ao condutora seguridade e comodidade propias deste tipo de servizo.
- A tapizaría será de cores e deseño discreto, uniforme en todos os asentos, sen coloracións vivas nin motivos engadidos debendo ser dun material de doada limpeza.
- O piso irá recuberto dun material antideslizante e doado de limpar.

- Estarán provistos de repousacabezas en todas as prazas.
- Xanelas provistas de lúas transparentes e irrestelables en todas as portas e na parte posterior do vehículo, de modo que se consiga a maior visibilidade, luminosidade eventilación posibles. As situadas nas portas deben resultar accionables por vontade do usuario.
- Iluminación eléctrica interior que permita en horas nocturnas a perfecta visibilidade do cadro de mandos, do taxímetro e de todos os elementos de control do vehículo, e que proporcione iluminación abondo do habitáculo para facilitar o cambio de moeda.
- Dotación de extintor de incendios.
- Dotación de catro portas como mínimo para o acceso de ocupantes que deben resultar accionables por vontade do usuario, a excepción da do condutor.
- Modulo luminoso exterior que sinale claramente a dispoñibilidade do vehículo.
- O taxi circulará, cando preste a modalidade de servizo de "transporte á demanda", cos indicadores de luces adaptados a lexislación vixente e un cartel ou módulo luminoso no que se visualice a lenda " transporte a demanda".
- Aqueles que se establezan regulamentariamente.

<u>Artigo 12. Taxímetro</u>

Os vehículos afectos ao servizo de taxi deben estar equipados cun aparato taxímetro con impresora de factura debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, co fin de determinar o prezo de cada servizo.

O taxímetro haberá de estar situado no terzo central da parte dianteira da carrocería tendo que estar iluminado cando estivese en funcionamento, de forma que en todo momento resulte clara, visible e cómoda para os viaxeiros a lectura dos valores que teñen que ser exhibidos.

Artigo 13. Número de prazas

Con carácter xeral, os vehículos afectos ás licenzas de taxi dispoñerán dunha capacidade mínima de cinco e máxima de sete prazas incluída a persoa condutora.

Non obstante, de conformidade co sinalado no artigo 25.2 da *Lei 4/2013, do 30 de maio* poderán autorizarse vehículos de ata nove prazas.

Artigo 14. Substitución

Requírese a autorización do Concello de Lugo para substituír o vehículo afecto á licenza por outro. En todo caso, o novo vehículo deberá ser máis novo que o substituído e deberá cumprir os requisitos previstos nesta ordenanza.

Os vehiculos afectos ao servizo de taxi non poderan permanecer en servizo por un tempo superior a 10 anos contados dende a data da primeira matriculacion.

En caso de que o vehiculo alcance dita antiguidade sen ser substituido por outro, declararase a caducidade dos correspondentes titulos habilitantes.

Artigo 15. Vehículos adaptados

Os vehículos cualificados como accesibles ou adaptados cumprirán as condicións e requisitos establecidos no

*Real Decreto 1544/2007, de 23 de noviembre, por el que se regulan las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los modos de transporte para personas con discapacidad*, ou norma que o substitúa.

Estes taxis prestarán servizo de forma prioritaria ás persoas con con mobilidade reducida, pero, en caso de estar libres destes servizos, estarán en igualdade cos demais taxis non adaptados para dar servizo a calquera cidadán sen discapacidade.

Artigo 16. Pintura, distintos e adhesivos

Os vehículos destinados ao servizo de taxi serán de cor branca. Levarán o escudo oficial, cunha altura de 20cm, que se une en anexo a esta ordenanza, que se colocará no centro das portas dianteiras do vehículo.

No exterior do vehículo deberán figurar o número da licenza municipal. Os números, de 5 cm de alto por 2 cm de ancho, en cor branca, deberán ir colocados nos cristais dianteiro e traseiro, na parte dereita en ámbolos casos.

No teito do taxi, na parte dianteira dereita do vehículo, irá colocado un indicador luminoso ou módulo.

No interior do vehículo, en sitio visible para os viaxeiros, colocaranse os adhesivos coas tarifas vixentes, así como unha placa co número da licenza municipal, o número de prazas e a matrícula do vehículo.

Artigo 17. Publicidade

O Concello de Lugo poderá autorizar aos titulares das licenzas de taxi a contratación e colocación de anuncios publicitarios comerciais no exterior dos vehículos, sempre que conserven a súa estética e non impidan a súa visibilidade.

As autorizacións ás que se refire o presente artigo, outorgaranse con suxeición á lexislación vixente en materia de tráfico e seguridade vial, e á normativa xeral de publicidade.

En todo caso prohíbese toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.

TÍTULO CUARTO. AS PERSOAS CONDUTORAS DO VEHÍCULO DE TAXI

Artigo 18. Normas xerais

Para exercer a actividade de condutor de vehículos de taxi requirirase ser titular do permiso municipal de condutor de taxi que será expedido polo Concello de Lugo. Cada licenza de taxi non poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular.

As persoas titulares de licenzas de taxi haberán de prestar o servizo persoalmente con plena e exclusiva dedicación á devandita actividade, dando sempre prioridade aos servizos do municipio de Lugo.

Artigo 19. Condutor asalariado

Os titulares das licenzas poderán contratar persoas condutoras asalariadas para unha mellor explotación daquelas sendo a relación entre eles de carácter laboral. A contratación de condutores asalariados queda sometida ás condicións seguintes:

a) O condutor deberá posuír o correspondente título de condución e dispoñer da correspondente capacitación profesional.

b) O contrato será a xornada completa e con dedicación exclusiva.

c) Cantos outros, se é o caso, se dispoñan regulamentariamente.

Artigo 20. Tarxeta de identificación de condutor de taxi

Para a axeitada identificación do condutor de taxi, o Concello de Lugo expedirá a tarxeta de identificación de condutor que conterá unha fotografía do condutor, así como, entre outros datos, o nome e apelidos; número e data de autorización do permiso municipal de condutor de taxi e número da licenza á que se ache adscrito.

Artigo 21. Requisitos para a expedición

Corresponde ao titular da licenza de taxi a solicitude da tarxeta de identificación de condutor de taxi propia e/ou a dos seus condutores asalariados, logo de pagamento da taxa correspondente.

Para a expedición da tarxeta de identificación de condutor de taxi do propio titular da licenza, deberá acreditarse documentalmente que o titular cumpre os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi en vigor.

b) Declaración de non estar a desenvolver simultaneamente outros traballos que afecten á súa capacidade física para a condución ou que repercutan negativamente sobre a seguridade vial.

c) Estar dado de alta no réxime que corresponda da seguridade social.

Para a expedición da tarxeta de identificación dos condutores asalariados deberá acreditarse documentalmente que os condutores cumpren os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi en vigor.

b) Declaración de non estar a desenvolver simultaneamente outros traballos.

c) Estar inscrito como condutores e en situación de alta no réxime da seguridade social de acordo coa lexislación laboral vixente.

d) Posuír contrato de traballo de acordo coa normativa laboral vixente.

O titular da licenza de taxi deberá solicitar a substitución destas tarxetas de identificación cando se produza a variación de calquera dos datos consignados nestas.

## TÍTULO QUINTO. AS CONDICIÓNS XERAIS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI

### Artigo 22. Normas xerais

Os vehículos adscritos ao servizo de taxi deberán dedicarse á prestación do servizo exclusivamente regulado na presente ordenanza.

### Artigo 23. Iniciación da actividade

As persoas que adquiran a titularidade dunha licenza de taxi deberán iniciar a prestación do servizo no prazo máximo dun mes, contados dende a data de notificación da autorización.

### Artigo 24. Actividade mínima semanal

Salvo nos períodos de descanso, interrupcións da prestación do servizo e vacacións dos titulares das licenzas e condutores, a actividade mínima do taxi será de corenta (40) horas semanais.

### Artigo 25. Potestades do Concello

O Concello ostenta a potestade de ordenar o servizo, co fin de garantir en todo momento a súa prestación coas debidas condicións de calidade e extensión, e a satisfacción das necesidades dos usuarios e da mobilidade urbana en xeral.

En exercicio de tal potestade poderá:

- Logo de audiencia as asociacións do sector e Consello Galego do transporte poderá establecer o réxime de horarios, calendario, descansos, interrupcións da prestación do servizo e vacacións dos titulares das licenzas e condutores.
- Establecer as disposicións que, de acordo coa lexislación vixente, considere oportunas para que se garanta a existencia de vehículos adaptados para

transportar as persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeira de rodas.

- Sinalar os lugares de parada nos que os taxis poidan estacionar á espera de pasaxeiros e pasaxeiras, facilitando na súa localización o acceso a persoas con mobilidade reducida.

Para a localización, modificación ou supresión de paradas de taxi darase audiencia ás asociación profesionais representativas do sector e ás asociacións representativas de persoas consumidoras e usuarias.

Artigo 26. Desenvolvemento do servizo

O servizo considerarase iniciado no momento e lugar de recollida do usuario, debendo entrar o aparato taxímetro en funcionamento no momento en que o vehículo inicie a marcha, despois de que o usuario indique o punto de destino.

Cando se trate dun servizo contratado por chamada na vía pública, por reserva previa ou por calquera outro medio telemático, o servizo considerarase iniciado no lugar de partida do vehículo. O cadro tarifario considerará unha contía máxima pola utilización deste modo de contratación.

O aparato taxímetro iniciará o servizo coa tarifa de “inicio da viaxe” que corresponda, interrompéndose a continuidade do contador cando chegue á contía máxima establecida.

No momento no que o viaxeiro e a súa equipaxe se encontren debidamente instalados e se indicase o punto de destino ou, no seu caso, cando o vehículo chegue á hora e punto de recollida convidos, o taxímetro deberá continuar o cómputo no punto onde o tivese interrompido.

A continuidade do contador interromperase definitivamente ao finalizar o recorrido, ou provisionalmente, ademais do suposto considerado no apartado anterior, durante as paradas provocadas por accidente, avaría, cambio de moeda ou outros motivos non imputables ao usuario. Nestes casos, unha vez resolto o incidente, o taxímetro deberá continuar o cómputo no punto onde o tivese interrompido.

A toma de carburante ou recarga só poderá realizarse estando libre o vehículo, salvo autorización expresa do viaxeiro, en cuxo caso se interromperá a continuidade do contador.

Artigo 27. Contratación do servizo de taxi

A concertación do servizo de taxi efectuarase a petición da persoa usuaria.

a) Nas paradas establecidas.

b) Mediante a súa chamada na vía pública.

c) Por medios telemáticos.

d) Mediante a súa reserva previa.

e) Por outros modos que puidesen ser establecidos pola normativa de desenvolvemento da *Lei 4/2013, do 30 de maio*.

A persoa condutora pode denegar a prestación do servizo de taxi cando fose solicitado para finalidades que se presuman racionalmente como ilícitas ou cando concorresen circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas ou do vehículo e concretamente:

- Ser requirido por individuos perseguidos pola Policía.
- Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ao das prazas autorizadas para o vehículo.
- Cando calquera dos viaxeiros se ache en estado de manifesta embriaguez ou intoxicación por estupefacientes, agás nos casos de perigo grave ou inminente para a súa vida ou integridade física.
- Cando o atavío dos viaxeiros, ou a natureza e carácter dos vultos, equipaxes ou animais de que sexan portadores, poidan deteriorar ou causar danos no interior do vehículo.
- Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes e do Condutor coma do vehículo.

A recollida e a baixada de pasaxeiros poderá efectuarse en calquera punto da vía pública onde o usuario o requira sempre que non se vulnerenn as disposición sobre tráfico e seguridade vial ou afecten gravemente a fluidez do tráfico.

Nos momentos nos que na cidade de Lugo se estéa desenrolando alguna celebración relevante para a cidade, a título de exemplo o San Froilán, o Arde

Lucus o Caudal Fest ou calquera outro eventos de afluencia de visitantes, poderase estacionar nas paradas o número de vehículos necesario para atender a demanda de servizos, sempre e cando exista disponibilidade de espacio para realizalo estacionamento ou a parada ser perturbar a circulación.

Artigo 28. Documentación obrigatoria

Os vehiculos afectos ao servizo de taxi deberan estar provistos da seguinte documentacion:

- Licenza municipal de taxi.
- Permiso de conducción.
- Permiso municipal de condutor.
- Permiso de circulacion do vehiculo.
- Tarxeta de inspeccion tecnica do vehiculo en vigor.
- Poliza e recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Un exemplar desta ordenanza e o cadro de tarifas aplicable ao servizo.
- Boletin de identificación e control metroloxico do aparato taxímetro.
- Follas de reclamacións, axustadas á normativa vixente.
- Calquera outro documento esixible de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 29. Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo de taxi teñen os seguintes dereitos:

a) A acceder ao servizo en condicións de igualdade. Os condutores e condutoras que prestan o servizo deberán proporcionar a súa axuda ás persoas con mobilidade reducida, así como a aquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas, ou ás mulleres xestantes, debendo cargar e descargar a súa equipaxe.

b) A identificar a persoa condutora e recibir unha atención correcta de quen presta o servizo.

c) Á prestación do servizo con vehículos que dispoñan das condicións óptimas, no interior e exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.

d) A subir e baixar do vehículo en lugares onde quede suficientemente garantida a seguridade das persoas.

e) A seleccionar o percorrido que consideren máis axeitado para a prestación do servizo. no suposto de que non exercitasen o referido dereito, sempre debe realizarse seguindo o itinerario previsiblemente máis curto, tendo en conta tanto a distancia a percorrer coma o tempo considerado de duración do servizo, segundo as condicións de saturación da circulación.

f) A obter información sobre o número de licenza de taxi ou autorización interurbana de taxi e as tarifas aplicables aos servizos.

g) A poder ir acompañada dun can guía no caso das persoas cegas ou con discapacidade visual.

h) A transportar equipaxes de conformidade coas condicións que regulamentariamente se establezan.

i) A que se facilite á persoa usuaria o cambio de moeda ata a cantidade que regulamentariamente se estableza.

j) A recibir un documento xustificativo da prestación do servizo no que conste o prezo, orixe e destino do servizo, o número de licenza de taxi do vehículo que atendeu o servizo, a identificación da persoa titular dos títulos habilitantes e da persoa condutora e, a petición da persoa usuaria, o itinerario recorrido.

k) A formular as reclamacións que consideraran oportunas en relación coa prestación do servizo, debendo facilitar o condutor ou condutora, a petición da persoa usuaria, follas de reclamacións.

l) Cantos outros se establezan legalmente ou regulamentariamente.

<u>Artigo 30. Deberes das persoas usuarias</u>

As persoas usuarias do servizo de taxi haberán de cumprir as normas de utilización que se establezan regulamentariamente, tendo, en todo caso, os seguintes deberes:

a) Adoptar un comportamento respectuoso durante a prestación do servizo, sen interferir na condución do vehículo e sen que poida implicar perigo para as persoas e os bens.

b) Pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réxime de tarifas establecido.

c) Non manipular, destruír ou deteriorar ningún elemento do vehículo durante o servizo.

d) Absterse de fumar, beber alcohol, inxerir alimentos ou consumir calquera tipo de substancia estupefaciente no interior do vehículo.

e) Respectar as instrucións da persoa condutora en relación coa prestación do servizo en condicións de seguridade.

f) Cumprimento de normas de utilización que se establezan regulamentariamente.

Artigo 31. Obrigas dos condutores

Os condutores dos vehículos de taxi están obrigados a:

1. Axudar a subir e baixar do vehículo aos viaxeiros que o necesiten por razóns de idade, minusvalías ou estado de saúde.

2. Recoller a equipaxe do viaxeiro, colocalo no maleteiro e entregarllo á finalización do servizo, en todo caso a pé do vehículo.

3. Coidar o seu aspecto persoal e vestir axeitadamente durante a prestación do servizo, quedando prohibida a utilización de pezas e calzado de baño, así como os pantalóns curtos, e as camisetas sen mangas.

4. Subir ou baixar o volume da radio e doutros aparatos de imaxe e son que puidesen estar instalados no vehículo, ou apagar estes se o viaxeiro o solicita.

5. Permitir a apertura ou peche das ventás dianteiras ou traseiras.

6. Respectar a elección do usuario sobre o uso do aire acondicionado ou climatización, sempre que a temperatura solicitada non sexa inferior a 18º nin superior a 25º, salvo que condutor e usuario estean de acordo noutra inferior ou superior.

7. Observar un comportamento correcto con cantas persoas soliciten o seu servizo.

8. Respectar as normas de contratación do servizo de taxi.

9. Facilitar aos pasaxeiros que o soliciten unha folla de reclamacións.

10. Revisar o interior do vehículo ao finalizar cada servizo para comprobar se o usuario esqueceu algunha das súas pertenzas neste. Neste caso, e se non poden devolvelas no acto, deberán depositalas na oficina da Policía Local.

Artigo 32. Cambio de moeda

Os condutores dos vehículos ao servizo de taxi están obrigados a facilitar ao usuario cambio de moeda ata a cantidade de 50 euros.

En caso de que o condutor teña que abandonar o vehículo para obter moeda fraccionaria en contía inferior ao devandito importe, ou ao que no seu caso se fixe, deberá interromper provisionalmente o taxímetro.

No suposto de que o usuario vaia pagar o servizo cunha cantidade que supoña devolver un cambio superior a 50 euros, deberá advertilo ao condutor antes de iniciar o servizo. En caso de non o facer, será obriga do devandito usuario facerse co cambio e durante o tempo investido manterase funcionando o taxímetro.

Artigo 33. Tarifas

A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán unha axeitada amortización e un razoable beneficio industrial.

As tarifas poderán ser revisadas periodicamente ou, de xeito excepcional, cando se producise unha variación nos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade.

O Concello de Lugo aprobará, previa audiencia ao Consello Galego de transportes, e de acordo coa lexislación vixente, as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi.

## TÍTULO SEXTO. MODALIDADE DE SERVIZO "TRANSPORTE Á DEMANDA"

### Artigo 34. Transporte á demanda

Habilitase un réxime especial baixo autorización municipal para prestar servizos de taxi compartido a varias persoas usuarias, con cobro individual por praza, en zonas de baixa densidade, con trafico feble e/ou sen as mínimas condicións de accesibilidade na periferia e o rural, para acceso aos servizos, as dotacións e aos polos de atracción da mobilidade que no futuro se poidan determinar, baixo a denominación de "transporte á demanda".

A prestación polos taxis do servizo de transporte á demanda, como modalidade de pre-contratación por praza con pagamento individual, estará destinado a facilitar o desprazamento de ida e volta das persoas entre zonas rurais de baixa densidade a hospitais, centros de saúde, residencias, centros administrativos e semellantes, e debera garantir, para as persoas usuarias, unha redución do prezo que lles correspondería pagar de facer a viaxe individualmente cada unha delas aplicando as tarifas ordinarias.

O Concello poderá bonificar ou compensar o servizo para facer efectiva a referida redución do prezo, previo cumprimento dos requisitos legais, e poderá porá disposición tamén a aplicación informática adquirida para a implantación do servizo.

As obrigas especificas para esta modalidade complementaria de prestación do servizo serán perfeccionadas polo Concello con ulteriores actos ou instrucións de servizo que se diten.

### Artigo 35. Réxime de prestación do servizo do transporte á demanda

A prestacion do servizo de transporte á demanda autorizada ao abeiro do disposto no *Decreto 103/2018, do 13 de setembro que aproba o regulamento da lei de transporte de persoas en vehiculos de turismo de Galicia*, como modalidade de prestacion dos servizos de taxi a varias persoas usuarias por cobro individual por praza, debera axustarse as seguintes condicions:

1. A prestacion do servizo de transporte á demanda, ou por praza con pago individual, só se admitira nos servizos de taxi previamente concertados, como minimo o dia anterior a prestacion, por medios telematicos ou medios telefonicos e para os traxectos que unan as zonas determinadas polo Concello cos principais polos de atraccion da mobilidade da cidade central ou dotacions. Estabelecerase a posibilidade de pre-contratar traxectos de ida, ida e volta ou so de volta aos lugares de orixe.
2. Esta modalidade sera complementaria á principal ou ordinaria do servizo de taxi, e plenamente compatible con esta, pero non podera efectuarse ao mesmo tempo, nos mesmos treitos horarios por unha mesma licenza de taxi. Tanto no intre da contratacion, como no da prestación, deberase diferenciar esta modalidade do servizo comun ou ordinario de taxi. Non poderan xestionarse a traves das mesmas canles e vias, reservas para o servizo convencional del taxi.
3. O servizo de transporte á demanda prestarase en rexime de libre competencia, por aquelas persoas operadoras con habilitacion suficiente, consonte a normativa sectorial, que reunan as condicións establecidas nesta ordenanza. O acceso á prestacion desta modalidade e a sua regulacion, podera ser desenvolto, perfeccionado e complementado a traves de ulteriores actos e instrucións de servizo.
4. Co obxecto de poder establecer un seguimento desta modalidade de servizo e por mor da sua tipoloxia e bonificacion publica, todas as persoas usuarias para poder concertar e acceder ao servizo deberan estar dadas de alta, por via telemática, telefónica ou de xeito presencial a traves dos rexistros ou oficinas habilitadas, nunha plataforma especifica de xestión, que permita materializar e organizar as precontratacións das persoas usuarias e o seguimento dos servizos efectivamente prestados.
5. Na plataforma do servizo do transporte á demanda e no momento da alta da persoa usuaria, especificaranse aquelas cuestións, obrigas e determinacións que, en perfeccionamento desta ordenanza, teñan que ser coñecidas polas persoas usuarias, para que acepten a información e coñezan as condicións polo miúdo da prestación desta modalidade.
6. Os servizos de taxi compartido componense dun traxecto principal con posibilidade de retorno, entre a zona rural e unha parada urbana ou

dotacional e viceversa, solicitado pola primeira persoa viaxeira, xunto cos posibles traxectos accesorios, que deberan sempre discorrer dentro do traxecto principal co fin de que poidan subir e baixar outras persoas durante a viaxe.

7. As reservas poderan modificarse en funcion das condicións que se fixen e, en todo caso, deberán ser confirmadas dende a plataforma que funcionara como central de reserva, para a xestion de peticions e servizos.
8. Para contratar un servizo de taxi por praza coa modalidade de transporte á demanda, a persoa usuaria dada de alta no servizo, facilitará a través da aplicación telemática ou de xeito telefónico, o punto de orixe e destino do traxecto, data e hora da sua realización así coma o número de prazas que se desexa contratar, e deberá ser informada do prezo do contrato do servizo antes da confirmación da orde de reserva.
9. No desenvolvemento dun servizo contratado por praza, o itinerario será o máis directo e axeitado entre o inicio e remate do traxecto principal, á eleccion da persoa condutora e tendo en conta as paradas intermedias.
10. Admitiranse paradas intermedias para permitir a subida e baixada doutras persoas viaxeiras durante o traxecto compartido.
11. O taxi circulará, cando preste esta modalidade de servizo, cos indicadores de luces apagados e un cartel ou modulo luminoso no que se visualice a lenda “transporte á demanda”.
12. Realizada a viaxe, cada persoa usuaria recibira un xustificante da prestación do servizo. As tarifas e os recibos deberán reflectir tamén a modalidade de prestacion “transporte á demanda”.
13. O abandono do vehículo nos puntos concertados por algunha das persoas ocupantes, supora o remate do servizo contratado con esa persoa e a obriga de pagamento do prezo acordado con el.
14. As licenzas que resulten habilitadas para esta modalidade de servizo deberán cubrir, de xeito universal e homoxéneo, o servizo consonte se estabeleza nas condicións e cos dereitos e obrigas que se reflictan no convenio ou formulario de adhesión tipo, ademais dos xenéricos e específicos establecidos nesta ordenanza.

15. As habilitacións para esta modalidade de servizo poderán revogarse consonte se determine nesta ordenanza ou no seu desenvolvemento, no propio convenio tipo ou condicións particulares determinadas no formulario de adhesión, e, en todo caso, baixo causa xustificada por resolucion da Concelleria competente en razón da materia, sen que poidan esixirse polos autorizados indemnización ningunha, agás que resulten da aplicación directa do convenio e as cantidades compensatorias que, de ser o caso resultasen pendentes de pago. Así mesmo, poderán revogarse cando concorra algunha outra circunstancia determinada pola normativa vixente en cada momento.
16. As persoas usuarias terán os dereitos e obrigas que se determinen na normativa vixente, entre a que está a contida nesta ordenanza e no seu desenvolvemento, no intre no que se produza a alta nos medios de reserva e contratacion desta modalidade de servizo. As persoas usuarias que non cumpran de forma manifesta as condicións de acceso ao servizo poderán ser dadas de baixa como habilitadas para contratar esta modalidade de servizo de transporte á demanda.
17. No suposto de que o servizo do coche de punto coincida nun traxecto orixe e destino, correspondente ao dunha tarifa plana ou fixa, a suma dos prezos aboados polas persoas usuarias que compartan total ou parcialmente o traxecto non poderá ser superior ao prezo que resultase da referida tarifa plana.
18. En todo o que non se opoña a este capítulo, aplicarase nesta modalidade de prestación do servizo, o resto de prescricións pautadas na presente ordenanza

TÍTULO SÉPTIMO. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 36. Inspección

As funcións de vixilancia e inspección dos servizos de taxi corresponderán ao servizo da Policía Local do Concello de Lugo, sen prexuízo das competencias doutras administracións públicas en materia de inspección. A devandita función exercerase de oficio, mediando ou non denuncia previa, tendo como finalidade garantir a adecuación da actividade de taxi ao establecido pola presente ordenanza e normativa de aplicación.

O persoal que desempeñe o labor de inspección ten recoñecidos, no exercicio das súas funcións, o carácter e a potestade de autoridade pública e os feitos constatados nas actas que se levanten no exercicio da función inspectora gozan de presunción de veracidade e terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses puidesen sinalar ou achegar as persoas interesadas.

Artigo 37. Regras sobre a responsabilidade

A responsabilidade administrativa polas infraccións das normas reguladoras do transporte de persoas en vehículos de turismo corresponderá:

a) Nas infraccións cometidas con ocasión da realización de servizos de taxi, ao seu titular.

b) Nas infraccións cometidas con ocasión de servizos de taxi realizados ao abeiro de títulos habilitantes expedidos a nome doutras persoas, á persoa física ou xurídica que utilice os devanditos títulos e á persoa a cuxo nome se expedisen aqueles títulos, salvo que esta última demostrase que non deu o seu consentimento.

c) Nas infraccións cometidas con ocasión de servizos de taxi realizados sen a cobertura do correspondente título habilitante, á persoa que tivera atribuída a facultade de uso do vehículo, ben sexa a título de propiedade, aluguer,

arrendamento financeiro, renting ou calquera outra forma admitida pola lexislación vixente.

d) Nas infraccións cometidas polas persoas usuarias e, en xeral, por terceiros que, sen estar comprendidos nos apartados anteriores, realizasen feitos que constitúan infraccións contempladas na presente ordenanza, á persoa física ou xurídica á que vaia dirixido o precepto infrinxido ou á que a disposición correspondente atribuíse especificamente a responsabilidade.

Artigo 38. Infraccións

Son infraccións as accións e omisións que contraveñan as obrigas establecidas pola *Lei 4/2013, do 30 de maio*, a título de dolo, culpa ou simple inobservancia.

As infraccións das normas reguladoras dos servizos de taxi están previstas na *Lei 4/2013, do 30 de maio,* clasificándose en moi graves, graves e leves.

Artigo 39. Infraccións moi graves

Considéranse infraccións moi graves:

a) A realización de servizos de taxi carecendo dos preceptivos títulos habilitantes ou cos mesmos suspendidos, anulados, caducados, revogados, sen realizar o visado obrigatorio ou por calquera outra causa ou circunstancia pola que as referidas habilitacións expedidas para exercer a actividade xa non sexan válidas. No suposto de que a infracción consistise na falta de visado obrigatorio e este se tivese realizado con anterioridade á data de resolución do procedemento sancionador, a infracción terá a cualificación de leve.

b) Prestar os servizos de transporte de persoas en vehículos de turismo mediante un condutor ou condutora que non estea debidamente autorizado para a condución e habilitado para a prestación do servizo.

c) A cesión ou transmisión, expresa ou tácita, dos títulos habilitantes por parte dos seus titulares a favor doutras persoas sen a preceptiva autorización.

d) O falseamento de documentos que tivesen que ser presentados como requisito para a obtención dos títulos habilitantes ou dos datos que haxan de figurar nos devanditos títulos habilitantes.

e) A negativa ou obstrución á actuación dos servizos de inspección que impedise o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas.

f) O incumprimento, por parte do titular do vehículo, da obriga de subscribir os seguros preceptivos.

g) O incumprimento das obrigas de prestación do servizo de taxi impostas nesta ordenanza e normativa de aplicación.

h) Non levar o aparato taxímetro, a manipulación deste, facelo funcionar de xeito inadecuado ou impedir a súa visibilidade á persoa usuaria, así como cantas accións tiveran por finalidade alterar o seu normal funcionamento, e a instalación de elementos mecánicos,electrónicos ou doutra natureza destinados a alterar o correcto funcionamento do taxímetro ou modificar as súas medicións, aínda cando este non se encontrase en funcionamento no momento de realizarse a inspección.

A responsabilidade pola devandita infracción corresponderá tanto ás persoas que tivesen manipulado o taxímetro ou colaborado na súa manipulación como ao taxista que o teña instalado no seu vehículo.

i) A prestación de servizos de transporte de persoas con vehículos que incumprisen as condicións técnicas sobre accesibilidade de persoas con mobilidade reducida que en cada caso se determinen, sempre que o vehículo sexa un taxi adaptado.

j) O arrendamento de vehículos con condutor incumprindo as obrigas de contratación establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento ou a recollida de clientes que non contratasen previamente o servizo de conformidade co establecido na normativa reguladora.

k) Prestar o servizo cun número de ocupantes do vehículo que supere o número de prazas autorizadas, de conformidade coa normativa vixente.

l) A realización de servizos de transporte de persoas mediante cobramento individual, salvo nos casos en que estivese expresamente autorizado.

Artigo 40. Infraccións graves

Considéranse infraccións graves:

a) Carecer do preceptivo documento no que deben formularse as reclamacións das persoas usuarias ou negar ou obstaculizar a súa disposición o público.

b) Non atender a solicitude a unha demanda de servizo de taxi por parte dunha persoa usuaria estando de servizo, ou abandonar un servizo antes da súa finalización, salvo que existisen causas xustificadas de perigo fundado para a persoa condutora ou para o vehículo de turismo.

c) A realización de servizos de transporte iniciados nun termo municipal distinto do que corresponde á licenza de taxi, salvo nos supostos legalmente exceptuados.

d) Incumprir o réxime de tarifas vixente para o servizo de taxi.

e) A prestación de servizos con vehículos distintos aos identificados adscritos ás licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi, salvo nos casos de substitución debidamente autorizados, así como o incumprimento do ámbito territorial dos devanditos títulos habilitantes.

f) A realización de servizos de taxi por itinerarios inadecuados que fosen lesivos economicamente para os intereses da persoa usuaria ou desatendendo as súas indicacións sen causa xustificada de perigo para a persoa condutora ou danos para o vehículo de turismo.

g) Levar a cabo servizos de transporte de persoas en vehículos de turismo sen levar a bordo a documentación acreditativa necesaria para controlar a legalidade do transporte.

h) A realización de servizos de arrendamento de vehículos con condutor sen dispoñer da documentación que resulte obrigatoria para acreditar a correcta utilizacióndo vehículo.

i) A difusión de ofertas comerciais para a realización de actividades de transporte de persoas en vehículos de turismo sen dispoñer dos correspondentes títulos habilitantes para exercer as devanditas actividades segundo o disposto na lei.

j) A retención de obxectos abandonados no vehículo sen dar conta á autoridade competente.

k) A carencia de contrato e folla de ruta ou a ocultación ou non conservación por parte da empresa dunha copia durante un ano.

l) Non dispoñer dos cadros de tarifas edo resto de documentación que tivese que exhibirse para o coñecemento das persoas usuarias.

m) O trato desconsiderado aos clientes, así como a non prestación do servizo nas condición de hixiene e/ou calidade esixibles.

n) Calquera das infraccións previstas como moi graves cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancia non haxa de ser cualificada como moi grave.

Artigo 41. Infraccións leves

Considéranse infraccións leves:

a) Non levar en lugar visible os distintivos que foran esixibles ou os levar nunhas condición que dificulten a súa percepción ou facer un uso inadecuado deles.

b) Non respectar os dereitos das persoas usuarias establecidos na lei.

c) Non levar a bordo do vehículo a documentación formal que acredite a posibilidade legal de prestar o servizo, sempre que se dispuxese desta.

d) Incumprir as normas que puidesen establecerse sobre publicidade nos vehículos dedicados ao transporte de persoas en vehículos de turismo.

e) A carencia no vehículo do letreiro que indique a existencia de follas de reclamacións.

f) Non entregar o recibo ou factura do servizo prestado ás persoas usuarias, se estas o solicitasen, ou entregarlles un recibo ou factura que non cumpra os requisitos establecidos pola normativa aplicable.

g) O incumprimento polas persoas usuarias dos deberes que lles corresponderan.

h) Non levar a placa relativa á súa condición de vehículo de servizo público.

i) A carencia de cambio de moeda metálica ou billetes ata a cantidade que estea regulamentariamente establecida.

j) Non expoñer ao público os cadros de prezos autorizados ou telos en lugares non visibles.

k) Calquera infracción das que teñen consideración de graves cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancias non haxa ser cualificada como grave, debendo xustificarse a existencia das devanditas circunstancias e motivarse na resolución correspondente.

Artigo 42. Sancións

As infraccións leves sancionaranse con multas de ata 200 euros; as graves, con multa dende 201 ata 1.000 euros; e as moi graves, con multa dende 1.001 ata 3.000 euros e a posibilidade de declarar a caducidade do título administrativo habilitante.

As sancións deberán graduarse tendo en conta os danos e prexuízos ocasionados, a intencionalidade e a reincidencia. Considérase reincidencia a comisión, no prazo dun ano, de máis dunha infracción administrativa da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

En caso de infraccións cometidas no exercicio da actividade de taxi, as contías das sancións impoñeranse no seu terzo inferior, salvo as previstas nos apartados a) e g) do artigo 39, infraccións moi graves.

As sancións anteriores enténdense sen prexuízo, se é o caso, da posibilidade de declarar a caducidade do correspondente título habilitante e a autorización, nos casos en que esta proceda por incumprir as condicións que xustificaron o seu outorgamento, ou as que resulten necesarias para o exercicio da actividade.

Artigo 43. Procedemento sancionador

O procedemento para a imposición de sancións desenvolverase de confomidade co establecido na *Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*, na *Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, na *Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réximen Xurídico do Sector Público* así como no *Decreto 123/2012, de 18 de mayo, por el que se determinan los órganos competentes para el ejercicio de la potestad sancionadora en materia de transporte terrestre y marítimo*.

Antes do inicio do procedemento administrativo sancionador, o órgano competente, de oficio ou a instancia de parte, nos casos de urxencia, para protexer provisionalmente os intereses das persoas implicadas, pode adoptar as medidas axeitadas para este efecto.

Estas medidas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas polo acordo de incoación do procedemento sancionador, que terá que se producir nos quince días seguintes ao da adopción do acordo.

Na execución das sancións atenderase ao disposto na normativa de aplicación vixente e ao establecido no *Decreto 123/2012, de 18 de mayo, por el que se determinan los órganos competentes para el ejercicio de la potestad sancionadora en materia de transporte terrestre y marítimo*, e á normativa sobre recadación de tributos.

O prazo dentro do cal debe notificarse a resolución do procedemento sancionador é dun ano dende a data do acordo de incoación do correspondente expediente sancionador, sen que en caso algún poida entenderse iniciado aquel procedemento mediante a formulación do correspondente boletín de denuncia.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, debe acordarse a caducidade do referido procedemento e o arquivo de todas as actuacións.

As infraccións cometidas polos titulares de títulos habilitantes e as sancións que se lles impoñan serán obxecto de anotación no rexistro de títulos habilitantes.

Artigo 44. Prescrición das infraccións e sancións

As infraccións e sancións moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos; e as leves, ao ano.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día en que a infracción se tivese cometido. E o prazo de prescrición das sancións, dende o día seguinte a aquel en que adquirise firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interromperá a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e volverá transcorrer o prazo de prescrición se o expediente sancionador está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

No caso das sancións, a prescrición interromperase coa iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se o dito procedemento está paralizado durante máis dun mes por causa imputable ao infractor.

DISPOSICIÓNS

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira - Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais

Todas as modalidades de servizo definidas na presente ordenanza poden requirir o manexo e tratamento de datos persoais tanto de persoas operadoras como usuarias.

O tratamento destes datos realizarase con observancia do disposto na Lei organica 3/2018, do 5 de decembro, de proteccion de datos persoais e garantia dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicacion.

As persoas operadoras, xunto con aquelas centrais de reserva, plataformas de xestion, ou semellantes, que manexen ou traten datos persoais poderan facelo con cumprimento do marco legal, con habilitacion dos protocolos, criterios e garantias que se recollen na normativa, como os criterios de proporcionalidade e seguranza e garantia dos dereitos de proteccion, entre outros.

As persoas operadoras, centrais e plataformas teran dereito de acceso a rexistros publicos sempre e cando sexan necesarios para a operativa do servizo e, en especial, a aqueles que poidan condicionar medidas de fomento do servizo, para a bonificacion ou subvencion as persoas usuarias, para compensacion do servizo, etc. O Concello facilitara a xestion dos devanditos accesos, sempre de xeito ordenado e coas garantias que estipula a normativa aplicable.

O Concello como responsable e titular da competencia tera dereito de acceso aos rexistros dos operadores para as labores propias de supervision, control e seguimento e na medida en que o acceso sexa imprescindible para o correcto exercicio das devanditas tarefas, asi como para a xustificacion e control.

Disposición adicional segunda. Relacións electrónicas

As persoas titulares das licenzas municipais de taxis, profesionais e calquera outra persoa que inicie relacións co Concello de Lugo relativas ao sector do taxi están obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración municipal.

Disposición adicional terceira. Modificacións normativas

As referencias contidas nesta ordenanza a preceptos doutras normas legais ou regulamentarias entenderanse feitas de xeito automático a aqueles preceptos que os substitúan ou modifiquen.

Disposición transitoria

No non previsto na presente ordenanza, será de aplicación o disposto na *Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia* e o *Decreto 103/2018 de 13 de setembro polo que se aproba o regulamento da Ley 4/2013* e supletoriamente a lexislación estatal.

Disposición derrogatoria

Queda derrogada a Ordenanza municipal reguladora do servizo de Autotaxis do Concello de Lugo, aprobada polo Pleno da Corporacion en sesion de data 7 de outubro de 2002.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da *Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases de Réximen Local*.

ANEXO: Deseño e rotulación dos vehículos afectos ás licenzas de taxi



Lugo

## B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

### TESOURERÍA

18/159 **DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE SETEMBRO 2025.-** En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de SETEMBRO de 2025, coa numeración 91/2025 a 112/2025.

**Do 01 ao 30 de SETEMBRO de 2025 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:**

| Nº de Expediente | Asunto | Número de documento | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| 2025/T030/000092 | Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento e dilixencia de embargo Manuel Boquete Paris IVTM 2023 e 2024 (Matricula 8888LCN) | 2025/91 | 01/09/2025 |
| 2025/T030/000093 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo en contas FRANCISCO OYA CÁMARA en concepto de multa de tráfico nº expte 4069/2018 (nº 8854062). | 2025/92 | 03/09/2025 |
| 2025/T030/000095 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento Jared Victor Arroyo Martín (Multa 2021C00002707) | 2025/93 | 04/09/2025 |
| 2025/T030/000094 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento María del Pilar Eiroa González (Multa 2022P00001540) | 2025/94 | 04/09/2025 |
| 2025/T030/000096 | Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto providencia de constrinximento e dilixencia de embargo AUTOGOMAS NOROESTE SLU en relación os recibos IVTM/24 nº 12137765, 12137763 e 12137767 (Matrículas 5649 JSM, 2014HWS, 8883GGB) | 2025/95 | 08/09/2025 |
| 2025/T030/000097 | Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de apremio dos recibos 11658740 e 12187219 así como a dilixencia de embargo nº 12187219 María Josefa Pumar Cebreiro. | 2025/96 | 08/09/2025 |
| 2025/T030/000098 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de emabrgo RUBEN DÍAZ MÁRQUEZ contra o expediente sancionador 2025P00008562 | 2025/97 | 09/09/2025 |
| 2025/T030/000099 | Resolución Tesourería.- Recurso reposiciiión dilixencia de embargo Mª PILAR MÁRQUEZ VAQUERO (Multa 2022P00009452) | 2025/98 | 10/09/2025 |
| 2025/T030/000100 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento JULIO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ (Multa 2024P00003363) | 2025/99 | 10/09/2025 |
| 2025/T030/000101 | Resolución Tesourería.- RETROACCIÓN PROCEDEMENTO DE CONSTRINXIMENTO Talleres Hnos. Casanova-Funcasta SL | 2025/100 | 12/09/2025 |
| 2025/T030/000102 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento ALDARA TOME MATO (Multa bando nº 12321296) | 2025/101 | 15/09/2025 |
| 2025/T030/000103 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de emabrgo EMILOV BALACHEV RADOSLAV (Multa 2018-R-00009054) | 2025/102 | 16/09/2025 |
| 2025/T030/000105 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición contra a dilixencia de embargo Emilia Ferreiro Rodríguez expediente constrinximento 2025EXP47000431 | 2025/103 | 17/09/2025 |
| 2025/T030/000104 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo MARIA LUISA FERNÁNDEZ CORTES en concepto IVTM (Matrícula C-8606-AP) | 2025/104 | 17/09/2025 |
| 2025/T030/000106 | Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento RAMÓN GARCÍA CORDOVES (Multa 2022-P-00007961) | 2025/105 | 19/09/2025 |
| 2025/T030/000107 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición contra providencia de constrinximento María del Mar Castro Maestre da liquidación nº 12591948 polo reintegro de pagos indebidos de IRPF | 2025/106 | 19/09/2025 |
| 2025/T030/000108 | Resolución Tesourería.- Devolución cantidades embargadas José Manuel Capón Vilanova | 2025/107 | 19/09/2025 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2025/T030/000109 | Resolución Tesourería: Resolución rectificación erros execución sentenza TEAM Vaamonde Longueira Francisco | 2025/108 | 19/09/2025 |
| 2025/T030/000110 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento Juan Ramón Hurtado Almansa (Multa 2022-P-00000026) | 2025/109 | 22/09/2025 |
| 2025/T030/000112 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento do expediente executivo 2025EXP47003908 (ICIT SA) presentado por Ayvens Spain  Mobility Solutions SA | 2025/110 | 25/09/2025 |
| 2025/T030/000111 | Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento SAREB | 2025/111 | 25/09/2025 |
| 2025/T030/000113 | Resolución Tesourería.- Devolución das cantidades embargadas a José Luis Villanueva Sánchez | 2025/112 | 25/09/2025 |

De todo o cal a Excma. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

**ACTAS E GOBERNO**

19/160 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000605).-** En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran na Secretaría Xeral (Vicesecretaría), dende o día 12 de setembro de 2025, coa numeración 8569/2025 a 9643/2025, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2025.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os efectos oportunos.

**C) <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>**

**ROGOS:**

**A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 285/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL A ACOMETER TAREFAS DE MANTEMENTO NA ESTRADA LU-P-2906, E PARA QUE O CONCELLO DE LUGO SEXA MÁIS DILIXENTE NO RECLAMO DO**

**MANTEMENTO DA REDE VIARIA PROVINCIAL.-** Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

A estrada LU-P-2906, que conecta Areeiras-Cuíña-Vilalvite é unha estrada de titularidade da Deputación de Lugo, e precisa de actuacións inmediatas de mantemento en canto a roce, rameo e limpeza.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta este ROGO a PLENO para que o Concello de Lugo lle inste á Deputación Provincial a acometer estas tarefas no prazo máis breve posible e para que o Concello de Lugo sexa máis dilixente á hora de reclamarlle á Administración provincial o axeitado mantemento da rede viaria provincial no noso termo municipal.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, por formula o rogo, o señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSOSRIO. Moitas grazas alcalde. Imos rebaixar un pouco o ton que este rogo tampouco ten necesidade de que eleve o ton que está caracterizando hoxe este Pleno.
Saben que hai un problema, ou polo menos os veciños así nolo trasladan, os veciños e os usuarios da estrada LU P-2906, a parte dos oportunos usuarios dalgún coñecido restaurante que hai nesa zona, pero evidentemente tamén os veciños de Cuíña, de Soñar, de Coses que tamén van por alí, os da Ponte, en definitiva, é unha vía moi empregada por unha parte dos veciños de Lugo e que nos alertan dun problema coa conservación ou co mantemento desa estrada, titularidade da Deputación.
Quéixanse da falta de desbroce, da falta de rameo, os vehículos de maiores dimensións rozan con algunha das canas nesas zonas de arborado que vostedes tamén deberían coñecer, e falta de limpeza, incluso deslizamento nalgunha das curvas, probablemente pola humidade e pola zona, no entorno. Desde aquí pedimos que se inste a Deputación Provincial a acometer esas labores de mellora ou de de limpeza. É certo que o pavimento non está excesivamente mal, salvo un par de puntos, pero é necesario esa labor de mantemento no entorno da da calzada e así nolo trasladan os veciños, así llelo trasladamos hoxe a este Pleno de forma oficial para que faga o propio ante a Deputación Provincial e así llo fixemos tamén, en esa labor evidentemente diaria de coordinación entre entre grupos, así o trasladamos tamén na propia Deputación, como alcalde é coñecedor que é membro desa Corporación, pero non sobra que dende o Concello tamén se lles informe a institución provincial de que é preciso levar a cabo esta actuación. Por tanto, nada máis que dicir que pedirlles que insten a esa institución amiga, entendo, deste Concello, que leve a cabo esas labores de mantemento.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Contesta a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Si, tal como nos trasladaron tamén os veciños, pois xa está trasladada ao órgano competente. Terase en consideración.

**B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 315/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ATENDAN AS DEMANDAS VECIÑAIS DO BARRIO DE BUROZOS E SE PROCEDA AO ARRANXO DA RÚA FONMIÑÁ.-** Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

No mes de novembro de 2024, o Grupo Municipal do Partido Popular presentaba un rogo a Pleno para o arranxo da rúa Fonmiñá no barrio de Burozos. Una petición que reiterabamos en maio e que repetimos agora.

Esta vía non está reparada nin rozada, aínda que así o afirmen cada vez, e trátase dunha rúa que dá servicio a numerosos veciños do Sagrado Corazón.

O Grupo Municipal do Partido Popular reitera este ROGO a PLENO para que deixen de enganar á oposición e á veciñanza e atendan as demandas veciñais do barrio de Burozos, e procedan a rozar e reparar esta vía de xeito que permita a circulación segura por ela.






O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra a señora Rubinos.

DONA FLORA RUBINOS ROIS: No mes de novembro de 2024, este Grupo Municipal do Partido Popular presentou un rogo para o arranxo da rúa Fontmiñá no barrio do Burozos. Posteriormente, en maio do 2025, reiterouse novamente esta petición. Ante a falta de resposta por parte do Goberno local, a día de hoxe a vía continúa sen ser reparaba nin desbrozada, a pesar das reiteradas promesas de actuación. O seu estado actual fai que resulte moi difícil e perigoso circular por ela, afectando especialmente a veciños e veciñas do barrio de Burozos e da zona do Sagrado Corazón. Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta

ante este Pleno o seguinte rogo: Que o Goberno municipal atenda dunha vez as demandas veciñais do barrio de Burozos e proceda ao desbroce e ao arranxo integral da rúa Fontmiñá, garantindo unha circulación segura polo mesma.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señora Rubinos. Ten a palabra o señor Alex Penas. Cando queira.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Grazas alcalde. Aí hai un tema de desenvolvemento urbanístico... **(Non se escoita)** ... imos dar as ordes para que se meta, digamos, na guía de traballo cos recursos finitos de persoal que temos esta actuación para que se estude. Entón, tómase en consideración.

**C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 316/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ESTABLEZA UN PLAN ENCAMIÑADO Á REHABILITACIÓN, ADECENTAMENTO E MELLORA DA SEGURIDADE DA ZONA DO EDIFICIO DA ANTIGA DISCOTECA "VALENTINO", NA RÚA PINTOR CORREDOIRA.-** Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

No mes de xaneiro o Grupo Municipal do Partido Popular presentaba o seguinte rogo a pleno:

A discoteca Valentino, situada na rúa Pintor Corredoira, pechou as súas portas no ano 2004, ocasionando dende entón numerosas queixas de veciños que poñen de manifesto a súa preocupación polo estado do inmoble e polos problemas de seguridade e salubridade. Se a isto se engade que na contorna deste inmoble se atopan varios centros docentes, a preocupación é maior, e eséndese aos pais dos escolares.

Tras dous incidentes de seguridade nas instalacións, a propiedade pechou o edificio, pero isto é unha medida insuficiente para este barrio. O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un **ROGO a PLENO para que o Concello de Lugo, empregando todos os medios legais ao seu alcance e coa implicación de todos os departamentos e entidades (como a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A.), estableza un plan encamiñado a acadar a rehabilitación e adecentamento da zona, de forma que se mellore a seguridade e a imaxe da contorna.**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois ten a palabra o compañeiro Gustavo. Cando queira.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias señor alcalde. El motivo de este ruego es la situación en la que se encuentra el inmueble que albergó la antiga discoteca Valentino y sus alrededores. No se trata unicamente de este edificio, cerrado desde hace ya unos meses, y absolutamente deteriorado, sino también del conjunto urbano que lo rodea: casas en estado ruinoso, semirruinoso situado en frente, una pequeña zona verde siempre ocupada por coches, totalmente abandonada y que agrava la sensación de degradación y abandono del lugar. Los

vecinos y vecinas del entorno vienen mostrando de forma reiterada su preocupación por el deterioro del inmueble y por el impacto negativo que tiene sobre la imagen y la seguridad de la zona. Hablamos de unos edificios que se encuentran en un punto muy visible de la ciudad, en una de las principales vías de acceso y tránsito hacia el centro urbano; un entorno en el que se concentran varios institutos, centros educativos, residencias de estudantes, hoteles, (quizás los dos más importantes de la ciudad con capacidad para más de 300 habitaciones) es decir, un espacio en el que confluyen cada día estudiantes, familias, trabajadores, visitantes, turistas y que llegan a Lugo y que, lamentablemente, se encuentran con una imagen de abandono e dejadez difícil de justificar. Los vecinos nos trasladan su malestar, no sólo por razones estéticas, sino también por cuestiones de seguridad y salubridad. Aunque el edificio permanece cerrado, su aspecto da ruína, la presencia de malezaj el deterioro visible de la fachada y la sensación de abandono generan inquietude entre quienes viven o transitan por el entorno. Se trata de una situación que no puede prolongarse indefinidamente y creemos que el Concello de Lugo no puede permitirse mantener durante más tiempo una situación como esta, tan visible y tan negativa para el vecindario y para quienes nos visitan. El abandono no sólo afecta a la estética urbana, sino también al ánimo de quienes viven cerca y al esfuerzo colectivo por mantener una ciudad más limpia, cuidada y atractiva. Va muy en relación con ese modelo de ciudad del que siempre hablan. Por ello rogamos al Gobierno municipal que establezca un plan de actuación específico para este entorno encaminado a favorecer la rehabilitación y el adecentamiento del edificio y de los espacios colindantes. Rogamos que impulse las gestiones necesarias para revertir el abandono y de volver a esa zona la dignidad urbana que merece. El objetivo es claro: mejorar la seguridad, la habitabilidad y la imagen urbana desta parte de la ciudad. Lugo necesita espazos dignos y cuidados y seguros. No podemos permitir que enclaves tan visibles sigan dando una impresión de abandono que perjudica tanto al vecindario como a la proyección exterior de la ciudad. Muchas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señor Díaz, e ten a palabra o señor Jorge Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas alcalde. Señor Díaz, eu entendo que se está referir a esta parte de aquí (ensina unha foto) que é a discoteca Valentino. Teño que informarlle de que non só á discoteca, senón tamén o mercado, o edificio de arriba, pertence a unha propiedade privada, vale? Xa me reunín con eles e teño constancia, a nivel de urbanismo, que xa está mirando de que maneira e que o uso poden darlle para que poidan investir alí e que sexa rendible para eles. É unha propiedade privada, e entón nós non podemos actuar aí. Entón aí non podo telo en consideración porque non podo actuar nunha propiedade privada na que, cando se ditan as orde de execución, as cumpren, porque cando rompen as portas as repoñen rapidamente, despois limpan e demais, Entón aí si que non podemos actuar.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois pasamos ao último rogo que temos previsto.

**D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 317/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE Á ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO AO MANTEMENTO DO SISTEMA DE DRENAXE NA ESTRADA N-540 E AO CONCELLO DE LUGO QUE MANTEÑA LIMPAS AS CUNETAS DA VÍA MUNICIPAL QUE DESEMBOCA NESA ESTRADA, CONCRETAMENTE NO PUNTO QUILOMÉTRICO 8.800.-** Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular, e atendendo ás demandas expresadas pola veciñanza de Lamas, solicitamos de maneira urxente a limpeza das cunetas da vía municipal que desemboca na estrada nacional N-540, concretamente no punto quilométrico 8.800, á altura da parada do autobús.

A falta de mantemento nesta vía municipal está a provocar que a auga da chuvia non circule correctamente, rematando por verterse e acumularse na estrada nacional. Esta situación está xerando unha balsa de auga na N-540, na parroquia de Lamas, que se forma de maneira recorrente cada vez que chove, comprometendo gravemente a seguridade viaria tanto para peóns como para condutores.

Cómpre salientar que esta acumulación de auga se debe á falta de limpeza do sistema de drenaxe na N-540 o que, ademais dun problema de seguridade, contribúe á progresiva deterioración do firme, agravando un problema que require actuacións coordinadas por parte das administracións competentes.

**Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que:**

- **O goberno municipal lle inste á Administración xeral do Estado, titular da vía, a actuar con dilixencia no mantemento do seu sistema de drenaxe.**
- **O Concello de Lugo manteña as cunetas das vías adxacentes limpas e nas debidas condicións para evitar que esta problemática continúe afectando á cidadanía.**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Señor Ameijide, ten palabra.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas alcalde. Falabamos antes de coordinación Deputación-Concello para o mantemento desa estrada provincial, e agora é pedir tamén coordinación, neste caso co Ministerio de Fomento, ou como lle queiramos chamar, pero, ben, do Goberno do Estado co Concello de Lugo, entendemos que é algo que non habería que pedir, pero que, neste caso, polo menos hai que recordar, á vista tamén de que moita coordinación, moita comunicación non debe haber, polo que acabamos de ver agora no parque, pero, ben. Centrándonos no punto que nos atinxe neste rogo, os veciños da parroquia de

Lamas trasládannos un problema na Nacional 540, concretamente no pk 8.8, á altura da parada de autobús ademais, que é un problema de inundacións ou que se xeran balsas de auga cando hai importantes precipitacións debido ao mal estado do drenaxe, tanto transversal da vía como no lonxitudinal das vías colindantes. En resumo, de que as cunetas e de que as obras de drenaxe están totalmente abandonadas e colapsadas, froito de anos sen mantemento, e o que pedimos, por unha banda que o Concello de Lugo limpe adecuadamente as cunetas e as obras de drenaxe, tanto as transversais como as lonxitudinais das vías municipais que hai na contorna da Nacional 540, que son as que están provocando esas balsas de augas na Nacional. Pedirlle tamén que dende o Concello se traslade a esa petición tamén ao Ministerio para que acometa tamén eses labores de mantemento ou de mellora necesarias na Nacional 540 para evitar por un lado as molestias que xera esa balsa de auga para os usuarios do transporte público, por suposto, para os veciños, pero tamén, evidentemente, o risco que provoca para condutores e demais unha balsa nunha estrada nacional cunha importantísima intensidade de circulación. Entendemos que é algo propositivo o que dicimos hoxe aquí e entendo que a isto non lle poderán sacar nin punta nin crítica posibles, simplemente hai que cumprir coas obrigacións de cada un.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitos grazas. Non sei se lle sacan punto ou non, pero ten a palabra a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Non, non lle sacou punta ningunha. Ata debemos facer o mesmo perecorrido, deberon de ir detrás de nós, porque os veciños de Lamas; concretamente, trasladáronnos esta mesma petición, que xa foi posta en coñecemento da Subdelegación.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois pasamos agora ás preguntas.

**PREGUNTAS:**

**A) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 318/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ARRANXO DA PISTA DO TAGARRO, NA PARROQUIA DE SANTALLA DE LAMAS.-** Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

En abril e en xuño do pasado ano, advertimos do mal estado da pista do Tagarro, na parroquia de Santalla de Lamas. En xuño, a concelleira de área contestou que levaba xa máis dunha semana arranxada, pero, como se pode ver nas fotos, a pista segue estando intransitable sendo un perigo constante para todos os vehículos que tratan de circular por ela.



O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

- **Cando se vai arranxar a pista do Tagarro?**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra a señora Rubinos. Cando queira.

DONA FLORA RUBINOS ROIS: En abril do 2024, este Grupo Municipal do Partido Popular presentou un rogo que advertía do mal estado da pista do Tagarro, na parroquia de Santalla de Lamas. Un mes despois, en maio do mesmo ano, formulouse tamén unha pregunta sobre esta mesma cuestión. Ante a falta de actuación por parte do Goberno local, a pesar do tempo transcorrido e as reiteradas advertencias, a pista continúa a día de hoxe en pésimas condicións, resultando intransitable en varios tramos e converténdose nun perigo constante para todos os vehículos que circulan por ela. Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante este Pleno a seguinte pregunta: Cando se vai arranxar definitivamente a pista do Tagarro?

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señora Rubinos. Contesta Ana Abelleira de novo.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: ... (Non se escoita) ... Antes de que Souto Carrillo a arránxase porque tiña unha fianza. Foi o madeirista que estragou e deixouna nas mesmas condicións... (voces de fondo inintelicibles) ... Vexo que non lle interesa resposta, entón ... EstR á arranxada nas condicións que as tiña que ter deixado. Eu non sei se pretenden outro tipo de arranxo, como tamén xa nos trasladaron os veciños de Lamas, que estivemos o outro día alí con eles. Gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas.

**B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 319/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA CESIÓN DO ESPAZO SOLICITADO NA PRAZA DE ABASTOS A PETICIÓN DO CEIP BENIGNO QUIROGA BALLESTEROS.-** Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

O CEIP Benigno Quiroga Ballesteros, situado na rúa Bolaño Rivadeneira, non dispón dun recurso fundamental como é o servizo de comedor escolar pola falta de espazo do centro, o que supón unha dificultade para moitas familias que necesitan conciliar a súa vida laboral e familiar.

Considerando a crecente demanda deste servizo e o interese por parte das familias, a dirección e o ANPA do CEIP trasladaron tanto a este grupo como ao goberno local a necesidade de buscar unha solución, que podería ser a cesión dos postos 50 e 51 da Praza de Abastos nos que había unha ludoteca infantil.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o Pleno, a seguinte pregunta:

- **O goberno local vai ceder o espazo solicitado na Praza de Abastos ou ofrecerá outra solución?**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois ten a palabra a señora Carballas. Cando queira.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO. Gracias. Traemos hoxe a este Pleno unha cuestión que preocupa a moitas familias do colexio Quiroga Ballesteros, que leva tempo padecendo unha carencia evidente: a ausencia dun servizo de comedor escolar. Esta falta de comedor non é un capricho nin unha comodidade, senón unha necesidade real para a conciliación da vida laboral e familiar de moitas nais e pais que traballan e que se ven obrigados a buscar alternativas complicadas e moitas veces custosas.
O motivo da ausencia de comedor e a falta de espazo nas instalacións do propio centro. Por elo tanto a dirección como a ANMPA levan tempo buscando unha solución viable e así o trasladaron tanto ao noso grupo como ao propio Goberno local.
A proposta que se nos trasladou foi a cesión dos postos 50 e 51 da Praza de Abastos, un espazo que acollía unha Ludoteca infantil e que, coas adaptacións necesarias, podería converterse nunha alternativa idónea para acoller o servizo de comedor do colexio. Falamos dun servizo básico, esencial, pero que tamén contribuiría ao benestar e a igualdade de oportunidades do alumnado, permitindo que poidan quedar a comer no centro, con independencia das condicións familiares.
Por iso dende o Grupo Municipal do Partido Popular queremos preguntar ante o Pleno se o Goberno local ten previsto ceder o espazo solicitado na Praza de Abastos ou, no seu defecto, facer outra alternativa que dea resposta a esta demanda tan xusta. Agardamos que o Goberno local nos dea hoxe unha resposta concreta e, sobre todo, unha solución efectiva para que o Colexio Quiroga

Ballesteros poida contar co servizo de comedor escolar que tanto necesita e que tanto merece. Moitas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Contesta a concelleira Iria Buide. Cando queira.

DONA IRIA BUIDE PENAS: É que non é competencia deste Goberno local proporcionar un espazo de comedores aos centros de ensino público, é competencia da Xunta de Galiza. Nós tamén nos reunimos, efectivamente, coa dirección do centro e coa ANMPA en varias ocasións e o que lle trasladabamos era a nosa total colaboración para para implantar o servizo, un servizo que por certo tampouco é competencia municipal, que se está asumindo porque non se asume dende a Xunta de Galiza, que sería quen tería que dar o servizo. Entón nós, iso, o que lles trasladábamos é que contan con toda a nosa colaboración para implantar o servizo, pero que non é competencia nosa proporcionarlles un espazo de comedor.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas.

**C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 320/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DUN CONVENIO PROPIO PARA OS/AS TRABALLADORES/AS QUE PRESTAN SERVIZOS NA LIMPEZA DE CENTROS, DEPENDENCIAS E CEIPS DO CONCELLO.-** Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

Na sesión plenaria correspondente ao mes de marzo de 2024, o Grupo Municipal do Partido Popular conseguía acadar unanimidade para que o Concello de Lugo estude as posibilidades legais e convencionais de aprobar o convenio propio para os traballadores e as traballadoras que prestan os seus servizos na limpeza de centros, dependencias e CEIPS do Concello.

Dende entón, preguntamos ata en dúas ocasións polos avances levados a cabo, pero tras un ano e sete meses a realidade é que non se materializou nada.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

- **Cales foron os avances levados a cabo e cando se materializarán?**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra de novo a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Entón entendemos que o Colexio Quiroga Ballesteros van quedar sen comedor porque se non lles ceden un espazo e non queren colaborar, ben.

Un unha vez máis teño que recordar que na sesión plenaria do mes de marzo do ano 2024, hai un ano e sete meses, este Pleno aprobou por unanimidade a proposta deste grupo de estudar as posibilidades legais e convencionais para aprobar un convenio propio para o persoal de limpeza dos centros, dependencias e colexios municipais. Acordamos todos dar un paso adiante no recoñecemento e dignificación deste colectivo, que realiza unha labor fundamental para o funcionamento diario das instalacións municipais e educativas, moitas veces en condicións laborais mellorables. É unha cuestión de xustiza laboral e de coherencia institucional. Despois dun ano e sete meses daquela aprobación, a realidade é que non se materializou ningún avance concreto. Xa preguntamos ata en dúas ocasións polos progresos realizados e a resposta sempre é a mesma, xa se traballando niso, pero aínda nin temos documentos, nin borradores, nin negociacións abertas coñecidas, nin calendario previsto. E non só iso, senón que este colectivo leva dende o 10 de abril, máis de ano e medio, esperando a que señor alcalde as reciba. Por iso volvemos a traer esta cuestión a Pleno, non só para reclamar unha resposta, senón para poñer enriba da mesa a necesidade de que este compromiso unánime non quede nun mero xesto político do Pleno. Porque detrás desta pregunta hai persoas, maioritariamente mulleres, que agardan que o Concello cumpra coa palabra dada, recoñecendo o seu esforzo e ofrecéndolles unhas condicións laborais dignas, estables e acordes coa realidade do servizo que prestan. Pedímoslle ao Goberno municipal que explique con claridade e transparencia cal foi o traballo realizado dende marzo de 2024 en relación coa creación deste convenio propio, sobre todo cando ten previsto o Executivo municipal que se materialice. Por favor, pedimos prazos concretos. Gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, pois estanse dando os pasos establecidos no Pleno ao que fai referencia, seguimos avanzando e como Goberno somos os que temos que actuar cando teñamos a información que teña a obriga o Goberno de dar conta ao Partido Popular, trasladaráselle.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben. Moitas grazas señora Abelleira.

**D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 321/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ABOAMENTO DO CONVENIO DO ANO 2024 COA ASOCIACIÓN PROTECTORA DE GATOS DA RÚA MICHOS DE LUGO.-** Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

A Asociación Protectora de Gatos da Rúa Michos de Lugo é unha entidade altruísta e sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía.

O Concello de Lugo ten subscrito un convenio de colaboración con esta asociación co obxectivo de promover a xestión ética integral das colonias de gatos da rúa para lograr unha integración harmónica destes animais co fin de impedir a súa proliferación descontrolada, fomentando deste xeito a salubridade dos barrios e o benestar da veciñanza. No Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo do período 2023-2025 figura a concesión dunha subvención de forma directa á referida asociación, firmándose o pasado 30/12/2024 o decreto de aprobación do convenio relativo ao ano 2024 por un importe de 15.000 €.

A raíz dunha reunión mantida coa entidade nos informan de que a xustificación do gasto xa foi presentada e aceptada, pero que a data de hoxe o importe segue sen pagarse. Isto provocou a asfixia económica, a paralización do programa CER 2025 e a redución drástica da atención veterinaria dos animais.

Por iso, e polas consecuencias que está xerando a falta de pagamento a Michos de Lugo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

- **Por que non se fixo efectivo o aboamento do convenio do ano 2024 e cando se fará?**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Nós interpretamos, recoñecemos a intelixencia e o coñecemento dos veciños e veciñas dos distintos barrios, dos traballos de todas as forzas políticas e quedou claramente demostrado o seu desprezo. Agora nesta pregunta... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Perdoe un momentiño, perdoe un momentiño... DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Estou no uso da palabra... ten que deixarame falar... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Si, pero ten que centrarse... Imos a ver, a pregunta di, voulle ler, ... DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Sra. Secretaria, estou no uso da miña palabra, non me deixa intervir... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Aboamento do convenio do ano 2024 coa Asociación protectora de gaos da rúa Michos de Lugo... Continúe pero céntrase á pregunta... DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Estou no uso da miña palabra... acaba de retirarme 30 segundos, interrompéndome...e simplemente contextualicei como contestualizaron todos os concelleiros... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Imos á cuestión... DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Queda demostrado que un Goberno tamén se define por como trata aos seus animais. O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ...

Vaille pasando o tempo, despois non se queixe... DONA ELENA CANDIA LÓPEZ... É que me está interrompendo... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... É que non se está centrando na pregunta. A pregunta é ben clara, cíngase á pregunta, argumente como queira, pero cíngase a pregunta e se quere outro debate, formúleo, que estaremos encantados... DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... É que non me deixa falar... Pídolle que reinicie o tempo ou que me dea o tempo que indebidamente se ma apropioU. O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Continúe. Tereino en conta. DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Tendo en conta que é unha das maneiras de xulgar aos gobernos dunha cidade, tamén é ver como trata aos animais, quedou claro, quedou claro que a Protectora de Animais e a súa legalización e a ampliación non é que non se podía, é que non se quería, E agora temos outra situación dentro da súa absoluta competencia, dentro da absoluta competencia da Alcaldía, tanto pola lei autonómica como pola lei estatal, que é o tratamento e coidado das colonias felinas, que unha entidade sen ánimo de lucro, cun compromiso enorme cos animais, vén facendo de xeito exemplar e que están afogando. Parar no seu traballo é volver moito atrás, e colonias que tiñan perfectamente coidadas e controladas polo afogamento económico ao que a están condenando non puideron avanzar e retrocederon. Hoxe pregúntolle: Por que non fixo efectivo o abono do convenio do ano 2024, e cando se fará? E tamén lle pregunto, señor alcalde: Por que non a recibe, porque non é transparente e, se hai algún problema, e evita que tiña que estar pedindo socorro en redes sociais e acudindo a todos os grupos políticos, que dentro do exercicio responsable do seu traballo, os recibe e, por moito que lle moleste, seguirá recibindo.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Considérase compensada do tempo? Si, podemos continuar? Pois voulle contestar eu directamente.
Mire vostede, nós á hora de xustificar ou de aprobar as xustificacións das distintas subvencións que damos aos diferentes colectivos, temos que ser moi estritos e moi rigorosos porque senón sería irresponsabilidade, iso leva un traballo de comprobación. Neste caso pois se lle vai aboar a subvención da protectora xunto coa de Michos, porque se tramita no servizo tecnicamente unha cousa similar. Estase traballando niso, estase traballando desde o servizo correspondente, comprobando todas as xustificacións Sabe, ademais, que no tema da protectora houbo certas discrepancias. Por tanto, queremos ser estritos, e dígolle que a moi curto prazo, se todo está correcto, recibirán a subvención tanto Protectora como a Asociación Michos. É unha cousa máis. A min directamente, ninguén da asociación Michos se dirixiu para pedir unha cita, desde que estou nesta casa, e non digo de alcalde, nunca xamais rexeitei una cita con ningún veciño ou veciña, e así vou a seguir. Moitas grazas

## D) MOCIÓNS DE URXENCIA

A SECRETARÍA XERAL DO PLENO advirte da presentación dunha moción de urxencia presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular o día 29 de outubro de 2025, número de Rexistro de Pleno 323/2025, baixo o epígrafe "**Moción de urxencia para garantir a continuidade do servizo nas escolas rurais de San Xoán do Campo,Calde, San Pedro, Coeses, Saá, Santa María de Bóveda, Santa Comba e Rubiás, evitando o peche dos locais mentres non se formalice o novo contrato**", indicando que para que poida ser tratada é preciso que con caracter previo a Corporación municipal declare a súa urxencia.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Entón, para evitar discrepancias, hai un tempo para motivar a urxencia, segundo o artigo do ROMP e, polo tanto, doulle a palabra e pídolle que se cinga a xustificación da urxencia e logo determinaremos entre todos coa votación se a consideramos urxente ou non. Ten a palabra.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Ben, é coñecido que o contrato remata o 31 de outubro o feito de que a data sexa inminente, podía non xustificar a urxencia, porque sabemos que moitos dos contratos, concretamente, 34 millóns de euros neste Concello están xestionados sen contrato. Entón entendiamos que a non licitación podían darnos tempo perfectamente, a rexistralo no Pleno ordinario, pero a información que traslada á empresa, a todos os centros, e que o día 1 de novembro deixara de prestar servizos en San Xoán do Campo, en Calde, en San Pedro, Coeses, Santa María de Bóveda, Santa Comba e Rubiás. Non nos dá tempo a rexistralo para o Pleno ordinario e, ao mesmo, tempo tamén hai que dicir que entendemos que é unha perda máis nun rural tan desprezado, entendemos que, dado que o Pleno do Concello é un espazo ao Pleno onde podemos facer valer os seus dereitos, non tería ningún inconveniente o Goberno en poder entrar ao debate tendo en conta que a partir do día un non hai servizo.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Si, pois non só estamos de acordo en que é necesario, senón que xa se está traballando niso. O contrato polo que se rexían os centros de día da administración estaba incluído dentro do máis xenérico de Benestar. Queremos dar efectivamente, remate a ese contrato, pero queremos darlle ao rural unha natureza especial, específica e

diferencial, porque cremos que é diferente e, por tanto, desde o servizo correspondente estase traballando para, canto antes, licitar un contrato para atender esas demandas que vostede me traslada.

## VOTACIÓN DA URXENCIA

Tras a xustificación efectuada, sométese a declaración de urxencia a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, e ao non haberse obtido o quórum de maioría absoluta legalmente requirido, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a urxencia da moción, polo que xa non se entra no análise do seu contido.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás trece horas e corenta minutos do expresado día trinta de outubro de dous mil vinte e cinco, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribirase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.**